Consello de Contas
de Galicia

# INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO EN ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES

# ÍNDICE

**I. INTRODUCIÓN ........ 11**

I.1. OBXECTO E ALCANCE ........ 12

I.2. LIMITACIÓNS ........ 13

I.3. NORMATIVA APLICABLE ........ 14

**II. SERVIZOS SOCIAIS DE RESPONSABILIDADE PÚBLICA PARA PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES ........ 16**

II.1. DESCRICIÓN DO SISTEMA ........ 16

II.2. SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL ........ 20

**III. PROCEDEMENTO E PRAZOS DE RECOÑECEMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL ........ 25**

III.1. FASES DO PROCEDEMENTO ........ 25

III.2. PRAZOS DE RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES ........ 27

**IV. CENTROS E PRAZAS RESIDENCIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA ........ 31**

IV.1. FORMAS DE PROVISIÓN E MODALIDADES DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL ........ 31

IV.2. CENTROS RESIDENCIAIS ........ 32

IV.3. PRAZAS RESIDENCIAIS PÚBLICAS ........ 40

**V. PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E SECTORIAL ........ 45**

**VI. ANÁLISE DOS INGRESOS E GASTOS DO SERVIZO RESIDENCIAL ........ 47**

VI.1. ASPECTOS XERAIS ........ 47

VI.2. O SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NO MARCO ORZAMENTARIO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA ........ 49

VI.3. GASTO RESIDENCIAL FRONTE Á PRESTACIÓN ECONÓMICA NO ÁMBITO FAMILIAR ........ 51

VI.4. PRESTACIÓN ECONÓMICA VINCULADA AO SERVIZO ........ 52

VI.5. COFINANCIAMENTO DO SERVIZO RESIDENCIAL ........ 54

**VII. CONTROL E AVALIACIÓN DA CALIDADE DO SERVIZO ........ 56**

VII.1. INSPECCIÓNS DO SERVIZO RESIDENCIAL ........ 57

VII.1.1. Aspectos xerais ........ 57

VII.1.2. Plans de inspección ........ 58

VII.1.3. Análise dos informes ........ 60

VII.2. RESULTADO DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL ........ 62

VII.3. AVALIACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO ........ 65

**VIII. ANÁLISE DO GASTO DAS RESIDENCIAS DE XESTIÓN DIRECTA ........ 67**

VIII.1. ASPECTOS XERAIS ........ 67

VIII.2. GASTOS DE PERSOAL ........ 69

VIII.3. GASTOS DE FUNCIONAMENTO ........ 73

**IX. ANÁLISE DO GASTO DAS PRAZAS PÚBLICAS XESTIONADAS DE FORMA INDIRECTA ... 74**

IX.1. ASPECTOS XERAIS ... 74

IX.2. PROCEDEMENTOS E CARACTERÍSTICAS XERAIS DA CONTRATACIÓN ... 76

IX.3. CONTROL DA LIQUIDACIÓN E FACTURACIÓN ... 81

**X. INVESTIMENTOS REAIS NOS CENTROS RESIDENCIAIS ... 83**

**XI. CONCLUSIÓNS ... 85**

**XII. RECOMENDACIÓNS ... 89**

**XIII. ALEGACIÓNS ... 91**

**XIV. RÉPLICAS ... 145**

**ANEXOS ... 161**

# ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Catálogo de servizos da Lei de dependencia ..... 18
Cadro 2: Oferta de prazas residenciais na Comunidade Autónoma de Galicia ..... 22
Cadro 3: Proxección da poboación galega a curto prazo ..... 24
Cadro 4: Centros públicos xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ..... 25
Cadro 5: Fases do procedemento e recoñecemento da situación de dependencia ..... 26
Cadro 6: Tempos medios de resolución dos PIA ..... 27
Cadro 7: Prazos medios de revisión dos PIA ..... 28
Cadro 8: Tempos de asignación do PAR para expedientes ordinarios ..... 29
Cadro 9: Número de expedientes de emerxencia social ..... 30
Cadro 10: Expedientes do PAR en espera de servizo residencial a 31 de decembro ..... 30
Cadro 11: Centros residenciais a 31 de decembro de 2016 ..... 32
Cadro 12: Residencias e fogares do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ..... 33
Cadro 13: Residencias concertadas coa Administración local ..... 34
Cadro 14: Evolución dos centros residenciais por tipoloxía ..... 35
Cadro 15: Centros propios xestionados pola Administración e de xestión externa a finais de 2016 ..... 36
Cadro 16: Centros residenciais con prazas concertadas en 2016 ..... 38
Cadro 17: Centros concertados por provincias ..... 39
Cadro 18: Prazas en centros de titularidade propia en 2016 ..... 41
Cadro 19: Prazas en centros de titularidade allea en 2016 ..... 41
Cadro 20: Evolución do número de prazas por tipoloxía ..... 43
Cadro 21: Persoas beneficiarias e prestacións a 31 de decembro de 2015 ..... 46
Cadro 22: Evolución do gasto dos programas *312D* e *312E*. Exercicios 2010-2015. (Euros) ..... 49
Cadro 23: Evolución interanual do gasto pola prestación do servizo de atención residencial. (Euros) ..... 50
Cadro 24: Evolución da prestación para coidadores no contorno familiar e do servizo de atención residencial. 2010-2015. (Euros) ..... 52
Cadro 25: Estimación da evolución das prestacións económicas vinculadas ao servizo. (Euros) ..... 53
Cadro 26: Evolución dos ingresos por prezos públicos derivados do servizo residencial. 2011-2015. (Euros) ..... 55
Cadro 27: Plans de inspección de centros de maiores 2010-2016 ..... 59
Cadro 28: Características das residencias fiscalizadas con xestión propia ..... 68
Cadro 29: Composición do persoal das residencias de maiores ..... 69
Cadro 30: Gastos de persoal das residencias xestionadas pola Administración. 2010-2015. (Euros) ..... 70
Cadro 31: Xornadas efectivas de permisos, vacacións e IT non cubertas. Ano 2014 ..... 72
Cadro 32: Evolución dos gastos de funcionamento das residencias xestionadas pola Xunta. (Euros) ..... 73
Cadro 33: Obrigas satisfeitas a entidades concesionarias. (Euros) ..... 75
Cadro 34: Contratos seleccionados adxudicados polo procedemento aberto no período 2010-2015. (Euros) ..... 79

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Evolución do número de centros residenciais segundo a forma de provisión ..... 39
Gráfico 2: Evolución da proporción dos centros residenciais segundo a forma de provisión ..... 40
Gráfico 3: Evolución do número de prazas residenciais segundo a forma de provisión ..... 44
Gráfico 4: Evolución da porcentaxe de prazas residenciais segundo a forma de provisión do servizo ..... 44

# ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1. Relación de expedientes de contratación fiscalizados ........ 163
Anexo 2. Avaliación do servizo de atención residencial ........ 164
Anexo 3. Mostra de residencias seleccionadas ........ 165

## ABREVIATURAS

| | |
|---|---|
| IPREM | Indicador público de renda de efectos múltiples |
| LAPAD | Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia |
| PAR | Programa de asignación de recursos |
| PIA | Programa individual de atención |
| RM | Residencia maiores |
| SAAD | Sistema para a autonomía e atención á dependencia |
| SISAAD | Sistema de información do sistema para a autonomía e atención á dependencia |

# I. INTRODUCIÓN

**1.1.** Nos últimos anos obsérvase un importante incremento da poboación maior de 65 anos e un aumento do colectivo de poboación con idade superior aos 80 anos. O INE estima que no ano 2021 a poboación española de 65 anos ou máis representará un 20,6% do total da poboación, e un 6,5% será maior de 80 anos. No ano 2061 o Instituto proxecta que o 38,7% da poboación será maior de 65 anos e o 21,1% terá 80 anos ou máis. Con datos de 1 de xaneiro de 2015, Galicia é unha das comunidades autónomas máis envellecidas, cunha proporción de persoas maiores de 65 anos dun 24%. Outras comunidades autónomas, como Castela e León e Asturias, presentan a mesma proporción de maiores respecto do total de poboación.

Tódalas análises apuntan a que o progresivo envellecemento da poboación vai ir acompañado dun incremento do número de persoas con algún grao de dependencia, por razóns de enfermidade e outras causas de discapacidade ou limitacións, debido á taxa de supervivencia de determinadas enfermidades crónicas, alteracións conxénitas e consecuencias derivadas dos índices de sinistralidade viaria e laboral. Por outra parte, o nivel de envellecemento da sociedade depende en gran parte dos indicadores cos que se mida. Se en vez de utilizar o umbral fixo da idade (65 anos) se establece un umbral móbil, usando a esperanza de vida, a vellez empezaría cando as persoas tiveran unha idade na que a esperanza de vida restante fose de 15 anos. Conforme a este umbral móbil, no ano 2015 o inicio da vellez sería de 71 anos para os homes e de 75 para as mulleres.

Na sociedade actual estanse producindo cambios no modelo de familia, en boa medida pola incorporación progresiva das mulleres ao mercado de traballo, que fan que sexa imprescindible a revisión do sistema tradicional de atención ás persoas dependentes co fin de asegurarlles unha prestación de coidados adecuada. Esta realidade porá a proba a capacidade e sostibilidade do sistema de atención á dependencia, sendo necesaria unha reflexión sobre o modelo que debe adoptar o Estado a fin de garantir os niveis de protección social impostos pola Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, baixo os criterios establecidos pola Unión Europea: universalidade, alta calidade e sostibilidade no tempo.

O desenvolvemento social acadado no noso país con posterioridade á aprobación da Constitución outorgou unha gran importancia aos servizos sociais, atendidos fundamentalmente desde os ámbitos autonómico e local coa colaboración da Administración estatal. O Estado, con competencia exclusiva para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos cidadáns no exercicio dos dereitos, creou a través da Lei 39/2006 un Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia coa colaboración e participación de tódalas Administracións públicas (SAAD).

Do exposto conclúese que os factores demográficos e sociais veñen determinando un aumento progresivo da poboación en situación de dependencia e que adquirirán maior relevancia nos próximos anos, e neste contexto debe enmarcarse a oportunidade deste traballo.

## I.1. OBXECTO E ALCANCE

**1.2.** O plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2016, aprobado polo Pleno do Consello o 4 de decembro de 2015, contempla a realización dun informe sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade. O importante volume de recursos económicos e centros residenciais dedicados á atención de persoas maiores e dependentes e de persoas con discapacidade dificulta que os traballos se poidan abordar nun único procedemento fiscalizador, polo que se optou por acotar o ámbito de fiscalización do informe previsto no programa de traballo para 2016 ao servizo de atención residencial a persoas maiores e dependentes.

O ámbito subxectivo de fiscalización correspóndese co ámbito de actuación da Consellería de Política Social e, dentro dela, da Secretaría Xeral Técnica, a Dirección Xeral de Maiores, as xefaturas territoriais, e as residencias de maiores seleccionadas para a comprobación de determinados aspectos sobre o funcionamento deses centros.

O ámbito de fiscalización non abrangue ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia, que xestiona a provisión pública de prazas residenciais para maiores. A misión primordial desta entidade é a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial ás nenas e nenos menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen.

Para a atención da dependencia, a Xunta vén destinando ano tras ano un importante volume de recursos aos programas orzamentarios *312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes* (272,59 millóns de euros no ano 2014 e 288,85 millóns no 2015) e *312E Servizos sociais de atención ás persoas maiores e con discapacidade (*50,42 millóns no ano 2014 e 27,19 millóns no 2015), acadándose un alto grao de execución no gasto (98%).

A análise da evolución do gasto efectuarase sobre un período temporal amplo que abranga cando menos a execución desde o exercicio 2010. A análise das medidas e actuacións referirase ao

exercicio 2014; sen embargo, cando os obxectivos establecidos o requiran, estenderase indistintamente aos exercicios anteriores dos que traian causa os expedientes analizados, ou a feitos posteriores que teñan causalidade no exercicio fiscalizado.

Para efectuar unha análise o máis actualizada posible, cando no momento da fiscalización se dispuxo de información de exercicios posteriores ao ano 2014 tomáronse os datos máis recentes. Por isto en distintos apartados do informe figuran datos dos anos 2015, 2016 ou 2017.

Os obxectivos xerais da fiscalización son a análise da evolución do gasto público autonómico nesta materia tendo en conta o financiamento dispoñible; a análise das medidas previstas no Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 no referido ao mantemento e creación de novas prazas residenciais; a evolución do número de prazas e a súa distribución segundo a titularidade e grao de ocupación dos centros; a verificación da regularidade dos procedementos de xestión e control da prestación do servizo; na medida do posible, a verificación da eficacia, eficiencia e economía da prestación do servizo de atención residencial con independencia da forma de provisión (propia ou externa) ou da modalidade de xestión (directa/indirecta) elixida.

## I.2. LIMITACIÓNS

**1.3.** Os traballos de fiscalización realizáronse coa colaboración do persoal responsable dos servizos encargados da xestión dos programas orzamentarios, porén na obtención da información encontráronse determinadas limitacións, sendo as máis significativas as seguintes:

- A análise económica do gasto pola prestación do servizo residencial nos centros propios xestionados pola Consellería viuse condicionada pola inexistencia dun concepto orzamentario específico que o recolla de xeito exclusivo. Rexístranse conxuntamente os gastos derivados dos servizos de atención residencial, centros de día e centros sociocomunitarios.

- A análise da contratación do servizo residencial mediante concesións e concertos fixo necesario o exame de contratos que nalgúns casos se realizaran con máis de 10 anos de antelación. Este feito condicionou a obtención de información precisa e puxo de manifesto deficiencias do arquivo dos expedientes, o que dificultou a achega de documentación polos actuais responsables da xestión.

- Encontráronse dificultades para determinar o custo do servizo residencial prestado en centros propios xestionados con medios da Xunta de Galicia, entre outros factores porque nalgunhas residencias localízanse no mesmo centro residencial centros de día e centros sociocomunitarios. Nestes casos non se pode discriminar o gasto correspondente a cada un destes servizos. Tampouco

se dispón de información dos gastos de amortización dos inmobles. Por outra parte, o feito de que nalgunhas residencias de carácter mixto se presten servizos a maiores dependentes e maiores válidos, con custos non homoxéneos, non permite efectuar un estudo preciso. Tamén, ao longo do período analizado as residencias de Ferrol, As Gándaras e Porta do Camiño en Santiago non acadaron un grao de ocupación total con motivo da realización de obras para mellorar as instalacións, o que conlevou un menor gasto de funcionamento.

## I.3. NORMATIVA APLICABLE

**1.4.** Normativa de ámbito estatal máis relevante:

• Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

• Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

• Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006.

• Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

• Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

• Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

• Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006.

• Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de protección establecido na Lei 39/2006.

• Orde SSI/2371/2013, do 17 de decembro, pola que se regula o Sistema de información do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

• Real decreto 291/2015, do 17 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006.

• Acordos adoptados polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do SAAD (Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia).

**1.5.** Normativa de ámbito autonómico máis relevante:

• Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

• Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención (PIA) e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

• Decreto 148/2011, do 7 de xullo, polo que se modifica o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

• Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.

• Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

• Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

• Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

• Orde do 18 de abril de 1996, que desenvolve o Decreto 243/1995 no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

• Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

# II. SERVIZOS SOCIAIS DE RESPONSABILIDADE PÚBLICA PARA PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES

## II.1. DESCRICIÓN DO SISTEMA

**2.1.** A Constitución española refírese, nos artigos 49 e 50, a un sistema de servizos sociais promovido polos poderes públicos que permita garantir a protección e atención particulares que necesitan determinados colectivos como as persoas maiores ou as persoas con discapacidade.

Coa aprobación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (LAPAD), creouse un novo dereito subxectivo no ámbito estatal para atender as necesidades daquelas persoas que necesitan apoio para o desenvolvemento das actividades esenciais da vida diaria e para acadar unha maior autonomía persoal. O Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) foi creado coa colaboración de tódalas Administracións públicas como un conxunto de servizos, prestacións económicas e axudas. As comunidades autónomas completan o nivel mínimo do SAAD e asumen unha relevante participación na súa cumprimentación.

**2.2.** O artigo 2.2 da Lei 39/2006 indica que a dependencia é un estado de carácter permanente no que se encontran as persoas que precisan da atención doutras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.

A dependencia, a calquera idade, pode estar producida pola enfermidade ou a discapacidade, e está ligada á perda da autonomía física, intelectual ou sensorial. A lei clasifica as situacións de dependencia en tres graos: grao I (dependencia moderada), grao II (dependencia severa) e grao III (gran dependencia).

O grao I (dependencia moderada) é no que están aquelas persoas que necesitan axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, cando menos unha vez ao día ou teñen necesidade de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

O grao II (dependencia severa) é aquela situación na que están as persoas que necesitan axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero non requiren o apoio permanente dunha persoa coidadora.

O grao III (gran dependencia) é no que están as persoas que necesitan axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física,

mental, intelectual ou sensorial, necesitan o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou teñen necesidade de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Por outra parte, para os efectos desta lei, unha persoa con autonomía é capaz de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, así como desenvolver as actividades básicas da vida diaria.

**2.3.** O SAAD é o conxunto de dispositivos asistenciais, prestacións económicas e axudas destinadas á promoción da autonomía persoal e á atención ás persoas en situación de dependencia, que garante as condicións básicas e o contido común do dereito e serve de canle para a colaboración e participación das Administracións públicas, no exercicio das súas respectivas competencias.

A protección da situación de dependencia por parte do SAAD préstase en tres niveis: o nivel de protección mínimo establecido pola Administración xeral do Estado (AGE); o nivel de protección que se acorde entre a Administración xeral do Estado e a Administración de cada unha das comunidades autónomas a través de convenios; e o nivel adicional de protección que poida establecer cada comunidade autónoma.

A implantación gradual e progresiva do SAAD culmina no exercicio 2015. No ano 2009 acceden ao servizo e prestacións económicas as persoas cun maior grao de dependencia (grao III) e as dependencias severas (grao II), incorporándose de xeito paulatino as dependencias moderadas.

As prestacións do SAAD clasifícanse en servizos e prestacións económicas que, salvo excepcións, son incompatibles.

O catálogo de servizos comprende os seguintes: a) servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal; b) servizo de teleasistencia; c) servizo de axuda a domicilio, atención ás necesidades do fogar e coidados persoais; d) servizo de centro de día e de noite; e) servizo de atención residencial, con residencias para maiores e centros de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade.

O catálogo das prestacións económicas contempla as seguintes: a) prestación económica vinculada ao servizo, que se aboará cando non sexa posible o acceso a un servizo, público ou concertado, e se acredite a adquisición directa do servizo polo beneficiario; b) prestación económica para o coidado no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais, á que se atribúe un carácter excepcional; c) prestación económica de asistencia persoal, coa que se contribúe á contratación dunha asistencia persoal que facilite ao beneficiario o acceso á educación e ao traballo, así como a unha vida autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria.

De forma esquemática reflíctese no seguinte cadro:

**Cadro 1: Catálogo de servizos da Lei de dependencia**




**2.4.** A Lei de dependencia sitúase dentro das competencias exclusivas asignadas ao Estado. O artigo 149.1 da Constitución española dispón que o Estado ten competencia exclusiva sobre "a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais".

A AGE, ao amparo do disposto no artigo 148 da Constitución, que prevé que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social, traspasou a todas as comunidades autónomas a xestión das funcións e servizos que viña prestando o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO).

Así, corresponde á Administración xeral do Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos derivados da situación de dependencia. Porén, o recoñecemento do dereito á dependencia e a xestión das prestacións derivadas corresponde ás distintas comunidades autónomas. O principio de cooperación administrativa que inspira a Lei de dependencia articulouse a través do Consello territorial de servizos sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Polo que se refire á regulación na Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia outórgalle a aquela a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os servizos e prestacións económicas recollidas na Lei 39/2006 integráronse no Sistema Galego de Servizos Sociais, que se prestarán, con carácter prioritario, a través de centros e servizos públicos ou privados concertados, debidamente acreditados. O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención (PIA), e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

O SAAD determina que os servizos que forman parte do sistema deben reunir unha serie de condicións para que poidan ser acreditados pola Comunidade Autónoma. A Consellería competente ten a obriga de garantir o cumprimento dos requisitos e estándares de calidade.

Para garantir a dispoñibilidade da información e a comunicación recíproca entre as Administracións Públicas, así como a compatibilidade e a articulación dos distintos sistemas, creouse un Sistema de información do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SISAAD).

**2.5.** O financiamento das prestacións e servizos do SAAD establecido pola Lei 39/2006 constará de tres partes: as achegas anuais da Administración do Estado (AGE), as da comunidade autónoma, e o copago da persoa beneficiaria. O sistema establece un mínimo de protección (cuxo financiamento é asumido exclusivamente pola AGE), que se completa con achegas adicionais da propia AGE e das comunidades autónomas –as achegas destas últimas deben igualar, ao menos, ás da AGE–.

Así, a AGE, a través do IMSERSO, financia o nivel mínimo de protección en función do número de beneficiarios e do grao de dependencia recoñecido. Este nivel mínimo pode incrementarse mediante a subscrición de convenios anuais ou plurianuais coas comunidades autónomas, segundo o artigo 10 da Lei de dependencia. Porén, a posibilidade deste incremento encóntrase en suspenso mediante disposicións legais anuais (leis de orzamentos xerais do Estado) desde o ano 2012. A achega anual de cada comunidade autónoma debe ser como mínimo igual á da AGE, tanto en concepto de nivel mínimo de protección garantido como, no seu caso, en concepto de nivel acordado mediante convenios. Ademais, as comunidades autónomas, en función dos seus recursos, teñen capacidade para poder definir niveis de protección adicionais con cargo ás súas dispoñibilidades orzamentarias.

Por outro lado, as persoas beneficiarias das prestacións de dependencia participarán no custo dos servizos que reciben en función da súa capacidade económica, determinada pola renda e polo patrimonio. En calquera caso, ningunha persoa quedará fóra da cobertura do sistema por non

dispoñer de recursos económicos. A capacidade económica tamén se ten en conta para a determinación da contía das prestacións. O Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de protección establecido na Lei 39/2016, do 14 de decembro, modifica o sistema de cálculo do nivel mínimo de protección, que se fará considerando as variables de número de beneficiarios, grao de dependencia e prestación concedida, primando a prestación de servizos sobre a prestación económica por coidados no contorno familiar.

**2.6.** O procedemento de aplicación da Lei de dependencia, que se inicia a partir da solicitude da persoa interesada, comprende dous procedementos administrativos. O primeiro consiste en valorar e recoñecer a situación de dependencia, coa determinación dun grao, e dá lugar á emisión polo órgano autonómico competente da resolución de recoñecemento do grao de dependencia. O segundo procedemento conclúe na elaboración do programa individual de atención (PIA), no que se determina a prestación máis adecuada. Posteriormente, o órgano autonómico correspondente emite a resolución de recoñecemento da prestación. A lei establece que entre a solicitude e o recoñecemento da prestación non debe transcorrer un prazo maior de 6 meses.

## II.2. SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL

**2.7.** A Consellería de Política Social é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde, de acordo co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito social. Asume as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de atención ás persoas maiores, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O exercicio destas funcións desenvólvese fundamentalmente a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, á que lle corresponde dirixir, controlar, exercer e supervisar as políticas da Consellería en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas dependentes, en aplicación da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, de dependencia.

A Secretaría Xeral Técnica dirixe e xestiona os servizos comúns da Consellería e vela pola organización, simplificación e racionalización administrativa. Exerce as funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de control, inspección, acreditación e sancionador, de ser o caso, así como a súa coordinación cos demais órganos e coas xefaturas

territoriais en aplicación e de conformidade coa Lei de servizos sociais de Galicia e da Lei de dependencia.

A fiscalización céntrase no servizo de atención en centros residenciais, destinados a vivenda permanente e común, nos que se presta unha atención integral e continuada ás persoas maiores e dependentes que non contan con apoio social ou familiar, ou este é insuficiente para atender as súas necesidades. Os centros residenciais poden contar con prazas para a atención a persoas que se atopan en situación de dependencia por perda da autonomía física ou psíquica, ou a persoas maiores con autonomía que lles permite realizar por si mesmas as actividades de autocoidado. Tamén integran o servizo residencial os apartamentos tutelados, consistentes nun conxunto de vivendas independentes, pero agrupadas, para a prestación en común dunha serie de servizos colectivos. Trátase dun sistema de aloxamento e convivencia alternativo ao tradicional internamento en residencias.

**2.8.** A 31 de decembro de 2014 a Comunidade Autónoma galega contaba cunha oferta de prazas residenciais integrada por un total de 19.271 prazas, das cales 6.746 están ofertadas e financiadas pola Xunta de Galicia a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia, mentres que as restantes 12.525 prazas son ofertadas e xestionadas por entidades de carácter privado, o que supón que un 65% das prazas existentes na Comunidade Autónoma son de oferta privada. Este volume total de prazas residenciais da comunidade galega incrementouse nos sucesivos exercicios ata a actualidade tanto na vertente de prazas financiadas como non financiadas, chegando ata 19.986 prazas en 2015, cunha porcentaxe de prazas financiadas dentro da Comunidade Autónoma respecto do total de prazas que amosa un continuo decrecemento, desde o 35,8% en 2012 ata o 34,1% no exercicio 2015, mentres a porcentaxe de prazas privadas ofertadas en réxime de mercado se incrementa.

**2.9.** Unha medida xeralmente empregada para o estudo da suficiencia destas prazas consiste na taxa de praza residencial por habitante maior de 64 anos. No seguinte cadro amósase a evolución das prazas no período 2012-2015 atendendo á súa tipoloxía (prazas financiadas polo sistema e prazas autorizadas non financiadas), e a súa relación cos datos da poboación maior de 64 anos:

**Cadro 2: Oferta de prazas residenciais na Comunidade Autónoma de Galicia**

| Ano | Prazas financiadas | | Prazas non financiadas | | Total prazas autorizadas | Poboación >64 | Prazas totais / Poboación >64 | Prazas financiadas / Poboación>64 anos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | | | | |
| 2012 | 6.655 | 35,8% | 11.948 | 64,2% | 18.603 | 635.879 | 2,93% | 1,047% |
| 2013 | 6.631 | 34,9% | 12.381 | 65,1% | 19.012 | 640.263 | 2,97% | 1,036% |
| 2014 | 6.746 | 35,0% | 12.525 | 65,0% | 19.271 | 648.045 | 2,97% | 1,041% |
| 2015 | 6.806 | 34,1% | 13.180 | 65,9% | 19.986 | 655.907 | 3,05% | 1,038% |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Política Social e datos da poboación publicados polo IGE

A evolución no período amosa un crecemento da taxa de referencia desde o 2,93% do ano 2012 ata o 3,05% acadado no exercicio 2015. Advírtese unha maior intensidade de crecemento da actividade privada, o que supón que a ratio da oferta de prazas públicas sobre esta poboación descenda, pasando do 1,047% no ano 2012 ata o 1,038% no 2015. Así mesmo, constátase o elevado peso da oferta privada, que acada no exercicio 2015 o 65,9% do total de prazas residenciais na Comunidade Autónoma.

**2.10.** Segundo as estatísticas de residencias contidas no informe *Envejecimiento en red*[1], con datos de decembro de 2013, a ratio de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 e máis anos, no conxunto do Estado español, é do 4,22%; en Galicia, esta ratio ten un valor do 2,97% segundo datos ofrecidos pola Consellería de Política Social, un dos máis baixos de España. Existe unha alta variabilidade entre comunidades autónomas, que conleva diferenzas de ata tres veces máis cobertura nunhas con respecto a outras; así, a ratio da Comunidade Autónoma de Castela e León é do 7,20% e as correspondentes a Murcia e Ceuta son dun 2,27% e 2,08%, respectivamente. Na perspectiva internacional, España sitúase na franxa baixa dos países desenvolvidos, cun promedio de 4,22 prazas por cada 100 habitantes de 65 e máis anos, lonxe de países como Francia (cun índice de 6,3), Alemaña (5,4), ou Suecia (5,1).

Os datos que reflicten as estatísticas de residencias do citado informe en xuño de 2015 amosan unha lixeira diminución de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 e máis anos, na ratio do conxunto do Estado español (4,19) e unha mellora na ratio da Comunidade Autónoma de Galicia, que pasa a ser dun 3,05 nese período segundo os datos da Consellería de Política Social. Non

[1] O obxectivo do informe *Envejecimiento en red* é dar a coñecer unha aproximación do número de centros e prazas residenciais por provincias segundo consta no mapa de recursos do portal EN-RED, e presentar unha ratio de equipamentos de prazas respecto de persoas de 65 ou máis anos de cada comunidade autónoma. Estas estatísticas non son oficiais, a competencia sobre servizos sociais e residencias están transferidas ás comunidades autónomas, últimas responsables do control e supervisión destes equipamentos colectivos. Cada comunidade autónoma pode ofrecer datos de centros e prazas baixo a súa competencia.

obstante, mantense unha baixa taxa de prazas residenciais na Comunidade con respecto ao 5% que recomenda a Organización Mundial da Saúde.

A distribución de prazas é moi desigual en Galicia, sendo Ourense a provincia que conta coa ratio máis elevada e que supera ademais a media do conxunto do Estado español; no ano 2013, nesta provincia a ratio situouse nun 4,86% fronte ao 2,39% da provincia de Pontevedra, e no ano 2015 foi a que maior incremento experimentou, ata situarse nun 5,34%. Polo tanto, no ámbito territorial obsérvase certa disparidade nas condicións de acceso ao servizo residencial, tendo en conta que estamos ante un sistema que debe priorizar os servizos de proximidade, procurando que o maior ou dependente resida cerca do seu ambiente familiar.

En canto á porcentaxe de prazas residenciais segundo a súa consideración de públicas ou privadas, con datos do referido informe[2] a 30 de xuño de 2015 a distribución para o conxunto de España reflicte un 72,6% de prazas privadas fronte a un 27,1% de públicas, cunha importante variabilidade entre comunidades autónomas. Só dúas comunidades amosan un maior peso de prazas públicas respecto das privadas (Melilla cun 65,1% e Extremadura cun 53,7%), e no resto a situación reflicte unha preponderancia de prazas privadas onde só dúas presentan unha situación de certo equilibrio (Baleares cun 45,1% e Canarias co 48%). Segundo o informe, de novo destaca Ourense, onde as prazas públicas representan o 16,9% do total, fronte á Coruña cun 25,9%. En Lugo e Pontevedra as prazas públicas representan un 20,5% e un 20,9%, respectivamente, do total de prazas.

**2.11.** O seguinte cadro ofrece os datos de proxección de poboación para Galicia a curto prazo, onde o valor de referencia, consistente en persoas maiores de 64 anos, evidencia un continuo crecemento en contraste coa diminución da poboación para o mesmo período. Así, os datos para o quinquenio 2018-2022 amosan como a poboación maior de 64 anos increméntase a unha media de 6.767 persoas/ano á vez que a poboación global diminúe para o mesmo período a unha media de 13.648 persoas/ano. O mantemento nos actuais niveis da prestación do servizo residencial tendo en conta o envellecemento da poboación galega esixirá un continuo incremento de prazas residenciais ao sistema. De feito, o mantemento da taxa do 3,05% de prazas residenciais sobre a poboación maior de 64 anos esixirá a incorporación dunha media de 237 prazas anuais ao sistema.

[2] Sen datos do 0,3%.

**Cadro 3: Proxección da poboación galega a curto prazo**

| Ano | Poboación total | Diminución respecto ao exercicio anterior | Poboación > de 64 anos | Incremento sobre o exercicio anterior | Porcentaxe de poboación maior de 64 anos |
|---|---|---|---|---|---|
| 2017 | 2.709.424 | | 663.842 | | 24,50% |
| 2018 | 2.696.314 | (13.110) | 670.523 | 6.681 | 24,87% |
| 2019 | 2.682.919 | (13.395) | 676.867 | 6.344 | 25,23% |
| 2020 | 2.669.250 | (13.669) | 683.166 | 6.299 | 25,59% |
| 2021 | 2.655.325 | (13.925) | 689.707 | 6.541 | 25,97% |
| 2022 | 2.641.181 | (14.144) | 697.677 | 7.970 | 26,42% |

Fonte: IGE proxeccións de poboación a curto prazo

**2.12.** A Xunta de Galicia prové o servizo de atención residencial mediante centros propios e centros externos de titularidade privada ou municipal a través de concertos. Os centros propios adoptan dúas modalidades de xestión, directa ou indirecta, segundo que a Administración asuma o servizo cos seus propios medios ou o contrate con entidades privadas mediante o sistema de concesión. No ano 2014 a Xunta conta con 30 centros residenciais de titularidade propia, dos que 19 están xestionados directamente con medios propios e os 11 restantes son xestionados por empresas ou fundacións externas.

Ademais, a Xunta ten concertadas prazas en 72 centros residenciais, dos que tres son de titularidade municipal, 33 centros de titularidade privada con ánimo de lucro, e 36 entidades de iniciativa social. A práctica totalidade das prazas concertadas son prazas para persoas con dependencia.

**2.13.** En Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, organismo xestor de diversos equipamentos para a atención integral a persoas maiores, xestiona 50 prazas en centros residenciais, 156 prazas en fogares residenciais (para persoas maiores con dependencia leve ou moderada) e 96 en vivendas comunitarias (onde se prestan servizos colectivos a persoas cun alto grao de independencia). O acceso aos centros residenciais do Consorcio terá lugar de xeito prioritario a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia e, subsidiariamente, mediante o procedemento de libre concorrencia.

No seguinte cadro reflíctese a distribución nas catro provincias galegas das prazas xestionadas polo Consorcio[3].

**Cadro 4: Centros públicos xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**

| Provincia | Centro de día | Fogar residencial | Centro residencial | Vivenda comunitaria |
|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 1.048 | 92 | 50 | 36 |
| Lugo | 318 | 0 | 0 | 54 |
| Ourense | 316 | 46 | 0 | 6 |
| Pontevedra | 500 | 18 | 0 | 0 |
| **Total Galicia** | **2.182** | **156** | **50** | **96** |

Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada polo Consorcio na súa páxina web

# III. PROCEDEMENTO E PRAZOS DE RECOÑECEMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL

## III.1. FASES DO PROCEDEMENTO

**3.1.** O acceso a un servizo residencial dentro do catálogo do Sistema para a autonomía e atención á dependencia require dunha resolución previa na que por parte dos poderes públicos se recoñeza un determinado grao e nivel de dependencia, e se proceda á elaboración dun posterior programa no que se contemple que a medida máis axeitada de atención é o servizo residencial.

O procedemento para o recoñecemento do grao e nivel de dependencia iníciase a instancia da persoa interesada que poida estar afectada por algún grao de dependencia.

Posteriormente, e trala valoración efectuada polos técnicos da Consellería con base nos informes de saúde e do contorno habitual, e coa aplicación dos baremos correspondentes, o órgano de valoración e asesoramento da dependencia emite o ditame-proposta co diagnóstico e grao de dependencia. Finalmente, o recoñecemento efectivo da situación de dependencia realizarase

[3] A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto aos municipios galegos que se incorporen voluntariamente, constitúense por vía convenial en consorcio para a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria cando así o solicite o concello interesado) no ámbito territorial dos entes consorciados e, con atención especial á xestión integral das escolas infantís, con sometemento directo.
O Consorcio ten a condición de entidade de dereito público, de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferente da dos entes consorciados, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e disporá dun patrimonio propio.
A misión principal do Consorcio é a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial ás nenas e nenos menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen. Entre as competencias do Consorcio, no ámbito territorial dos entes consorciados, encóntranse a participación na definición dos criterios xerais que orienten as políticas de benestar social; a determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación dos servizos; e o seguimento, avaliación e control do cumprimento das directrices que, respecto da prestación dos servizos, estableza o Consorcio.
A administración directa dos centros será exercida polos concellos integrantes do Consorcio que así o soliciten, e sempre de acordo coas directrices xerais emanadas do Consorcio.

mediante resolución expedida pola persoa titular do departamento territorial da Consellería de Política Social, indicando os servizos e a prestación económica que, dentro do catálogo do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, correspondan en base ao grao e nivel sinalado. Este procedemento debe resolverse no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente.

Unha vez recoñecida a situación de dependencia, impulsarase de oficio o procedemento para a elaboración do programa individual de atención (PIA), no que se sinalan as modalidades de intervención máis axeitadas ás necesidades do interesado de entre os servizos e prestacións económicas previstas na resolución do grao e nivel de dependencia. Este procedemento ten sinalado un prazo máximo de resolución de tres meses desde a data de resolución do grao e nivel de dependencia. Polo tanto, o prazo para a elaboración do PIA desde a entrada da solicitude no órgano competente queda establecido nun máximo de seis meses.

**Cadro 5: Fases do procedemento e recoñecemento da situación de dependencia**



## III.2. PRAZOS DE RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES

**3.2.** A este respecto, a seguinte táboa amosa para o período 2007-2015 os prazos medios de tramitación dos expedientes de resolución de PIA. Reflíctense unicamente os casos nos que, en atención ao grao de dependencia do interesado, o PIA considerou como máis axeitada a prestación do servizo de atención residencial. O prazo compútase desde o momento da presentación da solicitude ata o momento da emisión da resolución do PIA. No cadro aparecen diferenciados aqueles expedientes que se presentan con expectativa de praza residencial por parte do solicitante daqueloutros que non inclúen a praza residencial como expectativa na solicitude aínda que finalmente se incluíra no PIA[4].

**Cadro 6: Tempos medios de resolución dos PIA**

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº expedientes con expectativa de residencia | 1 | 8 | 11 | 187 | 2.140 | 1.682 | 1.233 | 1.104 | 1.499 | **7.865** |
| Tempo medio de tramitación (días) | 141 | 333,88 | 387,09 | 243,20 | 156,20 | 207,81 | 219,96 | 249,66 | 331,47 | |
| Nº expedientes sen expectativa de residencia | 59 | 1.558 | 1.787 | 1.654 | 2.329 | 1.067 | 643 | 487 | 548 | **10.132** |
| Tempo medio de tramitación (días) | 145,71 | 259,87 | 428,29 | 500,63 | 569,21 | 630,75 | 615,90 | 742,57 | 787,29 | |
| **Nº de expediente totais** | **60** | **1.566** | **1.798** | **1.841** | **4.469** | **2.749** | **1.876** | **1.591** | **2.047** | **17.997** |
| **Tempos de tramitación total PIA** | **145,63** | **260,25** | **428,03** | **474,48** | **371,44** | **371,97** | **355,67** | **400,54** | **453,50** | |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

Ao longo do período analizado 2007-2015 resolvéronse un total de 17.997 expedientes de PIA nos que se incluía a praza residencial como medida de intervención máis axeitada, dos cales 10.132 non contemplaban como expectativa por parte da persoa solicitante a prestación do servizo residencial, mentres que os restantes 7.865 presentaban desde o inicio esta expectativa. As resolucións de PIA incrementáronse continuamente desde 2007 ata o exercicio 2011, que amosa o pico máis alto con

[4] O informe do Tribunal de Cuentas nº 1.035, aprobado polo Pleno do Tribunal o día 29 de maio de 2014, referido ás medidas de xestión e control adoptadas polas Comunidades Autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, analiza comparativamente os prazos medios de recoñecemento das prestacións do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 30 de abril de 2013, repecto dos correspondentes ás prestacións recoñecidas ata o 31 de decembro de 2010. Esta comparativa non se refire aos tempos medios de tramitación no procedemento de concesión da prestación do servizo residencial senón á totalidade das prestacións derivadas da Lei de dependencia. O informe conclúe que nove comunidades autónomas incumpliron o prazo máximo de seis meses establecido na Disposición final primeira da Lei 39/2006 para o recoñecemento do dereito á prestación de dependencia. No seu conxunto, o prazo medio de resolución, a nivel nacional, ascendeu a un total de 219 días (algo máis de sete meses). O incumprimento máis significativo prodúcese nas comunidades autónomas de Andalucía, Principado de Asturias, Comunidade Valenciana e Extremadura, nas que o prazo supera os 300 días (case dez meses). A Comunidade Autónoma de Galicia, a 30 de abril de 2013, tardaba unha media de 164 días en tramitar os procedementos da totalidade das prestacións derivadas da Lei de dependencia. No conxunto das comunidades autónomas, a galega ocupaba o sétimo posto entre as que acadaron menores tempos medios de tramitación dos procedementos, onde as que máis tardaban eran Asturias, con 475 días, e Valencia con 438 días, e as que menos Cantabria con 60 días e A Rioxa con 78.

4.469 resolucións, a partir do cal empeza a decrecer, agás no exercicio 2015 que amosa outro incremento.

**3.3.** En canto aos tempos medios de tramitación, estes oscilan entre os 145 días de 2007 e os 453 días en 2015, constituíndo este o dato máis elevado do período analizado. Agás no primeiro exercicio (onde o número de solicitudes é moi inferior a calquera outro exercicio), en todos os demais o prazo medio de tramitación está moi por riba dos 6 meses que marca a lexislación. Os tempos medios de tramitación adoitan ser superiores no caso de que os solicitantes non inclúan a opción residencial como preferente dentro do catálogo de servizos e prestacións económicas.

## Revisión dos programas individuais de atención

**3.4.** O acceso a prazas residenciais tamén pode producirse nos casos nos que se proceda a unha revisión dun previo programa individual de atención que non contemplaba o servizo residencial como modalidade de intervención máis axeitada. Esta revisión do PIA pode ter lugar debido a diversas causas, como unha revisión do grao e nivel de dependencia, por traslado de residencia á Comunidade Autónoma galega, por proposta do responsable de seguimento do PIA en vigor, ou cando outras circunstancias o aconsellen.

**3.5.** A estes efectos, o cadro seguinte amosa o prazo medio de tramitación das revisións dos programas individuais de atención que determinaron a inclusión do servizo residencial como modalidade de intervención.

**Cadro 7: Prazos medios de revisión dos PIA**

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº expedientes con expectativa de residencia | | 1 | 10 | 86 | 293 | 525 | 1.530 | 2.149 | **4.594** |
| Tempo medio de tramitación (días) | | 147 | 73,47 | 16,06 | 14,78 | 23,78 | 16,87 | 27,21 | |
| Nº expedientes sen expectativa de residencia | 2 | 74 | 423 | 929 | 1.014 | 1.013 | 2.409 | 2.949 | **8.813** |
| Tempo medio de tramitación (días) | 1 | 57,88 | 72,14 | 46,81 | 20,99 | 19,24 | 15,85 | 33,87 | |
| **Nº de expedientes totais** | **2** | **75** | **433** | **1.015** | **1.307** | **1.538** | **3.939** | **5.098** | **13.407** |
| **Tempos de tramitación total PIA** | **1** | **59,07** | **71,54** | **44,20** | **19,60** | **20,79** | **16,25** | **31,06** | |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

As solicitudes de revisión do PIA tramitadas no período 2008-2015 suman un total de 13.407 expedientes, dos cales a meirande parte non contemplaban entre as súas expectativas o acceso ao

servizo residencial finalmente asignado. O número de solicitudes de revisión do PIA amosa unha tendencia crecente ao longo dos exercicios. En canto ao tempo de tramitación, logo dos primeiros anos cunha media de tramitación de 59 días, 71 días e 44 días, os tempos redúcense notablemente entre os exercicios 2012 e 2015.

**3.6.** Nos casos en que o PIA sinale como modalidade de intervención o servizo residencial e non sexa posible o acceso a un servizo público, independentemente doutras prestacións económicas que poida percibir, o interesado é incorporado ao programa de asignación de recursos (PAR).

Este programa de asignación de recursos é o instrumento regulador a través do cal a Consellería establece unha orde de preferencia para o acceso aos distintos centros mediante un sistema de listaxes de carácter público de actualización automática a medida que se producen novas incorporacións ao mesmo.

Deste xeito, de non haber prazas vacantes, no momento de aprobación do PIA contémplase a inmediata incorporación ao PAR especificando os criterios de preferencia no acceso aos servizos, que deberá producirse nun prazo non superior a tres meses desde a resolución do PIA. Transcorrido este prazo de tres meses, de non producirse o acceso ao servizo público, o beneficiario pode solicitar unha modificación do PIA a efectos de obter unha prestación económica vinculada ao servizo. Trátase dunha prestación económica destinada a facilitar o pagamento dun servizo substitutivo, cando non sexa posible prestalo mediante a rede pública da Comunidade Autónoma.

**3.7.** O seguinte cadro reflicte os tempos medios de espera para ocupar unha praza residencial, unha vez aprobado o acceso ao servizo; é dicir, desde a inclusión no PAR ata a asignación efectiva do servizo residencial. Na medida en que a prelación na listaxe de acceso modúlase en atención a un sistema de puntos onde ponderan máis determinadas circunstancias persoais antes que a antigüidade que se posúa nesa listaxe, estes tempos medios de asignación non reflicten realmente unha expectativa do tempo de espera, pois este tempo vai depender doutros factores.

**Cadro 8: Tempos de asignación do PAR para expedientes ordinarios**

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Número de expedientes | 1.823 | 1.366 | 387 | 199 | 2.331 | 3.240 | **9.346** |
| Tempo medio | 409,57 | 299,34 | 308,93 | 338,64 | 63,33 | 154,82 | |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

Ao longo dos exercicios 2010 a 2015 autorizáronse 9.346 expedientes de acceso efectivo a unha praza residencial a través do PAR. Destacan os exercicios 2014 e 2015, con 2.331 e 3.240 ingresos en centros residenciais. En canto ao tempo medio, oscila entre os 409 días de 2010 e os 63 días de 2014.

**3.8.** Á marxe deste procedemento ordinario de acceso efectivo a unha praza residencial, a lexislación contempla determinadas situacións especiais de emerxencia social (desamparo, abandono, malos tratos ou risco grave e inminente para a integridade física ou psíquica) nos que a tramitación do procedemento de acceso require ser dotada de prioridade. A través desta modalidade tramitáronse no período 2011-2016 un total de 1.017 accesos a centros residenciais. O número de persoas que accederon a través deste sistema de emerxencia amosa unha tendencia crecente, chegando a representar no exercicio 2016 o 31,02% do total dos ingresos residenciais. Polo tanto, o que se estableceu como unha excepción para o tratamento de situacións illadas estase a converter nun procedemento cada vez máis empregado para o acceso ao servizo residencial.

**Cadro 9: Número de expedientes de emerxencia social**

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Número de expedientes | 17 | 42 | 51 | 118 | 236 | 553 | **1.017** |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

**3.9.** O seguinte cadro reflicte a situación da listaxe de espera existente ao final de cada exercicio para ocupar unha praza residencial, así como o tempo promedio que levan en espera para o acceso efectivo ao servizo residencial. Obsérvase que a listaxe amosa unha acusada tendencia crecente, ao igual que o tempo promedio que levan en espera de praza residencial, aínda que de menor intensidade nos últimos anos.

**Cadro 10: Expedientes do PAR en espera de servizo residencial a 31 de decembro**

| Ano | Número de expedientes | Promedio de tempo en espera |
|---|---|---|
| 2010 | 1 | 45 |
| 2011 | 52 | 126,27 |
| 2012 | 136 | 271,32 |
| 2013 | 255 | 403,13 |
| 2014 | 520 | 440,54 |
| 2015 | 1.003 | 430,49 |
| 2016 | 1.774 | 491,74 |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

# IV. CENTROS E PRAZAS RESIDENCIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

## IV.1. FORMAS DE PROVISIÓN E MODALIDADES DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL

**4.1.** A provisión do servizo de atención residencial na Comunidade Autónoma realízase en centros de titularidade propia ou externa. Nos primeiros, a xestión do servizo adopta dúas modalidades: directa cando se empregan recursos propios, e indirecta cando se contrata con entidades privadas.

Deste xeito, as prazas públicas residenciais atendendo ao sistema de provisión e ás modalidades de xestión clasifícanse en:

a) Prazas de provisión propia e de xestión directa: prazas residenciais situadas en residencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia e que se xestionan directamente pola Consellería de Política Social.

b) Prazas de provisión propia e de xestión indirecta: prazas residenciais situadas en residencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia pero que se xestionan a través de entidades privadas. A Xunta realiza con estas entidades un contrato de xestión de servizos públicos na modalidade de concesión administrativa.

c) Prazas de provisión externa concertadas con entidades privadas ou municipais: son prazas públicas que están situadas en residencias privadas ou municipais. Con estas entidades, a Xunta realiza un contrato de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto, mediante o que se xestionan as prazas.

Polo tanto, a Consellería utiliza dous mecanismos contractuais distintos para a prestación do servizo de atención residencial. A través da figura da concesión, o xestor privado presta o servizo residencial en institucións públicas por un prezo que se actualiza anualmente. A través da figura do concerto, a Comunidade Autónoma contrata cun provedor privado que estea autorizado a dispoñibilidade dun número de prazas, sobre o total de prazas do centro, por un prezo que tamén se actualiza anualmente.

O prazo de duración dos contratos de concesións e concertos, de carácter limitado, establécese nos pregos de cláusulas administrativas particulares. Con carácter xeral, o prazo inicialmente previsto no contrato pódese prorrogar por mutuo acordo das partes ata acadar a duración máxima contemplada no prego de cláusulas, que vai dos 5 aos 25 anos. O prazo de 25 anos é a duración máxima permitida pola lexislación aplicable a estas contratacións para a xestión do servizo público residencial.

## IV.2. CENTROS RESIDENCIAIS

**4.2.** Segundo os datos que figuran no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais a 31 de decembro de 2016, na Comunidade Autónoma galega existen un total de 230 centros residenciais para maiores. Destes, noventa e oito son de iniciativa privada con ánimo de lucro, que se sitúan con máis intensidade nas provincias con maior poboación (A Coruña e Pontevedra); oitenta e dous son de iniciativa social (entidades relixiosas, asociacións e fundacións), onde destaca Ourense co 45% dos centros residenciais; e 50 son centros de iniciativa pública.

Dentro da iniciativa pública conflúen a Xunta de Galicia (titular de 31 centros residenciais, incluídos os apartamentos de Antas de Ulla), o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (con sete centros), e a Administración local (titular de 13 residencias). Ourense, con 18 centros de iniciativa pública, é a que contabiliza máis centros destas características polo maior peso nesta provincia da iniciativa local.

Con todo, a provincia de Ourense é a que conta cun maior número de centros residenciais, pola maior incidencia da iniciativa pública e social nesta provincia, seguida da Coruña, mentres que Lugo é a provincia con menos centros residenciais. A distribución provincial de centros residenciais totais e dos que contan con prazas ofertadas a través do SAAD amósase no seguinte cadro.

**Cadro 11: Centros residenciais a 31 de decembro de 2016**

| Centros residenciais na Comunidade Autónoma | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Iniciativa pública | | | | |
| | Iniciativa privada | Iniciativa Admón. xeral | Iniciativa Admon. institucional | Iniciativa Admón. local | Iniciativa social | Total xeral |
| A Coruña | 38 | 11 | 4 | 1 | 17 | **71** |
| Lugo | 10 | 6 | | | 14 | **30** |
| Ourense | 21 | 7 | 2 | 9 | 37 | **76** |
| Pontevedra | 29 | 6 | 1 | 3 | 14 | **53** |
| **Total xeral** | **98** | **30** | **7** | **13** | **82** | **230** |
| **Centros residenciais con prazas públicas no SAAD** | | | | | | |
| A Coruña | 14 | 11 | 4 | | 4 | **33** |
| Lugo | 9 | 6 | | | 6 | **21** |
| Ourense | 2 | 7 | 2 | 1 | 20 | **32** |
| Pontevedra | 10 | 6 | 1 | 2 | 6 | **25** |
| **Total xeral** | **35** | **30** | **7** | **3** | **36** | **111** |

*Non se inclúen nesta relación os apartamentos tutelados de Antas de Ulla

Fonte: Datos extraídos do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais

Dentro do total de centros da Comunidade Autónoma, as prazas residenciais ofertadas a través do SAAD localízanse en 111 centros residenciais.

Atendendo á titularidade destes centros incluídos no SAAD, obsérvase que trinta e cinco centros corresponden a entidades privadas con ánimo de lucro, trinta e seis a entidades con fins sociais, e corenta son centros de titularidade pública.

Entre os corenta centros de titularidade pública figuran trinta centros residenciais propiedade da Xunta de Galicia, sete do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e tres centros que corresponden á Administración local.

O tamaño dos centros, medido en número de prazas, difire en función do tipo de iniciativa de creación, sendo os da Administración xeral os de maior dimensión e os da Administración local e institucional os de menor tamaño. Así, os de iniciativa privada acadan un promedio de 83 prazas/centro; os de iniciativa da Administración xeral, un promedio de 115 prazas/centro; os centros da Administración institucional, un promedio de 29 prazas/centro; os da Administración local, un promedio de 39 prazas/centro; e os de iniciativa social, un promedio de 83 prazas/centro.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, integrado pola Xunta de Galicia e 277 concellos galegos e 5 mancomunidades, xestiona sete centros residenciais –dúas residencias e cinco fogares residenciais– nos que o acceso ás prazas ten lugar tanto mediante o procedemento de acceso previsto no SAAD como a través dun procedemento propio de libre concorrencia. Fináncianse coas achegas do Consorcio, do concello no que se sitúa o centro, e cos prezos públicos satisfeitos polos residentes. A xestión destes centros corresponde integramente ao Consorcio, ao igual que lle corresponde a decisión de incluír as prazas no SAAD, e a súa análise non é obxecto deste informe; porén, na medida en que se integran como prestadores de servizos dentro do SAAD, exponse aquí a relación destes centros, así como o número total de prazas coas que contan.

**Cadro 12: Residencias e fogares do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**

| Nome do centro | Prazas |
|---|---|
| Fogar residencial de Taboadela | 22 |
| Residencia de Ortigueira | 50 |
| Fogar residencial de Cerdedo | 18 |
| Residencia de Melide | 52 |
| Fogar residencial de Vilar de Barrio | 24 |
| Fogar residencial de Laracha | 18 |
| Fogar residencial de Cerceda | 22 |
| **Total prazas** | **206** |

Fonte: RUEPSS

Os centros residenciais concertados coa Administración local sitúanse nos concellos de Crecente, Manzaneda e Vila de Cruces. Das 127 prazas totais destes centros, as ofertadas dentro do SAAD suman un total de 50, co seguinte detalle:

**Cadro 13: Residencias concertadas coa Administración local**

| Concello | Centro residencial | Prazas totais | Prazas concertadas |
|---|---|---|---|
| Crecente | Residencia San Pedro | 38 | 16 |
| Manzaneda | Residencia da 3ª idade "Gabino García Fdez." | 40 | 18 |
| Vila de Cruces | Residencia municipal de maiores de Vila de Cruces | 49 | 16 |
| **Total prazas** | | **127** | **50** |

Fonte: RUEPSS

**4.3.** O seguinte cadro amosa a evolución dos diferentes tipos de centros residenciais ofertados pola Comunidade Autónoma desde 1991 ata 2016 onde se reflicten unicamente os xestionados pola Consellería de Política social, non incluíndo polo tanto os sete centros que xestiona o Consorcio. No cadro aparecen diferenciados segundo a forma de provisión do servizo residencial, segundo se trate dun centro propio ou un centro alleo, e no caso dos centros propios distínguese a modalidade de xestión directa ou indirecta empregada para o funcionamento do centro. Aparecen reflectidos os apartamentos tutelados de Antas de Ulla, na medida en que corresponde á Consellería de Política Social a súa titularidade e xestión.

**Cadro 14: Evolución dos centros residenciais por tipoloxía**

| | Forma de provisión | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Centros propios | | | | | | Centros alleos concertados | | Total | |
| | Modalidade de xestión | | | | Total | | | | | |
| | Xestión propia | | Concesión | | | | | | | |
| Ano | Variación | Centros | Variación | Centros | Variación | Centros | Variación | Centros | Variación | Centros |
| 1991 | | 14 | | 0 | 0 | 14 | | 2 | | 16 |
| 1992 | 0 | 14 | 0 | 0 | 0 | 14 | 1 | 3 | 1 | 17 |
| 1993 | 3 | 17 | 0 | 0 | 3 | 17 | 3 | 6 | 6 | 23 |
| 1994 | 0 | 17 | 2 | 2 | 2 | 19 | 0 | 6 | 2 | 25 |
| 1995 | 0 | 17 | 1 | 3 | 1 | 20 | 0 | 6 | 1 | 26 |
| 1996 | 1 | 18 | 0 | 3 | 1 | 21 | 2 | 8 | 3 | 29 |
| 1997 | 0 | 18 | 2 | 5 | 2 | 23 | 3 | 11 | 5 | 34 |
| 1998 | 0 | 18 | 0 | 5 | 0 | 23 | 0 | 11 | 0 | 34 |
| 1999 | 0 | 18 | 0 | 5 | 0 | 23 | 3 | 14 | 3 | 37 |
| 2000 | 0 | 18 | 0 | 5 | 0 | 23 | 5 | 19 | 5 | 42 |
| 2001 | 0 | 18 | 1 | 6 | 1 | 24 | 4 | 23 | 5 | 47 |
| 2002 | 0 | 18 | 0 | 6 | 0 | 24 | 3 | 26 | 3 | 50 |
| 2003 | 0 | 18 | 1 | 7 | 1 | 25 | 0 | 26 | 1 | 51 |
| 2004 | 0 | 18 | 1 | 8 | 1 | 26 | 1 | 27 | 2 | 53 |
| 2005 | 0 | 18 | 1 | 9 | 1 | 27 | 17 | 44 | 18 | 71 |
| 2006 | 0 | 18 | 1 | 10 | 1 | 28 | 13 | 57 | 14 | 85 |
| 2007 | 1 | 19 | 0 | 10 | 1 | 29 | 0 | 57 | 1 | 86 |
| 2008 | 0 | 19 | 0 | 10 | 0 | 29 | 1 | 58 | 1 | 87 |
| 2009 | 0 | 19 | 0 | 10 | 0 | 29 | 2 | 60 | 2 | 89 |
| 2010 | 0 | 19 | 1 | 11 | 1 | 30 | 8 | 68 | 9 | 98 |
| 2011 | 0 | 19 | 0 | 11 | 0 | 30 | -1 | 67 | -1 | 97 |
| 2012 | 0 | 19 | 0 | 11 | 0 | 30 | 0 | 67 | 0 | 97 |
| 2013 | 0 | 19 | 0 | 11 | 0 | 30 | 0 | 67 | 0 | 97 |
| 2014 | 0 | 19 | 0 | 11 | 0 | 30 | 5 | 72 | 5 | 102 |
| 2015 | 0 | 19 | 1 | 12 | 1 | 31 | 0 | 72 | 1 | 103 |
| 2016 | 0 | 19 | 0 | 12 | 0 | 31 | 2 | 74 | 2 | 105 |
| **Totais** | **5** | **19** | **12** | **12** | **17** | **31** | **72** | **74** | **89** | **105** |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

**4.4.** Facendo exclusión, polo tanto, dos sete centros que pertencen ao Consorcio, a finais de 2016 os centros residenciais para atención da dependencia suman un total de 105. De acordo cos datos reflectidos no cadro, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, é titular de 31 centros de atención a dependentes, o que supón que menos do 30% dos centros residenciais son da súa titularidade. No exercicio 1991 eran de titularidade autonómica 14 dos 16 centros residenciais existentes. Destes datos revélase que nos últimos 25 anos a Xunta decidiu a construción de 17 centros, un 20% do total de centros que se incorporaron á dependencia nese período, que representan en número de prazas un 38% do total.

En canto á modalidade de xestión dos centros propios, mentres a principios de 1992 os 14 centros propios eran xestionados pola Administración, obsérvase que a finais de 2016 son xestionados pola propia Administración 19 dos 31 centros propios existentes, fronte a 12 que se xestionan a través dun contrato de concesión. O modelo de xestión indirecta iníciase no ano 1994, e a partir de aí é preponderante como fórmula de xestión dos centros propios.

No seguinte cadro amósase a relación dos centros propios da Administración en 2016 e o número de prazas existentes en cada un deles, diferenciando os de xestión propia dos xestionados a través de concesións:

**Cadro 15: Centros propios xestionados pola Administración e de xestión externa a finais de 2016**

| Nome | Concello | Autónomos | Dependentes | Total |
|---|---|---|---|---|
| Residencia de maiores Torrente Ballester | A Coruña | 64 | 32 | 96 |
| Residencia de maiores da Estrada | A Estrada | 40 | 0 | 40 |
| Residencia de maiores Nosa Sra. dos Miragres | Barbadás | 0 | 130 | 130 |
| Residencia de maiores de Burela | Burela | 58 | 30 | 88 |
| Residencia de maiores de Carballo | Carballo | 26 | 0 | 26 |
| Residencia de maiores de Castro Caldelas | Castro Caldelas | 36 | 0 | 36 |
| Residencia de maiores de Caranza-Ferrol | Ferrol | 142 | 49 | 191 |
| Residencia de maiores As Gándaras | Lugo | 150 | 68 | 218 |
| Residencia de maiores A Milagrosa | Lugo | 54 | 0 | 54 |
| Residencia de maiores de Marín | Marín | 78 | 0 | 78 |
| Residencia de maiores de Monforte de Lemos | Monforte de Lemos | 42 | 0 | 42 |
| Residencia de maiores do Carballiño | O Carballiño | 24 | 0 | 24 |
| Residencia de maiores de Oleiros | Oleiros | 0 | 284 | 284 |
| Residencia de maiores de Pobra do Caramiñal | Pobra do Caramiñal | 48 | 0 | 48 |
| Residencia de maiores de Campolongo | Pontevedra | 86 | 50 | 136 |
| Residencia de maiores Volta do Castro | Santiago de Compostela | 0 | 150 | 150 |
| Residencia de maiores de Santiago de Compostela | Santiago de Compostela | 84 | 0 | 84 |
| Complexo residencial de atención a persoas dependentes de Vigo (Vigo I) | Vigo | 0 | 306 | 306 |
| Complexo residencial de atención a persoas dependentes de Vigo (Vigo II) | Vigo | 0 | 148 | 148 |
| **Total prazas centros propios xestionados pola Administración** | | **932** | **1.247** | **2.179** |
| Residencia de maiores de Matogrande (Sar-Quavitae) | A Coruña | 0 | 150 | 150 |
| Apartamentos tutelados de Antas de Ulla (UTE Troncoso Casares) | Antas de Ulla | 16 | 0 | 16 |
| Residencia de maiores de Bande (Geriatros) | Bande | 8 | 42 | 50 |
| Residencia de maiores de Laraxe (Geriatros) | Cabanas | 0 | 172 | 172 |
| Residencia de maiores de Castro Ribeiras de Lea (Sar-Quavitae) | Castro de Rei | 0 | 172 | 172 |
| Residencia de maiores de Larouco (Geriatros) | Larouco | 0 | 82 | 82 |
| Residencia de maiores de Quiroga (Fundación Valdegodos) | Quiroga | 0 | 88 | 88 |
| Residencia de maiores de Ribeira (Geriatros) | Ribeira | 0 | 106 | 106 |
| Fundación José Otero-Carmela Martínez (Geriatros) | Santiago de Compostela | 0 | 150 | 150 |
| Residencia de maiores de Viana do Bolo (Fundación Valdegodos) | Viana do Bolo | 0 | 125 | 125 |
| Residencia de Bembrive (Sar-Quavitae) | Vigo | 0 | 150 | 150 |
| Residencia do Carballiño (Agrupación Act. Xeriátricas) | O Carballiño | 0 | 25 | 25 |
| **Total prazas centros propios de xestión externa** | | **24** | **1.262** | **1.286** |

Fonte: Memoria 2016 da Consellería de Política Social

Xunto cos centros propios conflúe a provisión do servizo residencial con centros alleos, cuxa xestión se instrumentaliza a través da figura do concerto. Estes centros, que poden ser de iniciativa privada, pública ou social, ascenden a un total de 74 a finais de 2016, e supoñen un 70% dos centros residenciais incluídos no sistema. A súa evolución amosa un continuo crecemento desde o exercicio 1991, cando tan só había 2 centros residenciais con prazas concertadas, o que supón unha taxa de incorporación de 2,88 centros por ano ao sistema, cunha salientable concentración no bienio 2005-2006 vinculada á aprobación da lei de dependencia. Dos 89 centros residenciais incorporados ao sistema no período analizado, 72 centros son de propiedade allea.

O seguinte cadro recolle os datos relativos a estes centros:

## Cadro 16: Centros residenciais con prazas concertadas en 2016

| A CORUÑA | Prazas concertadas | Prazas totais | LUGO | Prazas concertadas | Prazas totais |
|---|---|---|---|---|---|
| Residencia Los Magnolios | 12 | 200 | Residencia da 3ª idade San Salvador | 14 | 85 |
| Residencia Puentevea | 10 | 74 | Gran centro residencial Sanyres Lugo | 66 | 200 |
| Residencia San Simón | 22 | 85 | A Veiga complexo terapéutico xerontolóxico | 107 | 178 |
| Residencia Caser A Zapateira | 85 | 192 | Gran centro residencial da 3ª idade de Chantada | 122 | 201 |
| Residencia de maiores Geriatros Ferrol | 89 | 151 | Residencia persoas maiores Geriatros Viveiro | 150 | 150 |
| Residencia de maiores Geriatros Noia | 97 | 151 | Asimédica Virgen de la Luz | 33 | 41 |
| Residencia de maiores Geriatros Carballo | 106 | 151 | Residencia persoas maiores Geriatros Monforte | 180 | 180 |
| Residencia de maiores Geriatros A Coruña | 65 | 154 | Residencia para persoas maiores de Vilalba | 24 | 160 |
| Centro residencial Sar Quavitae (Santiago) | 91 | 156 | Residencia Carlos IV | 27 | 192 |
| Centro residencial Sar Quavitae (A Coruña) | 25 | 150 | Residencia para persoas maiores Abeiro Gold | 10 | 191 |
| Residencia Geriatros Narón | 30 | 150 | Miniresidencia Nosa Sra. do Carme | 17 | 55 |
| Residencia de maiores Geriatros Vimianzo | 150 | 150 | Residencia O Incio | 23 | 102 |
| Residencia San José de Arzúa | 30 | 68 | Residencia San Bartolomeu | 12 | 126 |
| Residencia Mi Casa | 11 | 125 | Mini-residencia (Centro Pastoriza ) | 16 | 35 |
| Residencia de Sta. María de Oís | 10 | 59 | Residencia Valadouro | 11 | 74 |
| Residencia maiores Padre Rubinos | 40 | 146 | | | |
| Residencia Santa Olalla | 15 | 68 | | | |
| Residencia xerontolóxico O Castro | 3 | 76 | | | |
| **Total A Coruña** | **891** | **2.306** | **Total Lugo** | **812** | **1.970** |
| **OURENSE** | **Prazas concertadas** | **Prazas totais** | **PONTEVEDRA** | **Prazas concertadas** | **Prazas totais** |
| Residencia "Gabino García Fdez" | 18 | 40 | Residencia Monte Tecla | 105 | 150 |
| Residencia de maiores Geriatros Ourense | 150 | 150 | Residencia de maiores Geriatros Cangas | 78 | 152 |
| Residencia Geriatros Barbadás | 65 | 163 | Residencia para persoas maiores Geriatros Lalín | 93 | 151 |
| Residencia San Carlos | 12 | 58 | Residencia Geriatros Ribadumia | 114 | 152 |
| Residencia O Bolo | 13 | 54 | Geriatros Barreiro | 70 | 150 |
| Residencia Nuestra Sra. de las Nieves | 10 | 56 | Centro residencial Pontevedra | 121 | 193 |
| Residencia A Veiga | 11 | 48 | Residencia San Pedro | 16 | 38 |
| Ntra. Sra. de la Salud | 3 | 53 | Residencia municipal de Vila de Cruces | 16 | 49 |
| Residencia Santa Marta | 64 | 125 | Residencia Nosa Señora das Dores | 49 | 84 |
| Santiago Apóstol | 7 | 32 | Residencia de maiores Divina Pastora | 54 | 102 |
| Residencia Os Gozos | 96 | 180 | Residencia Paz y Bien | 14 | 72 |
| Residencia Ntra. Sra. de la Esperanza | 62 | 176 | Residencia Ballesol | 72 | 129 |
| Residencia San Xoan de Río | 3 | 54 | Residencia xeriátrica Salvaterra | 47 | 108 |
| Residencia Santa Mariña | 15 | 52 | Residencia Vila do Conde | 22 | 119 |
| Residencia Nuestra Sra. de Fátima | 11 | 64 | Residencia Mi Casa (Rapesua) | 22 | 58 |
| Residencia San Martiño | 12 | 68 | Residencia Covelo | 15 | 50 |
| Residencia Nosa Sra. do Viso (Lobeira) | 15 | 56 | Residencia Nuestra Sra. de los Dolores Forcarei | 29 | 66 |
| Nosa Señora do Socorro | 52 | 99 | Residencia Ntra. Sra. del Rosario | 7 | 32 |
| Miniresidencia La Saleta | 12 | 53 | | | |
| Residencia de Ramirás | 25 | 70 | | | |
| Virgen de los Milagros | 50 | 217 | | | |
| Os Pinos | 51 | 111 | | | |
| La Natividad de María | 22 | 56 | | | |
| **Total Ourense** | **779** | **2.035** | **Total Pontevedra** | **944** | **1.855** |

Fonte: Táboa elaborada a partir dos datos do RUEPSS. Todas as prazas concertadas son para residentes dependentes, agás dez prazas sitas na Residencia Nosa Sra. das Dores e catro prazas na Residencia Nuestra Sra. de la Esperanza que son para residentes autónomos.

Respecto da súa distribución territorial, Ourense é a provincia onde se localiza o maior número de centros concertados, se ben en canto ao número de prazas é a que presenta os datos máis baixos.

**Cadro 17: Centros concertados por provincias**

| Provincia | Nº de centros | Prazas concertadas | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Dependencia | Autonomía | Total |
| A Coruña | 18 | 891 | 0 | 891 |
| Lugo | 15 | 812 | 0 | 812 |
| Ourense | 23 | 775 | 4 | 779 |
| Pontevedra | 18 | 934 | 10 | 944 |
| **Total** | **74** | **3.412** | **14** | **3.426** |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

O seguinte gráfico amosa a evolución temporal dos distintos centros residenciais en función da forma de provisión, distinguindo entre centros propios e alleos, onde se aprecia o importante escalonamento na evolución que no período 2005-2009 amosaron os centros concertados.

**Gráfico 1: Evolución do número de centros residenciais segundo a forma de provisión**




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Política Social

Igualmente, o gráfico 2 revela a dispar evolución da porcentaxe de centros do sistema en función da forma de provisión do servizo respecto do total, onde se aprecia como logo dun período inicial con forte presenza de centros públicos, a partir de 2002 os centros alleos superan a taxa do 50%

respecto do total de centros, chegando a representar en 2016 un 70% dos centros ofertados no SAAD.

**Gráfico 2: Evolución da proporción dos centros residenciais segundo a forma de provisión**




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Política Social

## IV.3. PRAZAS RESIDENCIAIS PÚBLICAS

**4.5.** As prazas residenciais ofertadas pola Xunta de Galicia a través do catálogo de servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia poden estar situadas en centros de titularidade propia ou ben en centros de titularidade privada ou municipal. Á súa vez, os centros de titularidade propia poden estar xestionados directamente pola Xunta de Galicia ou por unha entidade externa a través dun contrato de concesión de servizo público. As prazas ofertadas sitas en centros de titularidade allea son xestionadas a través da figura do concerto.

As prazas ofertadas están destinadas á atención ás persoas maiores (que poden atoparse nunha situación de dependencia ou nunha situación de autonomía) e ás persoas dependentes aínda que non sexan maiores de 65 anos.

A 31 de decembro de 2016 as prazas en centros de titularidade propia representan un 50,28% (3.465 prazas) fronte ao 49,72% en centros alleos (3.426 prazas).

## a) Prazas en centros de titularidade propia

**4.6.** A 31 de decembro de 2016, a Xunta ostentaba a titularidade de 31 centros residenciais, dos cales 19 estaban xestionados directamente pola Administración e os 12 centros restantes a través dunha entidade externa. Estes centros de titularidade propia dispoñían a 31 de decembro de 2016 de 3.465 prazas coa seguinte distribución:

**Cadro 18: Prazas en centros de titularidade propia en 2016**

| Xestión | Prazas con autonomía | Prazas con dependencia | Total prazas |
|---|---|---|---|
| Propia | 932 | 1.247 | **2.179** |
| Externa | 24 | 1.262 | **1.286** |
| **Total** | **956** | **2.509** | **3.465** |

Fonte: Memoria 2016 da Consellería de Política Social

Das 3.465 prazas en centros de titularidade propia existentes en 2016, a propia Administración xestiona un total de 2.179, mentres que 1.286 están xestionadas de forma externa. Do total das prazas, 956 están destinadas a persoas con autonomía e as restantes 2.509 son prazas para persoas con algún grao de dependencia.

## b) Prazas en centros de titularidade allea

**4.7.** A 31 de decembro de 2016 a Xunta tiña concertado un total de 3.426 prazas residenciais nun total de 74 centros, das cales 913 prazas concertáronse con 36 centros de iniciativa social; 2.463 prazas concertáronse con 35 centros de iniciativa privada con ánimo de lucro; e 50 prazas concertáronse con 3 centros de titularidade municipal. Do total de prazas concertadas, 3.412 son prazas para persoas en situación de dependencia e 14 son para persoas maiores en situación de autonomía.

**Cadro 19: Prazas en centros de titularidade allea en 2016**

| Ano | Prazas con autonomía | Prazas con dependencia | Total prazas concertadas |
|---|---|---|---|
| 2016 | 14 | 3.412 | 3.426 |

Fonte: Memoria 2016 da Consellería de Política Social

**4.8.** Ao longo dos últimos 25 anos, a evolución do número de prazas residenciais ofertadas en atención á dependencia pasou desde 1.511 prazas en 1991 ata 6.891 prazas no ano 2016, o que implica unha creación de 5.380 prazas nestes exercicios. O ritmo do crecemento supón unha taxa media de crecemento de 215,2 prazas en cada exercicio. O número total de prazas residenciais existentes en 2016 distribúense dun xeito similar entre os centros propios e os centros de titularidade allea, apreciándose, porén, notables diferenzas en canto á súa evolución.

• As prazas en centros propiedade da Xunta de Galicia representan un 50,28% das existentes a finais de 2016. Ao longo de período analizado incrementáronse en 2.059 prazas, pasando de 1.406 prazas existentes en 1991 ata 3.465 prazas en 2016. Este incremento focalízase maiormente en dúas fases: no período 1993-1997, coa incorporación de 1.178 prazas de xestión propia; e no período 2003-2007, con 566 prazas. Nos últimos 5 anos (desde 2011 ata 2016) apenas se incrementou o número de prazas en centros propios.

A fórmula concesional para xestionar as prazas en centros públicos apréciase como a máis elixida desde a súa utilización no ano 1994, xa que para sete de cada dez prazas creadas en centros de titularidade pública optouse por este sistema de xestión.

• Xunto a este modo de provisión de prazas sitúanse as prazas residenciais en centros de titularidade allea, que pasan de representar o 6,95% no exercicio 1991 ao 49,72% das prazas existentes en 2016. Estas prazas amosan un ritmo máis continuo de crecemento, onde destaca o período 2005-2010, que supón un importante salto no emprego desta fórmula para a prestación do servizo coa concertación de 2.359 prazas ao sistema. Así, a figura do concerto revélase como a forma de provisión máis empregada nos últimos exercicios para a incorporación ao sistema de prazas residenciais.

**4.9.** O seguinte cadro amosa a evolución das diferentes tipoloxías de xestión das prazas residenciais ofertadas pola Xunta de Galicia desde o ano 1991:

## Cadro 20: Evolución do número de prazas por tipoloxía

| Ano | Centros propios | | | | | | | | | Centros alleos | | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xestión propia | | | Concesión | | | Total centros propios | | | | | | | |
| | Creación de prazas | Prazas totais | % sobre o total | Creación de prazas | Prazas totais | % sobre o total | Creación de prazas | Prazas totais | % sobre o total | Creación de prazas | Prazas totais | % sobre o total | Creación de prazas | Prazas totais |
| 1991 | | 1.406 | 93,05% | | 0 | 0,00% | 0 | 1.406 | 93,05% | | 105 | 6,95% | | 1.511 |
| 1992 | 35 | 1.441 | 90,34% | 0 | 0 | 0,00% | 35 | 1.441 | 90,34% | 49 | 154 | 9,66% | 84 | 1.595 |
| 1993 | 286 | 1.727 | 86,13% | 0 | 0 | 0,00% | 286 | 1.727 | 86,13% | 124 | 278 | 13,87% | 410 | 2.005 |
| 1994 | 0 | 1.727 | 79,59% | 158 | 158 | 7,28% | 158 | 1.885 | 86,87% | 7 | 285 | 13,13% | 165 | 2.170 |
| 1995 | 0 | 1.727 | 77,48% | 94 | 252 | 11,31% | 94 | 1.979 | 88,79% | -35 | 250 | 11,22% | 59 | 2.229 |
| 1996 | 325 | 2.052 | 75,72% | 1 | 253 | 9,34% | 326 | 2.305 | 85,06% | 155 | 405 | 14,94% | 481 | 2.710 |
| 1997 | 0 | 2.052 | 65,04% | 314 | 567 | 17,97% | 314 | 2.619 | 83,01% | 131 | 536 | 16,99% | 445 | 3.155 |
| 1998 | 0 | 2.052 | 65,04% | 0 | 567 | 17,97% | 0 | 2.619 | 83,01% | 0 | 536 | 16,99% | 0 | 3.155 |
| 1999 | 11 | 2.063 | 63,71% | 12 | 579 | 17,88% | 23 | 2.642 | 81,59% | 60 | 596 | 18,41% | 83 | 3.238 |
| 2000 | 0 | 2.063 | 63,24% | 0 | 579 | 17,75% | 0 | 2.642 | 80,99% | 24 | 620 | 19,01% | 24 | 3.262 |
| 2001 | -2 | 2.061 | 60,69% | 116 | 695 | 20,47% | 114 | 2.756 | 81,16% | 20 | 640 | 18,85% | 134 | 3.396 |
| 2002 | 2 | 2.063 | 58,16% | 5 | 700 | 19,73% | 7 | 2.763 | 77,89% | 144 | 784 | 22,10% | 151 | 3.547 |
| 2003 | 0 | 2.063 | 55,80% | 150 | 850 | 22,99% | 150 | 2.913 | 78,79% | 0 | 784 | 21,21% | 150 | 3.697 |
| 2004 | 6 | 2.069 | 52,75% | 159 | 1.009 | 25,73% | 165 | 3.078 | 78,48% | 60 | 844 | 21,52% | 225 | 3.922 |
| 2005 | 0 | 2.069 | 44,22% | 20 | 1.029 | 21,99% | 20 | 3.098 | 66,21% | 737 | 1.581 | 33,79% | 757 | 4.679 |
| 2006 | -1 | 2.068 | 39,10% | 82 | 1.111 | 21,01% | 81 | 3.179 | 60,11% | 529 | 2.110 | 39,89% | 610 | 5.289 |
| 2007 | 150 | 2.218 | 40,78% | 0 | 1.111 | 20,43% | 150 | 3.329 | 61,21% | 0 | 2.110 | 38,79% | 150 | 5.439 |
| 2008 | 0 | 2.218 | 39,93% | 0 | 1.111 | 20,00% | 0 | 3.329 | 59,93% | 116 | 2.226 | 40,07% | 116 | 5.555 |
| 2009 | -5 | 2.213 | 38,21% | 0 | 1.111 | 19,18% | -5 | 3.324 | 57,39% | 241 | 2.467 | 42,60% | 236 | 5.791 |
| 2010 | -26 | 2.187 | 32,88% | 150 | 1.261 | 18,96% | 124 | 3.448 | 51,84% | 736 | 3.203 | 48,16% | 860 | 6.651 |
| 2011 | 16 | 2.203 | 33,08% | 0 | 1.261 | 18,93% | 16 | 3.464 | 52,01% | -7 | 3.196 | 47,99% | 9 | 6.660 |
| 2012 | 0 | 2.203 | 33,10% | 0 | 1.261 | 18,95% | 0 | 3.464 | 52,05% | -5 | 3.191 | 47,95% | -5 | 6.655 |
| 2013 | -24 | 2.179 | 32,86% | 0 | 1.261 | 19,02% | -24 | 3.440 | 51,88% | 0 | 3.191 | 48,12% | -24 | 6.631 |
| 2014 | 0 | 2.179 | 32,30% | 0 | 1.261 | 18,69% | 0 | 3.440 | 50,99% | 115 | 3.306 | 49,01% | 115 | 6.746 |
| 2015 | 0 | 2.179 | 32,02% | 20 | 1.281 | 18,82% | 20 | 3.460 | 50,84% | 40 | 3.346 | 49,16% | 60 | 6.806 |
| 2016 | 0 | 2.179 | 31,62% | 5 | 1.286 | 18,66% | 5 | 3.465 | 50,28% | 80 | 3.426 | 49,72% | 85 | 6.891 |
| **Totais** | **773** | | | **1.286** | | | **2.059** | | | **3.321** | | | **5.380** | |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

Os seguintes gráficos amosan a evolución do peso das distintas prazas residenciais en función da diferente forma de provisión empregada. Apréciase a diferente evolución que se ten producido no período analizado, que fai que no exercicio 2016 as dúas curvas que a representan se aproximen á súa converxencia.

**Gráfico 3: Evolución do número de prazas residenciais segundo a forma de provisión**




Fonte: Elaboración propia

**Gráfico 4: Evolución da porcentaxe de prazas residenciais segundo a forma de provisión do servizo**




Fonte: Elaboración propia

# V. PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E SECTORIAL

**5.1.** A planificación estratéxica para a atención ás persoas maiores contense nos plans estratéxicos 2010-2014 e 2015-2020. Nestes plans contémplase que os obxectivos para a atención ás persoas en situación de dependencia desenvolveranse a través dos programas orzamentarios *312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes* e *312E Servizos sociais de atención ás persoas maiores e con discapacidade.*

O novo Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 parte do recoñecemento de que Galicia é a comunidade autónoma con maior proporción de poboación maior de 65 anos (23,55%). Ademais, o 54,4% desta poboación maior vive en fogares onde todos os seus membros son maiores de 65 anos, sendo o 52,7% destes fogares unipersoais. Entre as principais actuacións deste plan encóntrase o incremento dos servizos de atención residencial, atención diúrna, axuda no fogar e de promoción da autonomía.

**5.2.** O Plan galego de persoas maiores 2010-2013 Horizonte 2015, que é o plan sectorial máis salientable, ten como finalidade principal deseñar, coordinar e planificar actuacións, programas e recursos para atender as necesidades e demandas das persoas maiores de Galicia no período 2010-2015. Este plan prevé un incremento do 50% nas prazas nos centros de día e nas residencias.

Porén, os obxectivos, actuacións e programas que se establecen neste plan non se vinculan cos orzamentos anuais, polo que non se pode facer un seguimento da súa execución ou do seu cumprimento a través da execución dos programas orzamentarios *312D* e *312E*.

O obxectivo operativo 3 da medida 4 deste plan sectorial, en coherencia coa planificación estratéxica, consiste en avanzar na creación de recursos de atención ás persoas maiores de tipo residencial destinados, prioritariamente, á atención a aquelas persoas que por razón do seu grao de dependencia non poidan seguir residindo no seu contorno habitual. As actuacións para conseguir este obxectivo diríxense ao desenvolvemento da carteira de servizos para a atención residencial, incrementando a oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos.

O plan prevé accións de seguimento e avaliación para valorar a efectividade das medidas, facilitar a toma de decisións, incorporar posibles accións de mellora e fomentar unha análise prospectiva sobre intervencións futuras. A Consellería elaborou os informes de seguimento do plan dos anos 2013 e 2014, nos que se indica o nivel de execución das medidas e actuacións programadas, persoas beneficiarias, orzamento estimado por núcleo de acción, e distribución das actuacións executadas

por ámbito xeográfico. Porén, non consta que teña realizado un informe final de avaliación dos resultados e impacto do plan.

Respecto dos informes de seguimento, correspondentes aos exercicios 2013 e 2014, despréndese o seguinte: o grao de execución das medidas e actuacións programadas foi similar nos dous exercicios; o número de persoas beneficiarias incrementouse un 17% no 2014 (217.228 persoas) con respecto ao 2013 (180.397 persoas), mentres que o orzamento asignado ás actuacións executadas ao longo do 2014 acadou un importe moi inferior (79,5 millóns de euros) que no 2013 (143,6 millóns de euros). A diferenza explícase pola menor asignación que o plan de maiores do ano 2014 asigna ao servizo de axuda no fogar (37,75 millóns de euros menos) e ao servizo de atención diúrna para as persoas maiores (24,85 millóns de euros menos).

**5.3.** Non é obxecto deste informe analizar o alcance co que se priorizan recursos e actuacións entre os diferentes dispositivos asistenciais, prestacións económicas e axudas destinadas á cobertura do sistema de dependencia entre comunidades autónomas. Por outra parte, a súa determinación presenta unha importante complexidade, derivada, entre outros factores, da esixencia dunha información precisa e detallada tanto a nivel global como individualizado por prestación e servizo. A información extraída das estatísticas publicadas sobre a xestión do SAAD permite ofrecer unha visión da situación por comunidades autónomas.

O seguinte cadro reflicte o número de persoas beneficiarias con prestacións ou servizos recoñecidos durante o exercicio 2015 desglosada por tipo de actuacións e comunidades autónomas.

**Cadro 21: Persoas beneficiarias e prestacións a 31 de decembro de 2015**

| Ámbito territorial | Persoas beneficiarias con prestacións | Prevención dependencia e promoción a. persoal | | Teleasistencia | | Axuda a domicilio | | Centros de día/noite | | Atención residencial | | P.E. vinculada servizo | | P.E. coidados familiares | | P.E. asistencia persoal | | Total | | Ratio de prestacións por persoa beneficiaria |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº |
| Andalucía | 179.239 | 0 | 0,00 | 69.105 | 29,62 | 48.478 | 20,78 | 13.203 | 5,66 | 22.611 | 9,69 | 3.093 | 1,33 | 76.821 | 32,93 | 10 | 0,00 | 233.321 | 100 | 1,30 |
| Aragón | 17.828 | 9 | 0,05 | 20 | 0,11 | 98 | 0,54 | 1.153 | 6,41 | 3.427 | 19,06 | 3.675 | 20,44 | 9.601 | 53,39 | 0 | 0,00 | 17.983 | 100 | 1,01 |
| Asturias | 17.524 | 724 | 3,86 | 885 | 4,72 | 2.703 | 14,42 | 2.198 | 11,73 | 2.771 | 14,79 | 1.977 | 10,55 | 7.481 | 39,92 | 2 | 0,01 | 18.741 | 100 | 1,07 |
| Illes Balears | 11.630 | 95 | 0,81 | 0 | 0,00 | 99 | 0,84 | 896 | 7,63 | 1.969 | 16,78 | 680 | 5,79 | 7.997 | 68,14 | 0 | 0,00 | 11.736 | 100 | 1,01 |
| Canarias | 13.885 | 33 | 0,23 | 399 | 2,81 | 30 | 0,21 | 3.321 | 23,39 | 2.943 | 20,73 | 1.969 | 13,87 | 5.504 | 38,76 | 0 | 0,00 | 14.199 | 100 | 1,02 |
| Cantabria | 13.945 | 0 | 0,00 | 1.155 | 7,41 | 929 | 5,96 | 1.590 | 10,2 | 4.113 | 26,39 | 0 | 0,00 | 7.799 | 50,04 | 0 | 0,00 | 15.586 | 100 | 1,12 |
| Castilla y León | 73.546 | 11.565 | 12,32 | 5.657 | 6,03 | 18.382 | 19,59 | 8.017 | 8,54 | 7.177 | 7,65 | 21.762 | 23,19 | 21.043 | 22,43 | 231 | 0,25 | 93.834 | 100 | 1,28 |
| Castilla-La M. | 36.796 | 3.814 | 7,81 | 5.217 | 10,68 | 8.168 | 16,72 | 2.533 | 5,18 | 10.493 | 21,47 | 3.063 | 6,27 | 15.565 | 31,85 | 10 | 0,02 | 48.863 | 100 | 1,33 |
| Catalunya | 126.450 | 2.347 | 1,29 | 15.925 | 8,77 | 22.074 | 12,15 | 13.212 | 7,27 | 28.908 | 15,92 | 12.236 | 6,74 | 86.909 | 47,85 | 13 | 0,01 | 181.624 | 100 | 1,44 |
| Valencia | 43.239 | 249 | 0,51 | 5.931 | 12,15 | 0 | 0,00 | 6.104 | 12,5 | 10.682 | 21,88 | 4.649 | 9,52 | 21.211 | 43,44 | 4 | 0,01 | 48.830 | 100 | 1,13 |
| Extremadura | 22.242 | 572 | 2,34 | 1.290 | 5,27 | 548 | 2,24 | 1.393 | 5,69 | 4.040 | 16,51 | 9.320 | 38,08 | 7.309 | 29,86 | 2 | 0,01 | 24.474 | 100 | 1,10 |
| Galicia | 41.823 | 1.980 | 4,34 | 1.667 | 3,65 | 12.340 | 27,04 | 6.112 | 13,39 | 7.647 | 16,75 | 4.822 | 10,56 | 10.989 | 24,08 | 85 | 0,19 | 45.642 | 100 | 1,09 |
| Madrid | 101.304 | 3.413 | 2,69 | 24.723 | 19,51 | 23.873 | 18,83 | 14.073 | 11,1 | 22.395 | 17,67 | 11.199 | 8,84 | 27.022 | 21,32 | 51 | 0,04 | 126.749 | 100 | 1,25 |
| Murcia | 27.485 | 3.237 | 9,36 | 4.433 | 12,82 | 126 | 0,36 | 3.198 | 9,25 | 3.429 | 9,92 | 1.474 | 4,26 | 18.678 | 54,02 | 0 | 0,00 | 34.575 | 100 | 1,26 |
| Navarra | 9.038 | 156 | 1,46 | 967 | 9,02 | 567 | 5,29 | 283 | 2,64 | 1.936 | 18,06 | 1.119 | 10,44 | 5.689 | 53,08 | 1 | 0,01 | 10.718 | 100 | 1,19 |
| País Vasco | 51.044 | 70 | 0,12 | 1.230 | 2,11 | 6.588 | 11,31 | 6.212 | 10,67 | 12.237 | 21,02 | 2.067 | 3,55 | 26.793 | 46,01 | 3.031 | 5,21 | 58.228 | 100 | 1,14 |
| La Rioja | 6.743 | 870 | 8,81 | 1.253 | 12,69 | 2.125 | 21,52 | 892 | 9,03 | 1.398 | 14,16 | 621 | 6,29 | 2.714 | 27,49 | 0 | 0,00 | 9.873 | 100 | 1,46 |
| Ceuta e Melilla | 2.348 | 327 | 10,87 | 395 | 13,13 | 620 | 20,61 | 72 | 2,39 | 206 | 6,85 | 8 | 0,27 | 1.380 | 45,88 | 0 | 0,00 | 3.008 | 100 | 1,28 |
| **Total** | **796.109** | **29.461** | **2,95** | **140.252** | **14,05** | **147.748** | **14,80** | **84.462** | **8,46** | **148.382** | **14,87** | **83.734** | **8,39** | **360.505** | **36,12** | **3.440** | **0,34** | **997.984** | **100,00** | **1,25** |

Fonte: Datos extraídos das estatísticas do INSERSO

O número de beneficiarios que corresponde ao servizo residencial en relación co total representa un 16,75% sobre o 14,87% que representa a media estatal de persoas beneficiarias deste servizo.

# VI. ANÁLISE DOS INGRESOS E GASTOS DO SERVIZO RESIDENCIAL

## VI.1. ASPECTOS XERAIS

**6.1.** O gasto derivado da prestación do servizo residencial ás persoas maiores e dependentes rexístrase nos programas orzamentarios *312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes* e *312E Servizos sociais de atención ás persoas maiores e con discapacidade*. Con cargo ás dotacións deses programas execútanse as políticas sociais para mellorar os sistemas de protección ás persoas dependentes e con discapacidade.

Como xa se sinalou no apartado de limitacións deste informe, a clasificación económica destes programas non diferencia, dentro do total do gasto residencial, a parte correspondente aos gastos pola prestación de servizos nos centros de día e centros sociocomunitarios, que se localizan e se prestan nos centros residenciais de maiores e dependentes. Sinalar tamén que as debilidades do inventario xeral da Xunta, unido á ausencia de coordinación entre aquel e o sistema contable, non permiten dispor do custo de amortización do inmobilizado. Estas circunstancias dificultan a obtención dunha información separada dos gastos executados pola prestación do servizo de atención residencial nos centros xestionados de forma directa pola Xunta de Galicia.

No seguinte apartado móstranse os importes do gasto executado con cargo aos programas *312D* e *312E* no período 2010-2015 e, dentro deste, o importe que corresponde ao gasto residencial para a atención ás persoas maiores e dependentes, excluído o gasto para a atención a discapacitados, e coas limitacións sinaladas anteriormente. Ao longo do período aquel representou un gasto medio dun 37,29% sobre o gasto total executado nos sistemas de protección ás persoas dependentes e con discapacidade.

No programa *312E* contabilízase, entre outros, a parte do gasto residencial para a atención a persoas maiores autónomas. Porén, os importes de maior contía deste programa correspóndense cos gastos en centros de atención a discapacitados, que non son obxecto de análise neste informe de fiscalización.

A maior parte do gasto residencial concéntrase no programa 3*12D,* no que se rexistra o gasto residencial para a atención a persoas dependentes.

Outros gastos significativos rexistrados no programa *312D* son os derivados das subvencións polo coidado dun maior no contorno familiar e as prestacións económicas vinculadas ao servizo residencial, que se analizan nos apartados seguintes deste informe. Ademais, neste programa *312D* tamén se rexistra o gasto executado pola prestación do servizo de axuda no fogar xestionado polos concellos, así como as transferencias ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a financiación dos programas de atención á dependencia, que tampouco se analizan neste informe.

**6.2.** En canto aos ingresos derivados da prestación do servizo, correspóndense coas achegas das persoas que reciben o servizo residencial. O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, regula o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo do servizo. O importe que corresponda aboar polo servizo determinarase dun xeito progresivo, en función da capacidade económica da persoa usuaria do dito servizo.

Cando o servizo sexa prestado directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, a participación da persoa usuaria no seu custo terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 11 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, establece que o réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo dos servizos prestados indirectamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma cando o pagamento da participación sexa efectuado directamente polo usuario ao contratista é o aplicable aos ingresos de dereito privado. A súa regulación virá establecida na relación contractual que a Administración teña subscrita coa entidade que preste os devanditos servizos. Así, cando o servizo se presta en residencias propias que se xestionan mediante concesión ou residencias privadas con concerto de prazas, o importe da participación económica dos usuarios facturarase directamente polo centro residencial a aqueles nos dez primeiros días de cada mes, sen que esta participación económica se ingrese na conta do Tesouro da Comunidade Autónoma. Posteriormente, no momento no que os centros residenciais realizan a liquidación e facturación á Consellería de Política Social das estancias dos usuarios, dedúcese o importe da participación económica dos usuarios, de forma que diminúe o importe mensual do prezo fixado no contrato para a prestación do servizo residencial.

Nos supostos nos que os residentes non realizan a achega económica que lle corresponde pola utilización do servizo, os contratistas encárganse de xestionar as reclamacións dos importes impagados, asumíndoos cando non logren recuperalos.

## VI.2. O SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NO MARCO ORZAMENTARIO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

**6.3.** No seguinte cadro amósase o importe total do gasto executado con cargo aos programas *312D* e *312E* no período 2010-2015 e o importe do gasto residencial (gasto pola prestación do servizo residencial) en centros de maiores e dependentes, que comprende tamén o gasto dos centros de día e centros sociocomunitarios que se localizan nos centros residenciais[5].

**Cadro 22: Evolución do gasto dos programas *312D* e *312E*. Exercicios 2010-2015. (Euros)**

| Programa | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 312D | 239.537.028,64 | 252.881.717,54 | 282.546.348,39 | 274.273.153,44 | 272.594.936,61 | 288.850.792,77 |
| 312E | 4.667.042,96 | 44.871.106,13 | 55.994.026,02 | 52.198.314,15 | 50.418.123,79 | 27.190.917,97 |
| Total programas | 244.204.071,60 | 297.752.823,67 | 338.540.374,41 | 326.471.467,59 | 323.013.060,40 | 316.041.710,74 |
| Evolución gasto total programas | | 21,93% | 13,70% | -3,56% | -1,06% | -2,16% |
| Gasto non financeiro da Admon. Xeral da CC.AA. | 10.235.594.300,75 | 8.733.568.620,89 | 8.698.747.158,00 | 8.411.109.284,17 | 8.136.683.378,40 | 8.662.881.555,79 |
| Evolución gasto non financeiro | | -14,67% | -0,40% | -3,31% | -3,26% | 6,47% |
| Gasto residencial maiores e depen. | 106.188.802,83 | 122.938.148,15 | 110.375.538,09 | 112.188.707,01 | 115.031.736,40 | 115.013.089,90 |
| Evolución gasto residencial | | 15,77% | -10,22% | 1,64% | 2,53% | -0,02% |
| Gasto residencial/Total programas | 43,48% | 41,28% | 32,60% | 34,36% | 35,61% | 36,39% |

Fonte: Liquidación das contas anuais da Administración xeral da Comunidade Autónoma e información facilitada pola Consellería de Política Social

Obsérvase que ao longo deste período o gasto residencial tivo unha evolución dispar respecto do gasto total en dependencia, rexistrado nos programas *312D* e *312E.* Os gastos destes programas incrementase nos exercicios 2011 e 2012 e diminúe levemente no resto dos exercicios, mentres que o gasto residencial experimentou unha forte diminución no exercicio 2012 (un 10,22%). Entre as principais causas da dispar evolución do gasto no exercicio 2012 están os importantes axustes nos gastos de persoal, que representan un volume moi significativo do gasto residencial. A partir de 2012, este gasto residencial amosa unha tendencia crecente cunha lixeira diminución no exercicio 2015 polo incremento do copago. Por outra parte, tamén se observa una evolución distinta entre o gasto total en dependencia e o gasto non financeiro no período 2010-2015. Os gastos non financeiros mostran unha tendencia decrecente ata o ano 2015, no que se incrementan, mentres que os gastos en dependencia incrementáronse de xeito significativo nos exercicios 2011 e 2012, diminuíndo constantemente a partir do exercicio 2013.

---

[5] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

**6.4.** No seguinte cadro móstrase o reparto e a evolución dos gastos derivados da prestación do servizo de atención residencial no período 2010-2015.

**Cadro 23: Evolución interanual do gasto pola prestación do servizo de atención residencial. (Euros)**

| CONCEPTO | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Gastos de persoal en centros públicos | 56.048.233,21 | 52.692.465,34 | 42.726.772,57 | 46.640.819,16 | 48.341.570,62 | 52.068.624,17 |
| Gastos de funcionamento en centros públicos de maiores e dependentes | 4.205.004,62 | 5.841.648,67 | 5.811.061,11 | 6.654.906,77 | 6.440.810,79 | 6.170.379,81 |
| Gastos de funcionamento en centros públicos de maiores autónomos | 7.054.469,10 | 6.336.241,21 | 5.643.788,30 | 2.763.413,94 | 3.409.828,03 | 3.041.760,51 |
| **Subtotal gastos en centros xestión propia** | **67.307.706,93** | **64.870.355,22** | **54.181.621,98** | **56.059.139,87** | **58.192.209,44** | **61.280.764,49** |
| Gastos en concertos e concesións de maiores e dependentes | 38.737.619,37 | 57.905.997,66 | 56.027.846,22 | 55.955.843,36 | 56.659.927,65 | 53.581.556,39 |
| Gastos en centros de concesións de maiores autónomos | 143.476,53 | 161.795,27 | 166.069,89 | 173.723,78 | 179.599,31 | 150.769,02 |
| **Subtotal gastos concesións e concertos** | **38.881.095,90** | **58.067.792,93** | **56.193.916,11** | **56.129.567,14** | **56.839.526,96** | **53.732.325,41** |
| **TOTAL** | **106.188.802,83** | **122.938.148,15** | **110.375.538,09** | **112.188.707,01** | **115.031.736,40** | **115.013.089,90** |

Fonte: Información facilitada pola Consellería de Política Social

Nos centros xestionados directamente pola Xunta os importes máis significativos do gasto corresponden á retribución do persoal. No exercicio 2014 acadaron un volume total de 48,34 millóns de euros, representando un 83% dos gastos correntes. Nese mesmo ano, o importe do gasto executado polo pago do prezo das prazas públicas contratadas a través de concesión e concertos ascende a 56,84 millóns de euros.

Dentro do período 2010-2015 destaca o exercicio 2012, no que diminúe tanto o gasto en centros xestionados directamente como o gasto en concesións e concertos. Nos exercicios seguintes o gasto nos centros propios aumenta –fundamentalmente polo incremento dos gastos de persoal–, mentres que os gastos en concesións e concertos mantense practicamente inalterable ata o ano 2015, no que descende un 6%, debido en boa parte ao incremento do copago das persoas usuarias a consecuencia da aplicación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que regula a súa participación no financiamento do custo do servizo.

## VI.3. GASTO RESIDENCIAL FRONTE Á PRESTACIÓN ECONÓMICA NO ÁMBITO FAMILIAR

**6.5.** O Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) contempla dous tipos de prestacións ás persoas en situación de dependencia: as prestacións económicas ou as prestacións de servizos. Segundo a Lei 39/2006, o sistema debería outorgar prioridade ás prestacións de servizos, e só no caso de non poder acceder a estes se deben substituír por prestacións económicas. Porén, nos primeiros anos de implantación do sistema as prestacións económicas foron as máis utilizadas. A nivel de España, no ano 2015 seguen representando unha parte importante das prestacións, sendo as de maior magnitude económica as prestacións para coidadores no contorno familiar. Segundo datos do SAAD do ano 2015, no conxunto do Estado esta prestación representou o 37% do total das prestacións (económicas e de servizos). Na Comunidade Autónoma galega supuxo un 23%, unha das proporcións máis baixas. Outras comunidades, como Baleares, Murcia, Aragón, Navarra e Cantabria, rexistraron porcentaxes por encima do 50%. Por outra parte, o servizo de atención residencial representou no conxunto do Estado un 15% e en Galicia un 18%, por debaixo doutras comunidades autónomas, como son Cantabria (26%), País Vasco e Castela e León (22%), que presentan os valores máis elevados.

A prestación económica para coidadores no contorno familiar é unha prestación económica destinada ás persoas en situación de dependencia que son atendidas no seu domicilio por un coidador non profesional do seu contorno. A determinación da contía para cada persoa efectuarase en función do grao de dependencia recoñecido e da capacidade económica, de acordo coa contía do IPREM que se fixa anualmente.

Por outra parte, a prestación económica de asistencia persoal, cuxo obxectivo é contribuír á contratación dun asistente persoal durante un mínimo de horas para facilitar o acceso á educación, ao traballo e a unha vida máis autónoma no exercicio das actuacións da vida diaria, é percibida por un grupo de dependentes moi minoritario. No ano 2015 beneficiáronse dela 85 persoas, sendo este o ano con maior número de beneficiarios no período 2010/2015.

No seguinte cadro móstrase a evolución económica da prestación para coidadores no contorno familiar e do servizo de atención residencial no período 2010-2015.

**Cadro 24: Evolución da prestación para coidadores no contorno familiar e do servizo de atención residencial. 2010-2015. (Euros)**

| Ano | Coidados no contorno familiar | | Importe servizo atención residencial | Importe total contorno e atención residencial | Peso prestación contorno familiar | Peso servizo atención residencial |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº de expedientes | Importe | | | | |
| 2010 | 16.660 | 52.750.926,74 | 106.188.802,83 | 158.939.729,57 | 33,19% | 66,81% |
| 2011 | 17.272 | 31.618.046,90 | 122.938.148,15 | 154.556.195,05 | 20,46% | 79,54% |
| 2012 | 15.064 | 62.707.046,55 | 110.375.538,09 | 173.082.584,64 | 36,23% | 63,77% |
| 2013 | 13.013 | 47.518.434,12 | 112.188.707,01 | 159.707.141,13 | 29,75% | 70,25% |
| 2014 | 11.593 | 39.891.137,36 | 115.031.736,40 | 154.922.873,76 | 25,75% | 74,25% |
| 2015 | 12.530 | 28.984.540,71 | 115.013.089,90 | 143.997.630,61 | 20,13% | 79,87% |

Fonte: Información facilitada pola Consellería de Política Social

Atendendo aos datos reflectidos no cadro, apréciase como a evolución do número de expedientes que en cada exercicio obtiveron unha prestación económica de coidados no contorno familiar amosa o valor máis alto no exercicio 2011, con 17.272 expedientes, a partir do cal comeza a descender ata o exercicio 2014, onde acada os 11.593 expedientes. No exercicio 2015 o número destas prestacións económicas incrementouse ata os 12.530 expedientes.

Obsérvase que nos últimos exercicios do período o importe total da prestación económica para coidados no contorno familiar perde paulatinamente peso fronte ao gasto por prestación do servizo de atención residencial. A pesar disto, o número de dependentes atendidos no contorno familiar segue a ser elevado en relación coas prazas residenciais financiadas pola Comunidade Autónoma, lonxe do espírito e do establecido no artigo 18 da Lei 39/2006, que considera que a prestación económica para coidados no contorno familiar debe ter carácter excepcional. Tamén, o Consello Territorial do SAAD considerou (acordo do 10 de xuño de 2012) que esta prestación, polas súas características, non é a que realmente xera emprego e actividade económica, que si xeran as prestacións a través de servizos.

## VI.4. PRESTACIÓN ECONÓMICA VINCULADA AO SERVIZO

**6.6.** Como se dixo anteriormente, cando non sexa posible a atención mediante algún dos servizos sinalados no catálogo, o sistema conta coa cobertura alternativa dunha prestación económica vinculada, cuxa finalidade é a de contribuír mediante unha achega económica ao cofinanciamento da adquisición do servizo previsto no PIA; é dicir, cando as circunstancias non permitan a súa cobertura mediante a rede de servizos públicos e o servizo ten que ser prestado por unha entidade

ou centro acreditado para a atención á dependencia, o sistema contribúe á súa adquisición cunha achega económica. Esta achega ten carácter periódico e modúlase en atención ao grao de dependencia e a capacidade económica do beneficiario.

Esta prestación pódese solicitar no momento de iniciación do expediente como opción principal ou como opción subsidiaria no caso de non conseguir o acceso efectivo ao servizo residencial e en tanto non se consiga; e tamén se pode solicitar, de non facelo nun primeiro momento, se transcorridos tres meses desde a resolución do PIA non se lle asignou o servizo residencial.

**6.7.** O cadro seguinte recolle unha estimación do custo aboado en concepto de prestación económica vinculada ao servizo residencial, distinguindo entre a parte correspondente ás prestacións económicas e os atrasos orixinados por non ser aboadas no seu momento. Ademais de que se trata dunha estimación –pois non foi posible obter os datos exactos do importe satisfeito en concepto destas prestacións económicas–, a serie debe ser tomada con cautela na análise dado que os sucesivos cambios lexislativos, principalmente o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, influíron notablemente na contía e forma de determinación deste dereito, supoñendo unha diminución do importe das prestacións económicas.

**Cadro 25: Estimación da evolución das prestacións económicas vinculadas ao servizo. (Euros)**

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Número expedientes | 6 | 287 | 1.946 | 2.884 | 3.334 | 3.285 | 5.349 | 4.148 | |
| Prest. eco. do servizo | 10.670,31 | 292.734,35 | 4.948278,57 | 10.360.237,51 | 13.383.839,73 | 13.548.740,72 | 11.818.542,62 | 11.938.357,85 | **66.301.401,66** |
| Atrasos | 30.203,38 | 734.321,74 | 16.481.684,25 | 9.535.670,86 | 3.264.178,20 | 1.193.833,21 | 4.216.567,00 | 5.531.468,59 | **40.987.927,22** |
| **Importe anual** | **40.873,69** | **1.027.056,09** | **21.429.962,82** | **19.895.908,37** | **16.648.017,93** | **14.742.573,93** | **16.035.109,62** | **17.469.826,44** | **107.289.328,88** |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

O número de dependentes que teñen recoñecido o dereito á prestación económica vinculada ao servizo residencial amosa un crecemento continuo desde o exercicio 2008, no que figuraban seis prestacións económicas activas, ata o exercicio 2014 con 5.349 prestacións económicas, diminuíndo ata os 4.148 expedientes en 2015.

# VI.5. COFINANCIAMENTO DO SERVIZO RESIDENCIAL

**6.8.** Todas as persoas beneficiarias dun servizo residencial están obrigadas a contribuír ao financiamento da praza ocupada. Este financiamento ten lugar a través do pago dun prezo público no caso de que o servizo sexa prestado directamente pola Administración ou a través dun prezo privado no caso de que o servizo sexa prestado de forma indirecta pola Administración, é dicir, a través de concesións ou concertos. Neste sentido, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, regula a contribución financeira das persoas usuarias ao custo do servizo e establece os criterios para esa participación financeira.

Os prezos así determinados consisten nunha porcentaxe da capacidade económica do residente. Esta porcentaxe vaise modular de forma progresiva tanto en función da capacidade económica en termos IPREM como do grao de dependencia recoñecido.

A capacidade económica vén determinada para cada usuario de forma expresa na resolución do programa individual de atención tomando como base a súa renda, modificada á alza pola suma dunha porcentaxe do seu patrimonio neto segundo a súa idade: un 5% a partir dos 65 anos de idade, un 3% entre os 35 e os 65 anos, e dun 1% para os menores de 35 anos.

A contribución do beneficiario así calculada está porén limitada de xeito que se garante un mínimo vital a cada residente equivalente ao 24% dos seus ingresos líquidos e un 19 % do IPREM. Esta limitación provoca que a valoración do patrimonio non teña influencia na determinación do copago. A razón é que tómase como copago a cantidade que resulte inferior de entre os ingresos líquidos menos o mínimo vital (24%) ou ben a porcentaxe aplicable (do 70% ao 90%) sobre os ingresos líquidos incrementados nunha porcentaxe do valor do patrimonio. Dado que sempre sae máis beneficioso para o usuario o cálculo do importe dos ingresos líquidos menos o mínimo vital, aplícase este importe, no que non se ten en conta o valor do patrimonio. En definitiva, nun importante número de casos o copago consiste no 76% dos seus ingresos líquidos.

**6.9.** Porén, de forma transitoria, no exercicio 2014 non resulta de aplicación o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, dado que estableceu o prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor, para determinar deste xeito a capacidade económica e a participación no custo dos servizos dos usuarios que na data de publicación xa contaban con resolución de programa individual de atención e determinación da súa participación no custo dos servizos.

Durante este período, que abrangue ata o 1 de novembro de 2014, estes usuarios aboarían as cantidades que lles corresponda por aplicación dos prezos regulados no Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, establecidos nun 75% dos ingresos líquidos anuais percibidos exceptuando destes as pagas extraordinarias das pensións, fraccionándose o pago da cantidade resultante en doce mensualidades.

**6.10.** A xestión dos ingresos dos usuarios das residencias xestionadas directamente pola Administración corresponde inicialmente á propia residencia, que mensualmente liquida aos residentes o importe correspondente ás estancias. Os importes ingresados correspondentes a estas liquidacións mensuais son transferidos por cada xefatura territorial na conta do Tesouro, remitindo á Dirección Xeral de Maiores unha copia do impreso de prezos públicos.

O seguinte cadro amosa a evolución dos ingresos por prezos públicos correspondentes ao servizo residencial durante os anos 2011-2015. De acordo co mesmo, no exercicio 2014 os prezos públicos derivados da prestación do servizo residencial supuxeron uns ingresos no Tesouro por importe de 10,7 millóns de euros, que se incrementaron ata os 11,65 millóns de euros en 2015. Así, o ingreso medio mensual por residente queda establecido en 445,59 euros neste exercicio. Apréciase como a perda de 24 prazas de xestión propia no exercicio 2013 con respecto a 2012 supón unha minoración dos ingresos totais, e tamén que a modificación normativa acaecida no 2013, coa alteración do sistema de participación dos usuarios dos servizos públicos, se traduciu nun incremento recadatorio nos exercicios 2014 e 2015.

**Cadro 26: Evolución dos ingresos por prezos públicos derivados do servizo residencial. 2011-2015. (Euros)**

| Ano | Importe* | Prazas | Ingreso medio mensual |
|---|---|---|---|
| 2011 | 9.681.270,23 | 2.203 | 366,21 |
| 2012 | 9.560.727,51 | 2.203 | 361,65 |
| 2013 | 9.215.414,84 | 2.179 | 352,43 |
| 2014 | 10.694.622,85 | 2.179 | 409,00 |
| 2015 | 11.651.269,45 | 2.179 | 445,59 |

*Exclúense outros pagos dos beneficiarios, como transporte ou farmacia

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

**6.11.** Da revisión efectuada sobre a xestión dos ingresos correspondentes ás cotas dos usuarios das residencias xestionadas directamente despréndense as seguintes incidencias:

a) A xestión dos importes a liquidar e a comprobación do seu ingreso, que debe ter lugar nos vinte primeiros días correspondentes a cada mes natural respecto dos servizos prestados no mes anterior,

correspóndelles ás propias residencias. Transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se pagase a obriga, a recadación efectuarase coercitivamente, mediante o procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento. De acordo cos datos facilitados polas residencias, ao longo do exercicio 2014 os usuarios deixaron de ingresar 60.316,75 euros, sen que se iniciaran en ningún caso actuacións administrativas dirixidas á execución do cobro, a pesar de que consta a notificación por parte dos xestores das residencias ás xefaturas territoriais da Consellería poñendo en coñecemento dita situación.

No caso das residencias xestionadas a través de concesións ou concertos, a xestión dos impagados corresponde ás empresas e fundacións titulares do contrato.

b) Con respecto á determinación da capacidade económica, e en definitiva a contía do copago dos residentes, como norma xeral tómanse os ingresos declarados na renda (IRPF) do ano da solicitude. Conforme ao disposto no artigo 18.1 do Decreto 149/2013, a xefatura territorial debe proceder de oficio durante o primeiro trimestre de cada exercicio a ditar resolución de actualización da capacidade económica e da nova participación no custo do servizo. Porén, debido á importante carga de traballo existente nestes órganos territoriais, puido comprobarse que en ningunha das xefaturas territoriais se procede a actualizar a capacidade económica dos residentes, agás os illados casos en que o soliciten os interesados. Deste xeito, unha vez fixado o importe inicial da contribución ao servizo, este pasa a ter na práctica un carácter permanente, salvo que a persoa interesada solicite a súa modificación.

# VII. CONTROL E AVALIACIÓN DA CALIDADE DO SERVIZO

**7.1.** Nos seguintes puntos deste apartado do informe póñense de manifesto os resultados dos controis efectuados sobre a prestación do servizo residencial, incidindo naqueles factores que inflúen, en maior medida, na calidade deste servizo. A análise realizouse a partir dos plans anuais de inspección e das actas realizadas pola Inspección de Servizos nas visitas aos centros residenciais sen previa notificación para verificar, entre outros aspectos, a calidade do servizo e tamén para formular propostas de mellora. Ademais, tamén se desenvolveron actuacións de fiscalización por este Consello de Contas. A avaliación da calidade do servizo realizouse sobre as conclusións dun estudo que analizou o grao de satisfacción dos usuarios dos servizos de dependencia e cos datos teóricos das ratios do persoal de atención directa.

# VII.1. INSPECCIÓNS DO SERVIZO RESIDENCIAL

## VII.1.1. ASPECTOS XERAIS

**7.2.** A protección dos intereses e dereitos das persoas destinatarias dos servizos sociais, entre os que se atopa o servizo residencial, require que os poderes públicos deban garantir a calidade do sistema de servizos sociais. Os mecanismos de control e garantía pública do Sistema de Servizos Sociais regúlanse pola Lei 13/2008, de servizos sociais. No título VIII desta norma disponse que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia para levar a cabo, entre outras funcións, a de inspección –e, no seu caso, a de sanción– das entidades que desenvolvan servizos sociais.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, que desenvolve os preceptos da Lei 13/2008, do 3 de decembro, regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia. De acordo con esta norma, a Inspección de Servizos Sociais configúrase como un instrumento esencial de colaboración e asesoramento das persoas usuarias e das entidades encargadas da prestación de servizos sociais, ademais dunha garantía fundamental no respecto dos dereitos sociais da cidadanía de Galicia.

Dentro da Administración autonómica, a Subdirección Xeral de Autorizacións e Inspección de Servizos Sociais, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, é o órgano encargado de inspeccionar os servizos sociais. Dentro desta Subdirección, correspóndelle ao Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia o desenvolvemento das funcións atribuídas á Subdirección Xeral no ámbito das entidades, servizos, centros e programas dirixidos a maiores, persoas con discapacidade e a persoas con dependencia.

A Inspección ten por función verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, de forma que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se presten á cidadanía no territorio galego. Están suxeitas á Inspección tódalas entidades que desenvolvan servizos sociais no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma galega.

A función inspectora realízase de oficio polo órgano competente, ben por iniciativa propia ou a instancia doutros órganos ou organismos da Xunta da Galicia ou doutras Administracións públicas, ou con motivo de queixas ou informacións obtidas directamente de persoas usuarias ou da cidadanía en xeral, debidamente fundadas.

As condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores regúlanse pola Orde do 18 de abril de 1996, de desenvolvemento do Decreto 243/1995, do 28 de

xullo, derrogado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro. Esta orde foi modificada posteriormente pola Orde do 13 de abril de 2007 e pola Orde do 20 de xullo de 2010, que regulan as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

En canto aos requisitos de persoal, establecen que todo centro residencial deberá contar coa figura dun responsable e que o persoal debe ser adecuado en número e especialización para prestar os servizos correspondentes. A ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por residente con autonomía e de 0,35 por residente dependente. A estes efectos, entenderase por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario.

Deberá garantirse a vixilancia e coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función. Nos centros cun número inferior a 40 prazas asistidas deberase contar coa presenza localizada dun médico e ATS ou DUE durante as 24 horas. Aqueles cun número superior de prazas asistidas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física de ATS ou DUE as 24 horas.

Sen prexuízo do anterior, deberase prestar unha asistencia sanitaria integral a tódolos residentes, a través de prestacións de servizos profesionais propios ou concertados.

## VII.1.2. PLANS DE INSPECCIÓN

A actividade inspectora organízase de conformidade coas directrices e coas prioridades acordadas no Plan anual de inspección aprobado polo titular da Consellería competente en materia de servizos sociais. O plan de inspección fixará os obxectivos anuais da unidade en relación cos servizos existentes no momento no que se elabore. Ademais, recollerá os datos referidos ao ano anterior e avaliará o grao de cumprimento da planificación realizada.

Así, a Consellería de Asuntos Sociais aproba anualmente un plan de inspección, tendo en conta os efectivos de persoal e a información dispoñible de anos anteriores, co obxectivo de mellorar a calidade dos servizos e garantir os dereitos das persoas usuarias.

No seguinte cadro amósanse os obxectivos dos plans de inspección referidos á totalidade dos centros de maiores no período 2010-2016:

**Cadro 27: Plans de inspección de centros de maiores 2010-2016**

| Ano | Nº centros (1) | Nº centros previstos | Nº centros visitados | % Centros previstos s/centros totais | % Centros inspeccionados/ previstos |
|---|---|---|---|---|---|
| 2016 | 541 | 216 | N/D | 39,92% | N/D |
| 2015 | 550 | 240 | 198 | 43,64% | 82,50% |
| 2014 | 511 | 274 | 388 | 53,62% | 141,61% |
| 2013 | 502 | 352 | 329 | 70,11% | 93,47% |
| 2012 | 462 | 274 | 323 | 59,31% | 117,88% |
| 2011 | 462 | 373 | 418 | 80,74% | 112,06% |
| 2010 | 429 | 429 | 354 | 100,00% | 82,52% |

Fonte: Elaboración propia a partir dos plans de inspección da Consellería

N/D: Dato non dispoñible

(1) O número de centros comprende os centros residenciais, centros de día, apartamentos tutelados e vivendas comunitarias. Non se inclúen os fogares e clubs, xa que dada a súa tipoloxía non son obxecto de inspección agás que se produza unha denuncia

**7.3.** Obsérvase que ao longo deste período o número de centros incrementouse en 112 (un 26%), mentres que as previsións de inspección foron decrecendo progresivamente dos 429 do ano 2010 aos 216 do ano 2016, coa salvidade do ano 2013 no que se incrementaron as previsións sobre o ano anterior. Desde ese ano 2013 a previsión de inspección dos centros autorizados decrece paulatinamente do 70% nese ano ao 40% no ano 2016.

Os obxectivos específicos para os centros propios, centros propios en concesión, e centros con prazas concertadas tamén foron variando ao longo do período analizado.

No ano 2011 a inspección centrouse nas medidas de suxeición física, protocolos de medicación, protocolos de caídas e incapacitación dos usuarios. No 2012 incídese na verificación da implantación dos anteriores protocolos; no cumprimento da ratio mínima de persoal e na adecuada cualificación deste; e no control da facturación aos usuarios, tanto do prezo do contrato de prestación de servizos, no seu caso, como do prezo dos servizos complementarios.

A partir do ano 2013 os plans establecen que nas inspeccións, tanto aos centros titularidade da Xunta como aos centros de titularidade privada con prazas concertadas, verificarase o cumprimento do contrato administrativo asinado, para dar conta do resultado á Secretaría Xeral Técnica e á Secretaría Xeral de Política Social. Tamén contemplan que se verifiquen os datos referidos ás prestacións económicas vinculadas á adquisición dese servizo.

Débese ter en conta que o Decreto 254/2011, que regula a inspección de servizos sociais, non atribúe á Inspección a función de verificación do cumprimento dos contratos administrativos de xestión do servizo residencial, aínda que prevexa (no seu artigo 47) que poida emitir informes en materia de financiación pública, para o que, a solicitude do órgano de contratación, a Inspección

pode informar sobre a xestión e o funcionamento dos servizos sociais contratados e o cumprimento das condicións acordadas. Porén, esta función informativa non implica a supervisión da execución dos contratos de xestión do servizo residencial.

**7.4.** Respecto da verificación do cumprimento dos contratos nas inspeccións ordinarias, débese sinalar que os pregos de cláusulas administrativas da maioría das concesións e concertos establecen que o órgano de contratación designará un responsable do contrato ao que lle corresponde supervisar a súa execución, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. Neste sentido, a Inspección de Servizos Sociais non debe asumir as funcións administrativas do responsable da contratación, xa que o seu labor debería dirixirse, prioritariamente, a verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, a establecer sistemas de control de calidade para garantir os dereitos das persoas usuarias e, no seu caso, a propoñer a iniciación de expedientes sancionadores ou adoptar medidas cautelares.

Por outra parte, aínda que o número de centros a inspeccionar no período fiscalizado se incrementou un 26%, ao longo deste período mantense a mesma estrutura interna e o mesmo número de efectivos: 1 posto de subdirector/a, 3 postos de xefaturas de servizo, 11 inspectores/as, 2 prazas de persoal de pedagoxía, 1 praza de psicoloxía e 9 postos administrativos. Tendo en conta que con estes efectivos de persoal débense inspeccionar as áreas de familia e menores, maiores, discapacitados e dependencia, e inclusión social e servizos, non parece aconsellable que a Inspección de Servizos asuma tamén as funcións que lle corresponden ao responsable do contrato como supervisor da correcta execución daquel.

## VII.1.3. ANÁLISE DOS INFORMES

**7.5.** Neste apartado recóllense as principais incidencias detectadas pola Inspección de Servizos na prestación do servizo de atención residencial tanto nos centros propios (xestionados directamente pola Xunta ou a través de empresas, fundacións e outras entidades) como nos centros externos (privados e municipais) con concerto de prazas públicas. Para estes efectos, revisáronse as actas de inspección realizadas sobre estes centros nos anos 2014 e 2015 comprobando, na medida do posible, se se iniciaron procedementos sancionadores ou se adoptaron medidas cautelares para a subsanación das incidencias.

Nese período a Inspección expediu 65 actas no ano 2014 e 57 actas no 2015 a centros residenciais con prazas públicas. O resultado das actuacións ordinarias recollido nas actas estrutúrase en

diferentes apartados referidos ao persoal, ao funcionamento, ás instalacións e á documentación. Algunhas actas só reflicten o actuado con respecto a algún destes aspectos. Por outra parte, un pequeno número de actas son consecuencia de denuncias, limitándose nestes casos o resultado da inspección aos aspectos denunciados. As mesmas actas recollen, en ocasións, que non se emendaron as deficiencias sinaladas en actas anteriores.

Nos seguintes apartados reflíctense as principais incidencias postas de manifesto nesas actuacións inspectoras:

➢ Incidencias referidas ao persoal dos centros residenciais.

En 53 actas constan incidencias relativas ao persoal, o que representa unha porcentaxe superior ao 40% do total das actas. Estas actuacións diríxense ao persoal de atención directa, tanto xerocultor como sanitario. Así, en 26 actas especifícase que o día da visita ao centro residencial o número de persoas de atención directa que traballaban ese día no centro non cumpre coa ratio mínima de 0,35 por usuario establecida para os centros destinados a persoas dependentes na Orde do 18 de abril de 1996, que desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. En 14 actas constan incumprimentos sobre o cadro de persoal ofertado, o que nalgúns supostos implica un incumprimento da ratio mínima de persoal de atención directa.

➢ Incidencias referidas ás instalacións e equipamentos.

Nunha porcentaxe superior ao 46% do total das actas constan deficiencias neste aspecto. Entre outras incidencias, son frecuentes os desperfectos e estado inadecuado das instalacións ou as relativas ao uso –ou cambios de uso– das instalacións non autorizado pola Inspección.

➢ Incidencias referidas ao funcionamento.

En máis do 80% do total das actas recóllense incidencias sobre os protocolos de funcionamento ou falta de rigorosidade en diversos rexistros.

➢ Incidencias referidas á documentación.

En máis dun 60% do total das actas constan deficiencias na documentación, correspondendo a maior parte á non actualización dos datos do RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais), que deberían estar permanentemente actualizados, conforme dispón o Decreto 254/2011.

## VII.2. RESULTADO DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL

**7.6.** Seleccionáronse 25 centros residenciais para a comprobación, nas mesmas dependencias e nas condicións nas que se desenvolve o servizo residencial, de determinados aspectos referidos ao cumprimento da legalidade e ao funcionamento dos centros. Nos anexos deste informe incorpórase unha información de carácter básico destas residencias.

**7.6.1.** En ao menos 17 das residencias seleccionadas os centros non manteñen actualizada a información que debe constar no RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais), e só unhas poucas, como a residencia de Monforte, a de Sar Quavitae San Lázaro en Santiago, e a de Sanyres en Lugo ofrecen información actualizada ao exercicio 2017. Nas residencias propias xestionadas pola Xunta (agás a residencia da Estrada), os datos do persoal de atención directa que figuran no RUEPSS non se actualizaron coa nova RPT aprobada no ano 2016, chegando a detectarse diferenzas considerables no número de efectivos. A modo de exemplo, sinálanse os casos da RPT do CRAPD de Vigo (conta con 190 auxiliares de clínica mentres que no RUEPSS figura un número de 174), e a residencia de Oleiros (na que constan 142 auxiliares mentres no RUEPSS tan só figura 105). Os centros xestionados pola Fundación San Rosendo e pola Fundación Valdegodos non actualizaron a información desde os anos 2011 e 2012, respectivamente.

**7.6.2.** Os resultados que se presentan neste apartado refírense a residencias cun contrato de prazas públicas derivadas dunha concesión ou dun concerto, e nos que a Inspección de Servizos asume a verificación do cumprimento do contrato. Os traballos de fiscalización partiron da información facilitada polos centros, e incluíron o exame dos expedientes de contratación e os datos que constan no RUEPSS. A análise centrouse na revisión de determinados aspectos relativos ao persoal das residencias, con particular referencia ao de atención directa. Respecto dos centros con xestión propia, o exame de aspectos relacionados coa cobertura de persoal realízase noutro apartado deste informe.

Nalgúns casos non foi posible comprobar o cumprimento da oferta contractual respecto do persoal de atención directa por non constar nos expedientes de contratación os cadros de persoal ofertados polos licitadores, como son os casos das residencias de Ribeira, Nueva vida en Vilaboa, Sanyres en Lugo, ou Ribadumia, agás no contrato de 2009. Por outra parte, en xeral os cadros de persoal que facilitaron os centros residenciais correspondentes aos meses elixidos para verificación (maio de

2014 e febreiro de 2017) non permiten identificar con claridade os traballadores fixos daqueles que os substitúen nos casos de ausencia por vacacións, permisos, enfermidade ou calquera outra causa para contrastar co persoal ofertado no contrato.

**7.6.3.** As observacións e incidencias detectadas ordénanse por categorías conforme o sistema de análise aplicado na revisión das actas de inspección realizado no apartado anterior:

- Os cadros de persoal que constan no RUEPSS non coinciden en número de efectivos co cadro de persoal ofertado para a contratación, apreciándose valores inferiores. Na residencia de Laraxe afecta ao número de xerocultores; nas de Monforte de Lemos, Ribadumia e San Lázaro, ao persoal de atención directa (nesta última débese fundamentalmente ao persoal de xerocultura); nas de Nosa Señora da Esperanza, Nuestra Señora de los Gozos e Nuestra Señora del Rosario, a auxiliares; e especial incidencia reflicte a residencia de Viana do Bolo, na que a Fundación Valdegodos ofertou para a contratación do servizo no ano 2005 un cadro de persoal cunha ratio de persoal de atención directa para unha ocupación total da residencia (125 prazas de asistidos) do 0,29, inferior á ratio do 0,35 esixida pola Orde do 18 de abril de 1996, que regula as condicións e requisitos de persoal que deben cumprir as residencias.

- Advírtese a contratación de prazas públicas nun mesmo centro con diferentes ratios de persoal de atención directa, con diferentes prezos praza/día e con diferentes prezos de praza reservada non vacante. A pesar disto, non consta que se teña adoptado un criterio para verificar o cumprimento das diferentes condicións da contratación das prazas, fundamentalmente no referido ás esixencias de persoal de atención directa. Esta incidencia ponse de manifesto nas residencias de San Lázaro e Ribadumia, que teñen varios contratos para concertar prazas públicas. Os cadros de persoal ofertados establecen ratios de persoal de atención directa distinta, que oscila entre o 0,36 e o 0,45 na residencia de San Lázaro e entre un 35,53% e un 44% na de Ribadumia. Nesta última, no momento da fiscalización existían catro contratos (resultado de diferentes ampliacións de prazas) pero só consta o cadro de persoal dun deles (o realizado en data 16.08.2009).

- Nas prescricións técnicas dos contratos prevense servizos para os que non consta a existencia de persoal axeitado no cadro de persoal dos centros. Así, a residencia de Laraxe non conta con persoal de terapia ocupacional a pesar de ter previstas actividades de rehabilitación menor; a de Monforte de Lemos, por ter centro de día de alzheimer, debe dispoñer –segundo a Orde do 18 de abril de 1996– dun servizo de atención psicolóxica con persoal de psicoloxía no seu cadro de persoal; e na Nosa Señora da Esperanza non se prestan servizos de psicoloxía, a pesar de figurar na oferta da adxudicataria.

- Non se cubren totalmente (tempos de presencia) determinados postos en función das previsións dos pregos. Na residencia de Quiroga afecta ao persoal médico e de terapia ocupacional; na de Viana do Bolo, ao médico; nas residencias Nuestra Señora de la Esperanza, Nuestra Señora de los Gozos e Nuestra Señora del Rosario, ao traballador social, e nesta última tamén ao fisioterapeuta; na residencia de Castro Riberas de Lea a incidencia afecta aos postos de persoal médico, traballador social ou terapeuta ocupacional, e tense xustificado pola dificultade de encontrar profesionais para o seu desempeño.

- Nos cadros de persoal figuran de forma non diferenciada, dentro do persoal de atención directa e coa denominación de coidador/a, varios traballadores que realizan funcións de atención directa e de servizos xerais, sen que todos eles dispoñan da cualificación requirida para realizar funcións de atención directa. A información que consta no RUEPSS non diferencia as categorías deste persoal coidador nin contén información sobre as titulacións do persoal que presta estes servizos nos centros. Esta incidencia é común nas residencias xestionadas pola Fundación San Rosendo (residencias de Nuestra Señora de la Esperanza de Ourense, Nuestra Señora de los Gozos en Pereiro de Aguiar, Nuestra Señora del Rosario en Valeixe-Pontevedra, e San José en Arzúa). De forma particular, apreciouse que o persoal que presta servizos na residencia Nuestra Señora de la Esperanza non coincide co cadro de persoal ofertado pola Fundación para o concurso no ano 2006, e que dous médicos que prestan servizos no centro non están contratados pola Fundación, senón que prestan servizos de voluntariado, sen que conste o número de horas de dedicación a este servizo. Situación similar afecta á residencia Nuestra Señora de los Gozos, onde a oferta incluía un médico, porén non consta a relación laboral entre o médico e a Fundación para a prestación do servizo de 6 horas/semana.

**7.6.4.** Algunhas das anteriores incidencias están recollidas nas actuacións da Inspección de xeito reiterado. Nas actas da Inspección advírtese de que no prazo dun mes débense levar a cabo as actuacións necesarias para emendar os incumprimentos constatados, acreditando documentalmente a súa corrección, sen prexuízo da súa comprobación en futuras visitas de inspección. Non atender estes requirimentos poderá ter a consideración de obstrución ao labor da Inspección, que de acordo co disposto no artigo 81. K da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, constitúe unha falta grave. Ademais, a Inspección advirte nas actas de que os feitos constatados poden ser constitutivos de infraccións e sancións en materia de servizos sociais tipificadas nos artigos 79 e seguintes da Lei de servizos sociais de Galicia. Porén, apreciouse que, a pesar de que os centros non corrixiron as irregularidades observadas, a Inspección non ten proposto a iniciación de expedientes sancionadores.

**7.6.5.** Un aspecto de especial significación é a falta de actualización dos datos que figuran no RUEPSS. A pesar disto, a Inspección non ten adoptado as medidas pertinentes para asegurar que as entidades prestadoras de servizos sociais actualicen a información en tempo real. Segundo o disposto no artigo 10 do Decreto 254/2011, o RUEPSS ten por obxectivo fundamental elaborar e ter a disposición do público un censo actualizado das entidades prestadoras de servizos sociais e dos centros e programas autorizados no territorio da Comunidade Autónoma. Ademais, confórmase como un instrumento básico para o coñecemento, control, planificación, ordenación e publicación do Sistema Galego de Servizos Sociais, polo que a Consellería, en aras ao cumprimento do principio de transparencia e eficiencia, debería esixir que os centros dean cumprimento a esta obriga.

## VII.3. AVALIACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

**7.7.** No ano 2013 a Xunta de Galicia contratou a elaboración dun estudo para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios dos servizos de dependencia, sen que conste que a Consellería teña realizado novas avaliacións sobre a prestación do servizo residencial. Nunha valoración sobre 5 puntos, o servizo de atención residencial foi valorado cunha puntuación de 4,26; o servizo de axuda no fogar con 3,86; os servizos de teleasistencia con 4,46; e atención diúrna con 4,5 puntos.

A recollida da información para a avaliación do servizo de atención residencial, para persoas maiores e discapacitadas, efectuouse a través de enquisas presenciais a usuarios e familiares. A avaliación do grao de satisfacción realizouse tendo en conta a tipoloxía do centro, a idade dos enquisados, o tempo de permanencia no centro e a modalidade de xestión (propia, concesión, ou concerto). O grao de satisfacción respecto á avaliación de maneira global do conxunto dos servizos do centro por tipo de xestión é de 4,26 puntos no caso de residencias con xestión propia; 4,22 puntos no caso do servizo residencial concertado; e 3,93 puntos no caso do servizo residencial xestionado externamente.

Nos anexos deste informe inclúese, para cada un dos 24 elementos valorados, a puntuación resultante por tipo de xestión do centro. As puntuacións máis elevadas en 22 dos 24 elementos corresponden aos centros propios xestionados pola Xunta. Tan só no referido á información que os profesionais do centro facilitan aos familiares e á comodidade e amplitude da habitación recibe maior puntuación a xestión a través de concesión no primeiro caso e de concerto no segundo.

**7.8.** Un dos factores que inciden na calidade da prestación do servizo é a ratio de persoal de atención directa. A propia Consellería deixa constancia nos expedientes de contratación de que a ratio de persoal de atención directa ofertada por riba do mínimo establecido é un criterio que se escolle polo impacto na calidade asistencial dese persoal ofertado, dada a natureza do servizo que se contrata.

Atendendo á forma de xestión, mentres nas residencias con concesión ou concertos as prazas públicas contratadas son para maiores dependentes, a maioría dos centros con xestión directa son centros mixtos que ofrecen prazas para maiores dependentes e para maiores autónomos, ou prazas só para autónomos, ou son centros de maiores dependentes que ofrecen servizos de centro de día ou servizos sociocomunitarios. Só dúas residencias públicas xestionadas pola Xunta ofrecen de xeito exclusivo prazas para dependentes sen servizo de centro de día: son os centros CRAPD de Vigo e a residencia de Oleiros.

Para tratar de obxectivar na medida do posible a ratio de persoal de atención directa nas distintas formas de xestión (con medios propios ou a través de concesións ou concertos), seleccionamos os mencionados centros públicos de CRAPD de Vigo e a residencia de Oleiros, que representan un 59% do total das prazas para dependentes xestionadas pola Xunta.

Segundo os datos das relacións de postos de traballo destas residencias, resulta unha media teórica da ratio de persoal de atención directa de 0,51. Extrapolando a xornada destes traballadores (37,5 horas semanais fronte a 40 horas para os traballadores das empresas e fundacións que xestionan os centros con concesión ou concerto), resultaría un novo índice teórico de 0,48. Porén, este cálculo teórico vese afectado na práctica polas ausencias do persoal por diferentes motivos (IT, permisos, licencias ou vacacións), previstos ou non, que se traducen en menos xornadas efectivas e nunha redución do índice mencionado.

Respecto ás residencias con concesión ou concerto, para a determinación dese índice teórico de ratio de persoal de atención directa tomamos os datos das ofertas presentadas polas empresas e fundacións que resultaron adxudicatarias nos procesos de contratación desas prazas, resultando un índice de 0,39. Porén, tamén este índice teórico (ao igual que o exposto no parágrafo anterior para as residencias xestionadas con medios propios) debe considerarse como un máximo que na práctica non se acada polos motivos indicados.

Esta diferenza na ratio relativa aos efectivos de persoal de atención directa é un factor que pode repercutir na calidade do servizo, e tamén na valoración outorgada polos residentes e familiares á calidade do servizo residencial.

# VIII. ANÁLISE DO GASTO DAS RESIDENCIAS DE XESTIÓN DIRECTA

## VIII.1. ASPECTOS XERAIS

**8.1.** A Xunta xestiona directamente 19 residencias de maiores autónomos e dependentes, con 2.179 prazas residenciais á data de fiscalización. A atención residencial realízase con persoal propio da Xunta, aínda que nalgún caso determinados servizos son contratados con empresas externas. Estes centros residenciais son de diferente tipoloxía: residencias de maiores autónomos, residencias mixtas de autónomos e dependentes, residencias que dispoñen de centro de día, e residencias que albergan centros sociocomunitarios. Como caso particular, a residencia de autónomos A Milagrosa de Lugo dispón de 10 prazas de comedor para persoas maiores que viven no seu domicilio e acoden á residencia para almorzar, xantar e cear diariamente.

**8.2.** En canto ao grao de ocupación, habitualmente as prazas residenciais dispoñibles están ocupadas, podendo estar temporalmente vacantes no tempo que dura a tramitación do procedemento regulamentario previsto para o ingreso na residencia. Excepcionalmente, no período fiscalizado non estaban ocupadas todas as prazas en tres residencias debido á realización de obras de mellora ou reforma dos edificios, o que impediu a incorporación de novos residentes e fixo necesario o desaloxo de determinadas plantas, e mesmo ás veces o traslado dos maiores a outros centros. Este foi o caso das residencias de Ferrol e As Gándaras (Lugo) no ano 2014. Tampouco na residencia de Porta do Camiño de Santiago se cubriron tódalas prazas no ano 2016, co obxecto de facilitar obras de mantemento integral do centro, substitución de fiestras e outras obras necesarias para o adecuado funcionamento do centro. Á data desta fiscalización estas obras seguían pendentes de realización.

No seguinte cadro móstrase a tipoloxía dos 10 centros residenciais seleccionados para a comprobación in situ de determinados aspectos, así como o número de prazas de usuarios asistidos e autónomos. Nos anexos deste informe incorpóranse as fichas de cada un destes centros residenciais, nas que se recolle unha información de carácter básico, obtida nos traballos de fiscalización das residencias seleccionadas.

**Cadro 28: Características das residencias fiscalizadas con xestión propia**

| NOME | TIPOLOXÍA | PRAZAS | GRAO OCUPACIÓN |
|---|---|---|---|
| CRAPD VIGO (2 RESIDENCIAS) | Residencia dependentes | 454 | 100% |
| RM OLEIROS | Residencia dependentes | 284 | 100% |
| RM VOLTA DO CASTRO | Residencia dependentes e centro día | 150 | 100% |
| RM FERROL | Residencia mixta e centro sociocomunitario | 32 depen./ 64 autón. | No ano 2014 non se ocuparon totalmente por razón de obras |
| RM AS GÁNDARAS | Residencia mixta e centro día | 42 depen./176 autón. | No ano 2014 non se ocuparon totalmente por razón de obras |
| RM NSA.SRA. MILAGRES (BARBADÁS) | Residencia mixta | 112 depen./17 autón. | 100% |
| RM PORTA DO CAMIÑO (SANTIAGO) | Residencia autónomos e centro sociocomunitario | 84 | 100% de xeito habitual. No 2016 non se acadou ocupación total |
| RM A MILAGROSA (LUGO) | Residencia autónomos | 54 | 100% |
| RM O CARBALLIÑO | Residencia autónomos | 24 | 100% |
| RM A ESTRADA | Residencia autónomos e centro sociocomunitario | 40 | 100% |

Fonte: Información facilitada polas residencias seleccionadas

**8.3.** En canto aos servizos complementarios para os usuarios (podoloxía, perruquería, cafetería, etc), nos grandes centros residenciais préstanse servizos de podoloxía, perruquería e cafetería, excepto na residencia mixta Nosa Sra. dos Milagres en Barbadás, que non dispón de cafetería. O CRAPD de Vigo e a residencia de Volta do Castro en Santiago prestan servizos de psicoxeriatría, e a residencia de Ferrol de hixiene bucodental. As residencias de autónomos tamén prestan algún destes servizos: A Milagrosa, podoloxía e ximnasia; e as residencias do Carballiño e A Estrada, perruquería.

Porén, existen diferenzas en canto á contratación con empresas externas para a realización de traballos de limpeza, lavandería, ou mantemento das instalacións residenciais. Na maioría dos centros estes traballos realízaos o persoal propio da Xunta. Excepcionalmente, contratan algúns servizos tres residencias: o CRAPD de Vigo contratou con empresas externas a limpeza externa do edificio Vigo II, o control antiincendios, sistemas de extintores, control da lexionela, mantemento de software, mantemento e sistema de calefacción, ou mantemento e reparación de ascensores; a residencia de Volta do Castro contrata a lavandería da roupa plana, a limpeza dos cristais e da marmita da cociña; na residencia da Estrada contrátase a limpeza do centro sociocomunitario.

## VIII.2. GASTOS DE PERSOAL

**8.4.** As relacións laborais do persoal que presta servizos nas residencias xestionadas pola Xunta, fixo ou temporal, regúlanse polo V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Excepcionalmente, os postos de traballo para a realización de labores de dirección ou de carácter administrativo poden ocuparse por persoal funcionario. A xestión do gasto de persoal realízase de forma compartida pola Secretaría Xeral da Consellería, as xefaturas territoriais e as residencias.

De acordo coa RPT vixente (aprobada por Resolución do Consello da Xunta do 21 de xullo de 2016), as categorías de persoal laboral que ocupan o maior número de postos son as de persoal xerocultor/auxiliar de enfermería con 637 prazas e ATS/DUE con 138 prazas. Estas categorías forman parte do persoal de atención directa, ao igual que o persoal sanitario (médico/a, psicólogo/a, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional), asistentes sociais e persoal de animación sociocultural. O resto do persoal, de servizos xerais, ocupa diversos postos, como gobernantes, xefaturas e axudantes de cociña, encargados de almacén, oficiais de servizos técnicos, camareiros limpadores, e ordenanzas, entre outros.

No seguinte cadro móstrase o número de postos de traballo da última relación de postos de traballo (RPT) aprobada para as residencias de maiores.

**Cadro 29: Composición do persoal das residencias de maiores**

| Vinculación/dedicación | Número de persoas | %/total |
|---|---|---|
| Persoal laboral de atención directa | 841 | 52% |
| Resto persoal laboral | 700 | 44% |
| Total prazas dirección e administración | 65 | 4% |
| **Total** | **1.606** | **100%** |

Fonte: Datos obtidos das RPT vixentes

**8.5.** Os gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta de Galicia constitúen o apartado de gastos correntes de maior significación. No período 2010-2015 acadaron un importe de 298,51 millóns de euros. En particular, no exercicio 2014 representaron un 83% do gasto corrente total, cun importe de 48,34 millóns de euros.

No seguinte cadro figura o importe executado en concepto de gastos de persoal no período 2010-2015 no conxunto das residencias publicas xestionadas de forma directa.

**Cadro 30: Gastos de persoal das residencias xestionadas pola Administración. 2010-2015. (Euros)**

| Exercicio | Importe | Variación |
|---|---|---|
| 2010 | 56.048.233,21 | - |
| 2011 | 52.692.465,34 | -5,99% |
| 2012 | 42.726.772,57 | -18,91% |
| 2013 | 46.640.819,16 | 9,16% |
| 2014 | 48.341.570,62 | 3,65% |
| 2015 | 52.068.624,17 | 7,71% |

Fonte: Datos facilitados pola Secretaría Xeral da Consellería de Política Social

**8.6.** Ao longo do período obsérvase un importante descenso do volume de gasto de persoal executado nos exercicios 2011 e 2012, moito máis acusado neste segundo exercicio. No exercicio 2013 iníciase unha senda de crecemento ata 2015, porén neste último exercicio o seu importe resulta aínda inferior ao do exercicio 2010 (un 7,1% menos). Sinalar que o importe destes gastos, ao longo do período analizado, puido verse afectado polas modificacións das relacións de postos de traballo dos anos 2011, 2013 e 2014.

**8.7.** A diminución dos gastos de persoal débese a diversas causas, entre as que se encontran as medidas de contención do gasto de persoal para corrixir o déficit público recollidas no Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. A primeira norma determinou o non incremento das retribucións do persoal para o ano 2012, e a segunda estableceu unha serie de medidas de redución das retribucións consistentes na supresión dunha paga extraordinaria, redución dos días de libre disposición, supresión dos días adicionais por antigüidade, limitación do tempo retribuído para realizar funcións sindicais, e modificación do réxime retributivo durante a situación de incapacidade temporal.

Ademais, o Real decreto lei 20/2012 permitiu a suspensión e modificación do V Convenio colectivo para o persoal da Xunta de Galicia. A disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, suspendeu desde o ano 2013 a aplicación do convenio colectivo no referido á compensación como descanso adicional do 75% do tempo pola prestación de servizos en domingo e festivos.

**8.8.** Por outra parte, a redución dos gastos de persoal foi posible pola non cobertura das vacacións e licencias e permisos recoñecidos ao persoal laboral da Xunta de Galicia no V Convenio colectivo único, fundamentalmente daqueles traballadores que realizan quendas e que non foron substituídos

a través de contratacións temporais. As quendas de traballo desenvólvense na maioría das categorías profesionais durante 24 horas ao día tódolos días do ano e cun máximo de 1.665 horas/ano.

**8.9.** A Consellería non dispón dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal das residencias, polo que estas utilizan sistemas informáticos propios. Esta carencia fixo que se encontraran dificultades para obter información homoxénea da cobertura efectiva a través de persoal temporal das xornadas non realizadas polo persoal da RPT, fundamentalmente daquel que traballa en quendas. O sistema informático dalgunhas residencias non ofrece información precisa sobre a cobertura de permisos, vacacións, baixas médicas, licencias, ou compensación do exceso de xornada.

**8.10.** Non se puido obter información homoxénea por medios informáticos das xornadas non realizadas polos traballadores das residencias xestionadas pola Xunta. Por isto, para os traballos de fiscalización seleccionáronse 10 residencias, ás que se lles solicitou información sobre a cobertura das xornadas efectivas non realizadas polos traballadores da RPT nas dúas categorías que representan a maioría do persoal de atención directa: ATS/DUE e auxiliares de enfermería/xerocultura.

**8.11.** Da información obtida despréndese que o servizo prestouse puntualmente con menos persoal nos seguintes casos:

a) Ausencias por baixas médicas, xa que con carácter xeral substitúense só cando son de media ou longa duración ou cando se trata de baixas por maternidade, paternidade, lactancia ou risco no embarazo.

b) Permisos por asuntos particulares e tempo de compensación por exceso de xornada realizada: salvo contadas excepcións, non se cubriron, constituíndo o número máis importante de permisos sen cubrir. Tampouco se substituíron integramente as vacacións anuais dos traballadores, ou os permisos por enfermidade grave dun familiar, entre outros permisos.

No seguinte cadro reflíctese o número de días de vacacións, permisos e días de incapacidade temporal (IT) sen substitución, así como os días nos que se produciron incidencias nas quendas. Neste último caso trátase de saídas do persoal fóra da residencia por motivos diversos tales como horas por eleccións, exames, asuntos particulares, saídas ao médico, ou horas por representación

sindical. En moitos supostos as incidencias determinan a ausencia do persoal durante toda a xornada de traballo.

**Cadro 31: Xornadas efectivas de permisos, vacacións e IT non cubertas. Ano 2014**

| Residencia | Prazas residenciais | Categoría profesional | Nº días permiso / vacacións | Nº días perm/vacac sen substitución | Nº días IT | Nº días IT sen substitución | Nº incidencias en quendas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R. Vigo I | 306 | ATS/DUE | 818 | 402 | 655 | 47 | 182 |
| | | Auxiliares de enfermería | 5.555 | 2.677 | 3.967 | 61 | 1.583 |
| R. A Estrada | 40 | ATS/DUE | 38 | 7 | 0 | 0 | n/c |
| | | Auxiliares de enfermería | 276 | 107 | 508 | 5 | 22 |
| R. Nsa. Sra. dos Milagres (Barbadás) | 130 | ATS/DUE | 532 | 118 | 616 | 1 | 13 |
| | | Auxiliares de enfermería | 1.570 | 460 | 1.477 | 22 | 194 |
| R. O Carballiño | 24 | ATS/DUE | 31 | 4 | 0 | 0 | 28 |
| | | Auxiliares de enfermería | 132 | 73 | 0 | 0 | 66 |
| R. A Milagrosa (Lugo) | 54 | ATS/DUE | 42 | 20 | 53 | 0 | 1 |
| | | Auxiliares de enfermería | 233 | 61 | 119 | 0 | 86 |
| R. As Gándaras | 218 | ATS/DUE | 455 | 160 | 63 | 6 | n/c |
| | | Auxiliares de enfermería | 1.491 | 617 | 645 | 163 | n/c |
| R. Ferrol | 191 | ATS/DUE | 322 | 124 | 68 | 2 | 3 |
| | | Auxiliares de enfermería | 968 | 399 | 1.317 | 75 | 291 |
| R. Oleiros (1) | 284 | ATS/DUE | 1.026 | 361 | 976 | 30 | n/c |
| | | Auxiliares de enfermería | 4.981 | 1.353 | 7.348 | 1.783 | n/c |
| R. Volta do Castro (Santiago) (2) | 150 | ATS/DUE | 413 | 127 | 22 | 22 | n/c |
| | | Auxiliares de enfermería | 1.992 | 606 | 1.933 | 0 | n/c |
| R. Porta do Camiño (Santiago) | 84 | ATS/DUE | 119 | 30 | 286 | 6 | n/c |
| | | Auxiliares de enfermería | 266 | 90 | 203 | 3 | n/c |
| **Total xornadas efectivas** | | | **21.260** | **7.796** | **20.256** | **2.226** | **2.469** |

Fonte: Datos facilitados polas residencias de maiores e xefaturas territoriais

(1) R. Oleiros indica que os días de substitución por IT resultan de aplicar un coeficiente do 60,82%, tendo en conta a xornada máxima anual do convenio colectivo.

(2) R. Volta do Castro indica que só dispón desta información referida aos días non substituídos por asuntos persoais, compensación horaria por necesidades do servizo e vacacións. Debido ás deficiencias do programa informático (Matrix) non pode ofrecer información doutros permisos non substituídos. Non aportaron información das incidencias en quendas.

n/c. Non consta

O persoal vinculado por convenio colectivo realiza anualmente, como norma xeral, 214 xornadas efectivas de traballo (descanso mínimo semanal de dous días ininterrompidos, 22 días hábiles de vacacións, descanso os días 24 e 31 de decembro, e o mesmo réxime de días por asuntos propios, permisos e licenzas que o persoal funcionario, e sumando ás xornadas de descanso 14 festivos). Neste sentido, tendo en conta os datos que se reflicten no anterior cadro, pódese deducir que os 10.022 días por vacacións e permisos e IT non substituídos nestas 10 residencias equivalerían, cando menos, ás xornadas anuais de 6,86 ATS/DUE e 39,98 auxiliares de enfermería/xerocultura ao longo do ano 2014.

O feito de que non se realizaran contratacións temporais para a cubrir as xornadas efectivas non realizadas polos traballadores da RPT determinou que o servizo se prestou con menos presenzas de persoal que as previstas nas carteleiras de quendas para a adecuada prestación do servizo, e tamén contribuíu en boa medida a reducir o volume dos gastos de persoal.

## VIII.3. GASTOS DE FUNCIONAMENTO

**8.12.** Os gastos de funcionamento constitúen o segundo gran compoñente do gasto de xestión dos centros públicos. Estes gastos, que se rexistran no capítulo II do orzamento, presentan a evolución que se reflicte no seguinte cadro:

**Cadro 32: Evolución dos gastos de funcionamento das residencias xestionadas pola Xunta. (Euros)**

| Exercicio | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Importe | 11.259.473,72 | 12.177.889,88 | 11.454.849,41 | 9.418.320,71 | 9.850.638,82 | 9.212.140,32 |
| Prazas residenciais | 2.187 | 2.203 | 2.203 | 2.179 | 2.179 | 2.179 |

Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Política Social

Tal e como se aprecia no cadro, os gastos de funcionamento destas residencias comezan un descenso no ano 2012 que se mantén ata o 2015, coa excepción do ano 2014 no que se produce un pequeno incremento respecto do ano anterior para volver a descender no ano 2015, no que os gastos de funcionamento acadaron o importe máis baixo do período. O número de prazas residenciais permaneceu case inalterable ao longo do período.

**8.13.** A xestión deste gasto asociado ao funcionamento destas residencias adoita estar repartida en tres niveis orgánicos: a propia residencia, as xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, e a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Maiores de dita Consellería.

En canto ao gasto que depende das residencias ao longo de 2014, sete das dezanove residencias xestionadas pola Administración contaban cun sistema de pagamentos a xustificar para a atención do gasto corrente. A través deste sistema, orientado ao funcionamento máis inmediato dos centros residenciais, aboouse un importe de 3,7 millóns de euros, correspondentes principalmente ao

concepto *228 Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais*, de gasto de funcionamento en centros residenciais[6].

As xefaturas territoriais tamén asumen unha parte da xestión económica do gasto das residencias sitas no seu territorio, compaxinando un sistema de pagamentos a xustificar coa realización de pagamentos en firme.

Por último, a Secretaría Xeral da Consellería de Política Social asume igualmente unha parte da xestión do gasto das distintas residencias mediante a tramitación dos contratos centralizados, que no exercicio 2014 acadaron un importe de 1,45 millóns de euros. O sistema de contratos centralizados emprégase para o sostemento dos gastos de enerxía eléctrica, calefacción, vestiario, roupa plana e comunicacións telefónicas, se ben con distintos niveis de implantación a nivel provincial; así, mentres nas provincias de Ourense e Pontevedra emprégase este sistema en tódalas residencias, na provincia da Coruña non se utiliza para as comunicacións postais, en catro centros residenciais tampouco se conta coa centralización do contrato de calefacción, e o contrato de enerxía eléctrica non está centralizado na residencia de Oleiros.

# IX. ANÁLISE DO GASTO DAS PRAZAS PÚBLICAS XESTIONADAS DE FORMA INDIRECTA

## IX.1. ASPECTOS XERAIS

**9.1.** A Xunta de Galicia contaba no exercicio 2014 coa titularidade de dez centros residenciais para a atención de persoas dependentes cuxa xestión se encomenda a un terceiro a través dun contrato de concesión de servizo público. Estas residencias contan con capacidade para un total de 1.245 residentes.

A través deste contrato concesional fíxase un prezo diario pola prestación do servizo, que será satisfeito entre as persoas beneficiarias –en atención á súa renda– e a Administración –pola diferenza restante ata cubrir o importe de adxudicación–.

O seguinte cadro resume as obrigas asumidas pola Administración ao longo dos exercicios 2014 e 2015 para o mantemento deste servizo. De acordo cos datos reflectidos nos distintos expedientes de contratación, este importe supón arredor do 80% da contraprestación establecida pola prestación do servizo, mentres que o 20% restante sería a parte satisfeita directamente polas persoas usuarias.

[6] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

**Cadro 33: Obrigas satisfeitas a entidades concesionarias. (Euros)**

| Residencia | Prazas | 2014 | | 2015 | | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Importe | Media por praza | Importe | Media por praza | |
| Residencia de maiores de Bande | 50 | 570.373,89 | 11.407,48 | 516.483,78 | 10.329,68 | -9,45% |
| Residencia de maiores de Bembrive | 150 | 1.750.327,51 | 11.668,85 | 1.575.188,66 | 10.501,26 | -10,01% |
| Residencia de maiores de Castro Ribeiras de Lea | 172 | 2.133.154,73 | 12.402,06 | 2.008.839,66 | 11.679,30 | -5,83% |
| Residencia de maiores da Coruña | 150 | 1.663.235,91 | 11.088,24 | 1.515.084,40 | 10.100,56 | -8,91% |
| Residencia de maiores de Laraxe | 172 | 2.179.399,87 | 12.670,93 | 1.985.281,22 | 11.542,33 | -8,91% |
| Residencia de maiores de Larouco | 82 | 1.271.700,76 | 15.508,55 | 1.211.063,77 | 14.769,07 | -4,77% |
| Residencia de maiores de Quiroga | 88 | 1.063.832,93 | 12.089,01 | 973.597,91 | 11.063,61 | -8,48% |
| Residencia de maiores de Ribeira | 106 | 1.537.169,48 | 14.501,60 | 1.427.850,23 | 13.470,29 | -7,11% |
| Residencia de maiores de Santiago-Geriatros | 150 | 1.923.848,17 | 12.825,65 | 1.822.512,35 | 12.150,08 | -5,27% |
| Residencia de maiores de Viana do Bolo | 125 | 1.495.137,22 | 11.961,10 | 1.415.747,35 | 11.325,98 | -5,31% |
| **Total** | **1.245** | **15.588.180,47** | **12.520,63** | **14.451.649,33** | **11.607,75** | **-7,29%** |

Fonte: Liquidación das contas anuais da Administración xeral da Comunidade Autónoma

Se ben o importe a satisfacer pola Administración en concepto de contraprestación depende tamén de factores alleos ao prezo de adxudicación, como a capacidade económica dos residentes, aprécianse notables diferenzas no prezo medio anual satisfeito por cada praza concesionada; así, no exercicio 2014 os importes varían entre os 11.088,24 euros anuais satisfeitos por unha praza na residencia da Coruña e os 15.508,55 euros anuais por cada praza en Larouco, o que supón 4.420,31 euros anuais de diferenza, que se amplía a 4.668,51 euros no exercicio 2015.

O importe satisfeito pola Administración no exercicio 2015 para o mantemento deste servizo diminuíu en todas as residencias con respecto ao 2014, cunha redución no seu conxunto dun 7,29%, como consecuencia da modificación á alza do cálculo do copago polos residentes, que repercute na achega que realiza a Administración ata completar o importe de adxudicación.

**9.2.** En canto ao servizo residencial a través de prazas en centros concertados, o elevado número destes centros, así como o feito de que en moitos deles figuran ata tres concertos en vigor, non fixo posible amosar unha evolución das obrigas satisfeitas para a atención dos concertos, dada a falta de individualización de partidas contables para estes gastos. Por isto, en virtude do principio de transparencia, sería recomendable que a clasificación económica dos programas orzamentarios da dependencia, fundamentalmente no *312D* se diferenciara o gasto polo concerto de prazas residenciais.

## IX.2. PROCEDEMENTOS E CARACTERÍSTICAS XERAIS DA CONTRATACIÓN

**9.3.** As prescricións técnicas e administrativas das dúas modalidades de contratación (concesión e concerto) son as mesmas, diferenciándose no referido á realización de obras ou reparacións que afecten á estrutura do edificio, que debe realizar a Xunta cando opta pola modalidade de concesión, xa que neste caso achega o edificio, os equipamentos e as instalacións.

Así, son aplicables ás dúas modalidades de contratación as seguintes condicións:

• O sistema de determinación do importe dos contratos é por prezos unitarios a razón dun máximo por praza e día.

• A Administración goza de amplas facultades de comprobación, dirección e inspección acerca do servizo. Pode pedir ao adxudicatario do contrato a documentación e información que estime oportuna, establecer os sistemas de control de calidade e levar a cabo as inspeccións que estime pertinentes.

• En canto ás obrigas laborais e sociais, o adxudicatario do contrato debe dispor en todo momento do persoal necesario e axeitado para a execución dos servizos, garantindo a cobertura dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións ofertadas para a contratación. No caso de que o persoal ofertado se mostre insuficiente para o cumprimento das prestacións contratadas, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente, sendo ao seu cargo o incremento de custos que se produzan por tal causa.

Ademais, o adxudicatario garantirá a categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao cumprimento do contrato.

• Poderán motivar a resolución do contrato as reiteradas deficiencias na súa execución; a obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración; a manifesta falta de calidade na prestación do servizo; ou a desatención e/ou trato deficiente cara ás persoas usuarias do servizo.

**9.4.** Para os traballos desta fiscalización seleccionáronse os contratos realizados con 30 residencias de maiores, tanto na modalidade de concesión como de concerto, para comprobar a regularidade dos procedementos da contratación. Nos anexos deste informe figura un cadro que amosa a información obtida dos expedientes de contratación das residencias seleccionadas.

Da análise realizada despréndense que a maioría dos contratos adxudicáronse polo procedemento aberto, e que os contratos tramitados por procedemento negociado sen publicidade traen a súa causa en senllos convenios de colaboración realizados nos anos 1995 e 2001.

**9.4.1.** No ano 2001, e con vixencia ata o 31.12.2006, formalizouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, a Consellería de Economía e Facenda, e o IGAPE para a posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia de centros residenciais de iniciativa privada para maiores asistidos. Entre outros, proveñen deste convenio do ano 2001 os procedementos negociados realizados coas residencias de Sar Quavitae en Santiago, Sanyres en Lugo e Geriatros Ribadumia, obxecto de fiscalización.

Durante o período 2001-2006 podían beneficiarse das axudas que establece o convenio ata 20 proxectos de centros residenciais para maiores asistidos, promovidos pola iniciativa privada. Con cargo a esta liña de subvencións o IGAPE podía conceder subvencións a fondo perdido dun 10% do investimento considerado subvencionable. Os centros tiñan que cumprir determinadas condicións, tales como achegar ao proxecto de investimento un autofinanciamento de ao menos o 30% do seu importe; que o centro teña unha capacidade mínima de 150 prazas residenciais; que o proxecto sexa compatible coa creación dun servizo de atención diúrna ou centro de día para maiores; e que a concepción arquitectónica contribúa a potenciar a autonomía física e a seguridade psíquica dos residentes.

Segundo o convenio, unha vez que os centros residenciais subvencionados obteñan o permiso de inicio da actividade, a Consellería comprométese a subscribir cos titulares das residencias convenios de reserva de ocupación de prazas de tipoloxía asistida de aproximadamente un 40% da capacidade asistencial de cada residencia, coa finalidade de incrementar a cobertura da rede asistencial pública. A colaboración terá unha vixencia aproximada de 30 anos e un prezo estimado de 36,06 euros praza/día, impostos incluídos. A contribución do IGAPE elevouse ata un máximo de 11,36 millóns de euros no período 2001-2004.

**9.4.2.** Con posterioridade ao citado convenio de colaboración, a Asesoría Xurídica da Xunta emitiu un informe no que advirte de que a colaboración con titulares de centros residenciais subvencionados non resulta asumible desde a figura do convenio, e que a única forma de encauzala sería o concerto, por tratarse de entidades de iniciativa privada con ánimo de lucro sometidas á Lei de contratos das Administracións Públicas.

A Consellería, atendendo as consideracións da Asesoría Xurídica, tramitou un procedemento negociado sen publicidade, amparándose na imposibilidade de promover a concorrencia na oferta ao tratarse da prestación dun servizo nunha área xeográfica determinada, de acordo coas medidas de planificación establecidas no seu día pola Administración autonómica.

**9.4.3.** Outro grupo de contratos adxudicados polo procedemento negociado teñen a súa orixe nun convenio de colaboración formalizado o 16 de maio de 1995 para cubrir 849 prazas en 41 residencias. Entre as residencias beneficiarias que resultaron seleccionadas para esta fiscalización encóntranse as seguintes: Virgen de los Milagros, en Vilamartín de Valdeorras (xestionada pola Fundación Valdegodos); Nuestra Señora de la Esperanza, en Ourense; La saleta, en San Cristovo de Cea; O Bolo, no concello do Bolo; Os Gozos, no concello de Pereiro de Aguiar (xestionada pola Fundación San Rosendo); e A Cañiza, no concello da Cañiza (xestionada pola Fundación San Rosendo).

No ano 2005 tramitáronse os respectivos procedementos negociados co obxecto de formalizar os oportunos concertos.

**9.5.** O custo praza/día das prazas residenciais xestionadas de forma indirecta –así como tamén das prazas reservadas non vacantes[7]– mostra importantes diferenzas entre centros, sen que estas se poidan atribuír á forma de adxudicación ou ao réxime de xestión elixido (concerto ou concesión). O prezo máis baixo (38,92 euros praza/día) corresponde a residencias xestionadas a través de concertos pola Fundación San Rosendo, cun contrato adxudicado polo procedemento negociado. Por outra parte, incluso se observan diferenzas nos prezos das prazas públicas contratadas nun mesmo centro residencial. A modo de exemplo, na residencia Sar Quavitae en Santiago os prezos das prazas públicas acadan diferenzas de ata 5,83 euros/día entre as adxudicadas no ano 2005 e as de 2010; tamén o prezo da praza reservada non vacante difire en 50 puntos porcentuais.

**9.6.** A mostra de contratos seleccionados para análise inclúe os adxudicados polo procedemento aberto entre os anos 2010-2015, co obxecto de verificar, entre outros aspectos, o grao de concorrencia aos procedementos, as baixas obtidas nos prezos de adxudicación, e a ponderación asignada aos criterios de adxudicación. A relación destes contratos móstrase no seguinte cadro:

---

[7] Praza reservada non vacante: aquela praza que, estando ocupada, o beneficiario se atopa ausente durante máis de 10 días en virtude de permiso, vacacións ou internamento en establecemento hospitalario. O prezo das prazas reservadas non vacantes é inferior ao das prazas ocupadas.

Cadro 34: Contratos seleccionados adxudicados polo procedemento aberto no período 2010-2015. (Euros)

| Residencia | Concesión / concerto | Prazas capacidade/ contratadas | Nº empresas licitadoras/ excluídas | Tipoloxía | Data contrato | Empresa / Fundación xestora | Prezo licit. día estancia | Prezo adxu. día estancia | Baixas | Puntuación criterio prezo | Puntuación criterio ratio persoal atención directa |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RM Outeiro de Rei | Concerto PA 40/10 | 192/12 | 1/0 | Asistidos | 25/09/2010 | Hotel Begoña, SA | 47,93 | 47,93 | 0% | 40 | 20 |
| RM Santiago | Concesión PA 48/10 | 150/150 | 6/4 | Asistidos | 22/10/2010 | Geriatros, SAU | 47,93 | 47,89 | 0,08% | 40 | 11 |
| RM Vimianzo | Concerto PA 70/10 | 150/150 | 1/0 | Asistidos | 05/11/2010 | Geriatros, SAU | 49,32 | 49,32 | 0% | 40 | 20 |
| RM Monforte | Concerto PA70/10 | 180/180 | 1/0 | Asistidos | 05/11/2010 | Geriatros, SAU | 49,32 | 49,32 | 0% | 40 | 20 |
| RM A Coruña | Concesión CP16/11 | 150/150 | 8/0 | Asistidos | 15/09/2011 | Mafre Quavitae, SA | 47,93 | 45,05 | 6% | 40 | 15 |
| RM Bembrive | Concesión PA32/11 | 150/150 | 3/0 | Asistidos | 23/01/2012 | Geriatros, SAU | 49,42 | 44,48 | 10% | 40 | 15 |
| RM Carballo | Concerto PA92/13 | 151/30 | 1/0 | Asistidos | 01/02/2014 | Geriatros, SAU | 50,00 | 50,00 | 0% | --- | --- |
| RM Vilaboa | Concerto PA8/14 | 151/5 | 7/2 | Asistidos | 28/04/2014 | Nueva vida, SA | 50,00 | 46,80 | 6% | 40 | 30 |
| RM Carballiño | Concesión PA87/14 | 80/20 | 12/2 | Asistidos | 04/05/2015 | Geriatros, SAU | 49,00 | 44,12 | 10% | 40 | 30 |
| Apartam. tut. Antas de Ulla | Concesión PA102/14 | 16/16 | 1/0 | Autónomos | 06/02/2015 | Troncoso y Casares, SL | 45,00 | 43,35 | 3,7% | 40 | 30 |
| RM A Veiga | Concerto PA93/15 | 180/36 | 2/1 | Asistidos | 01/06/2016 | Serge lucense, SA | 50,00 | 49,50 | 1% | 40 | 30 |

Fonte: Información obtida dos expedientes de contratación

**9.7.** Non se pode conseguir concorrencia de licitadores ás convocatorias de concertos polo procedemento aberto cando no ámbito territorial para o que se contrata só hai un centro residencial que pode ofertar o servizo. Así, ao procedemento aberto convocado no ano 2010 para a contratación de prazas públicas para persoas maiores e dependentes nos concellos de Monforte e Vimianzo tan só se presentou a empresa que podía ofertar o servizo. Nestes casos deberíase convocar un procedemento negociado, máis adecuado pola súa simplificación, flexibilidade e axilidade.

**9.8.** En tódolos procedementos os criterios avaliables mediante fórmulas, prezo e a ratio de persoal de atención directa reciben como mínimo o 51% da puntuación. Os criterios non avaliables mediante fórmulas refírense á mellor cualificación dos profesionais dedicados á execución do contrato, aos servizos complementarios e á calidade do servizo, medida pola metodoloxía de intervención e o plan de formación dos traballadores.

O criterio do prezo recibiu unha puntuación uniforme de 40 puntos; porén, o criterio referido á ratio de persoal de atención directa puntuouse pola Consellería de forma moi dispar, outorgando puntuacións que flutúan entre 11 e 30 puntos, a pesar de considerar nos pregos que se trata dun factor que repercute directamente na calidade asistencial, dada a natureza do servizo que se contrata.

**9.9.** Nos procedementos tramitados con anterioridade ao ano 2014 non queda constancia de que se efectuara un estudo dos custos do servizo, paso previo á fixación dos prezos de licitación. Este estudo debería ter en conta, ademais dos custos de explotación (persoal, manutención, limpeza, mantemento e subministracións), a diferenza de custo entre o concerto e a concesión cando a Xunta é propietaria do centro residencial. O concerto conleva maiores custos polo financiamento e amortización do investimento e do equipamento necesario para a posta en marcha do centro. Tamén o tamaño do centro pode incidir no custo, xa que un maior número de prazas pode determinar a obtención de economías de escala.

Da fiscalización da mostra de contratos seleccionados despréndese que a Consellería non realizaba un estudo previo dos custos das prazas residenciais. Así, obsérvase que se licitou co mesmo prezo (47,93 euros) as prazas mediante concerto na residencia de Outeiro de Rei e a concesión da residencia de Santiago; ou que as concesións das residencias de Bembrive e da Coruña licitáronse no mesmo ano con diferentes prezos de licitación (49,42 euros e 47,93 euros, respectivamente).

**9.10.** A ausencia de criterios para a determinación do prezo de licitación vénse paliando nos procedementos de contratación realizados a partir da aprobación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que regula a carteira de servizos sociais para dependentes. Nos procedementos abertos convocados trala aprobación deste decreto os prezos de licitación determínanse conforme aos criterios incluídos no documento de traballo que serviu de base á súa tramitación e aprobación. Para o cálculo dos custos tivéronse en conta os gastos de persoal (61,5%) e o resto dos gastos xerais (38,5%), considerando un beneficio empresarial do 5%. Conforme a estas estimacións fíxase un gasto mensual por praza, en función do grao de dependencia da persoa usuaria do servizo, no rango comprendido entre 1.480 e 1.617 euros, que permite establecer un importe diario duns 50 euros. No caso do contrato de concesión para a residencia do Carballiño tívose en conta a non asunción polos licitadores dos custos de financiamento do investimento e de amortización respecto do inmoble e do equipamento, polo que o prezo de licitación é inferior aos recollidos como referencia naquel decreto, fixándose en 49 euros por praza/día.

**9.11.** Nos pregos de cláusulas administrativas particulares para estas contratacións establécese que o órgano de contratación designará un responsable do contrato ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Tamén a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, establece que o órgano de contratación debe designar a un responsable do contrato de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público e na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. A Lei 1/2015 prevé a publicación da identidade do responsable do contrato na web da entidade contratante.

A normativa non establece os instrumentos organizativos, formais ou materiais con que contan os responsables do contrato para supervisar a súa execución, fóra dos que lle atribúa o órgano de contratación. A función típica do artigo 52 do TRLCSP consiste en interpretar o prego de prescricións técnicas, sen que se fixen funcións complementarias e sen que estea limitado por titulacións ou cualificacións técnicas específicas en función do obxecto do contrato.

Nos pregos de cláusulas de determinados expedientes fiscalizados sinálase, de xeito xenérico, que a Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna supervisará a execución do contrato.

Non consta que a Administración, á marxe das actuacións da Inspección de Servizos, efectuara unha supervisión da correcta prestación do servizo a través da figura do responsable do contrato. A persoa responsable da contratación debería realizar un control operativo e eficiente da execución do contrato e asegurar que o servizo se preste como se planificou no momento da preparación do contrato.

A Administración tampouco verifica que o contratista cumpra tódalas obrigas de carácter social e tributario en relación cos traballadores, como son as cotas da seguridade social e o IRPF, a pesar de que o prego de cláusulas prevé que o contratista debe enviar a documentación acreditativa xunto coa factura final. A Administración realiza o pago da factura sen supervisar ese cumprimento.

## IX.3. CONTROL DA LIQUIDACIÓN E FACTURACIÓN

**9.12.** Para a facturación das estancias, os adxudicatarios do contrato deben presentar, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que se realizou a prestación, no departamento territorial da Consellería, a correspondente factura acompañada, segundo se establece no prego de cláusulas administrativas, da seguinte documentación: declaración do organigrama e cadro de persoal con que conta o centro e cadro resumo que cuantifique o persoal do centro e a súa capacidade; copia dos documentos tc1 e tc2 da seguridade social; copia das facturas dos servizos complementarios contratados; un estadillo mensual comprensivo das incidencias relativas aos usuarios; e unha

certificación emitida polo titular ou persoa responsable do centro sobre as cantidades aboadas polos usuarios, na que se expresarán os conceptos polos que se efectúa o cobro (praza ocupada ou praza reservada) e os días que corresponden a cada concepto.

A achega que deben aboar as persoas usuarias facturarase directamente polo centro a aquelas nos dez primeiros días do mes de que se trate. No caso de que o usuario cause baixa no centro, a entidade procederá ao reintegro da parte proporcional correspondente.

**9.13.** Na verificación do procedemento de pago da facturación das estancias polas xefaturas territoriais detectouse que as residencias non xuntan coa factura mensual toda a documentación requirida para o pagamento. Non consta que se acompañe o organigrama e o cadro de persoal do centro coa súa identificación, número de afiliación á seguridade social e categoría profesional; nin tampouco os tc1 e tc2 da seguridade social; nin, no seu caso, as facturas dos servizos complementarios contratados.

O control efectuado nas xefaturas territoriais para a proposta e aprobación do pago da factura limítase á comprobación das incidencias relativas ás estancias dos usuarios declaradas pola entidade contratista. Tampouco se efectúa un control sobre os ingresos percibidos dos usuarios en concepto de copago do servizo.

**9.14.** Segundo información dispoñible a través da Consellería, constan como beneficiarios da prestación económica vinculada ao servizo varios maiores ou dependentes que non son usuarios da residencia Nosa Señora da Esperanza, o que pon de manifesto a ausencia de control no pago desta prestación.

**9.15.** Nas residencias de Nosa Señora do Rosario, Nosa Señora dos Gozos, Nosa Señora da Esperanza, San José, e Viana non se teñen en conta, ao realizar a facturación, a existencia de prazas reservadas non vacantes, facturándose como se estivesen ocupadas, aínda que os residentes se ausenten máis de 10 días. Ademais dun incumprimento do prego de cláusulas, isto implica un sobreprezo tanto para os beneficiarios como para a Xunta, xa que nestes casos debería reducirse o prezo da praza.

Nas residencias de Nosa Señora do Rosario, Nosa Señora dos Gozos, Nosa Señora da Esperanza e San José, que xestiona a Fundación San Rosendo, non consta que se facturen mensualmente aos

usuarios os copagos de gastos de farmacia, nin consta que se teña instaurado un procedemento para o cobro deste importe aos residentes.

**9.16.** A Consellería non ten adoptado un criterio para a facturación do número de días que corresponda no suposto de traslados entre centros residenciais, de xeito que os días afectados polos traslados factúranse nos dous centros residenciais.

**9.17.** Nas facturas mensuais emitidas polas residencias de Viana e de Quiroga inclúese un concepto fixo por "posta en marcha e mantemento anual do servizo de atención comunitaria", por un importe de 1.803,04 euros, sen que conste no contrato a obriga da Fundación Valdegodos de xestionar o servizo de atención comunitaria. Tampouco se aportou documentación xustificativa deste pago coa factura emitida pola residencia.

# X. INVESTIMENTOS REAIS NOS CENTROS RESIDENCIAIS

**10.1.** Os programas orzamentarios fiscalizados *312D* e *312E* non contemplan, no capítulo de investimentos, créditos para a construción de centros residenciais nin para reparacións de infraestruturas ou reposición de maquinaria, instalacións e utensilios. Os gastos por estes conceptos rexistráronse no capítulo de investimentos do programa orzamentario *311D Dirección e Servizos Xerais de Promoción Social*, xestionado pola Secretaría Xeral da Consellería de Política Social, que recolle a totalidade dos investimentos en infraestruturas sociais, dentro das que se encontran as referidas aos centros residenciais para maiores e dependentes dos que é titular a Xunta de Galicia.

Ao longo do período fiscalizado (2010-2015) a Consellería non elaborou ningún plan de investimentos en centros residenciais para maiores e dependentes. Non constan, neste período, previsións para a construción de novos centros. Como feitos posteriores, sinálase o estudo dun novo plan de residencias no ano 2017.

Por outra parte, e como caso singular, destaca a infrautilización dun centro residencial da Xunta no concello de O Carballiño que conta co equipamento necesario para atender a 80 persoas dependentes. No ano 2014 convocouse un concurso para a xestión, en réxime de concesión, de só 20 prazas residenciais. O 5 de maio de 2015 asinouse o contrato, cun prazo de execución ata o 31 de decembro de 2015, prorrogable expresamente por mutuo acordo das partes ata acadar unha duración máxima de cinco anos. Este contrato modificouse o 25 de maio de 2016 ampliando a súa

cobertura a 25 prazas. No momento da fiscalización non constan as razóns para a non ocupación total do centro.

O primeiro plan de investimentos desde o exercicio 2010 da Consellería de Política Social para os centros residenciais públicos é o Plan de eficiencia enerxética 2016-2017 (Horizonte 2021). Con este plan, a Consellería pretende substituír os equipamentos antigos, obsoletos ou ineficientes por outros alternativos para reducir a intensidade enerxética e as emisións, favorecendo un aforro que a medio e longo prazo permita amortizar o investimento efectuado.

Porén, dado que moitos dos centros propios da Xunta se atopan nun estado de deterioro importante a nivel de envolventes horizontais e verticais, non sería eficiente substituír soamente equipamentos ou instalacións cando o mal estado da cuberta, as carpinterías, ou a fachada provocan unha perda enerxética importante, polo que a Consellería optou por acometer actuacións integrais nos diferentes centros co obxectivo de reducir a intensidade enerxética actuando conxuntamente e de forma integrada sobre tódolos elementos estruturais e instalacións que conforman os edificios. Estas actuacións realízanse, por razóns de carácter orzamentario, técnico e administrativo, en fases diferenciadas.

**10.2.** O principal bloque de actuacións que vai acometer a Consellería nos centros asistenciais financiarase a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. As actuacións xerais previstas no Plan de eficiencia enerxética 2016-2017 (Horizonte 2021) realizaranse nas seguintes residencias:

- Residencia de maiores Porta do Camiño. O importe estimado para acometer a reforma integral ascende a 900.000 euros.

- Residencia de maiores Nosa Señora dos Milagres. O importe estimado da actuación ascende a 593.000 euros.

- Complexo residencial de atención a persoas dependentes de Monte Arieiro (Vigo). Actuarase sobre a envolvente (cambio de vidros e carpinterías) por un importe aproximado de 196.000 euros.

- Residencia de maiores As Gándaras. Conta cun proxecto de redistribución de ACS para acadar unha maior eficiencia enerxética e evitar focos de lexionelose. Está previsto executar no exercicio 2016 a auditoría enerxética e posteriormente o proxecto completo por importe aproximado de 150.000 euros.

- Residencia de maiores de Campolongo. Está previsto executar dous bloques diferenciados de actuacións por un importe aproximado de 300.000 euros.

# XI. CONCLUSIÓNS

**11.1.** O importante incremento da poboación maior de 65 anos e dependente, unido ao cambio dos factores demográficos e sociais na Comunidade Autónoma de Galicia, demandan unha maior provisión pública de prazas residenciais.

O volume de prazas residenciais totais veuse incrementando ata acadar un total de 19.986 no ano 2015 cunha ratio de prazas do 3,05% sobre habitantes maiores de 65 anos, cunha maior intensidade de crecemento das prazas privadas, pero sen alcanzar a ratio do conxunto do estado Español, que se sitúa por encima do 4%.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o 65% das prazas son privadas, destacando Ourense coa maior ratio de prazas para maiores de 65 anos e polo maior número de prazas privadas.

**11.2.** A Xunta xestiona directamente 19 dos 31 centros residenciais propios, sendo a concesión a modalidade de xestión máis elixida a partir da súa implantación no ano 1994.

Ademais, a Xunta, para atender as necesidades asistenciais, concertou prazas públicas con 74 centros privados, convertendo esta modalidade de provisión de prazas públicas na máis empregada nos últimos exercicios.

A evolución das prazas públicas, que acadaron as 6.891 no ano 2016, determinou un equilibrio entre o número de prazas en centros propios e centros alleos.

**11.3.** O prazo medio de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi por riba dos 6 meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata acadar o ingreso no centro residencial, de 154 días, é moi superior aos tres meses estipulado pola normativa aplicable. O cálculo deste tempo medio aparece fortemente condicionado polas situacións de emerxencia social nas que non hai espera para o ingreso.

**11.4.** O número de persoas que accederon a prazas residenciais a través do sistema de emerxencia social amosa unha tendencia crecente, convertendo o que se estableceu inicialmente como unha excepción para o tratamento de situacións illadas nun procedemento cada vez máis empregado para o acceso a este servizo.

**11.5.** Os obxectivos da planificación estratéxica para a atención ás persoas maiores desenvólvese a través dos programas orzamentarios *312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes* e *312E Servizos sociais de atención ás persoas maiores e con discapacidade*. Por outra parte, os obxectivos, actuacións e programas do plan sectorial *Plan galego de persoas maiores 2010-2013 Horizonte 2015* non se vincula cos orzamentos anuais, polo que non se pode facer un seguimento do seu cumprimento a través da execución daqueles programas orzamentarios.

**11.6.** O gasto do servizo residencial tivo unha evolución dispar no período 2010-2015, acadando un incremento do 8,31% ao final do período, e á súa vez unha diminución do seu peso no gasto da dependencia, pasando do 43,48% no exercicio 2010 ao 36,39% no exercicio 2015.

**11.7.** O importe das prestacións económicas para coidados no contorno familiar diminuíu no período analizado, pero o número de beneficiarios segue sendo elevado tendo en conta o carácter excepcional que lle atribúe a esta prestación a Lei de dependencia.

O número de beneficiarios da prestación económica vinculada ao servizo residencial amosa un crecemento continuo ata o ano 2015, no que empeza a diminuír.

**11.8.** O cálculo da contribución económica dos usuarios, que se efectúa en función da renda e do patrimonio neto coa garantía dun mínimo vital, determina que nun importante número de casos consista no 76% dos ingresos líquidos dos usuarios, sen que se teña en conta o valor do patrimonio.

**11.9.** Cómpre indicar que só se contabilizan como ingresos os correspondentes aos usuarios dos centros propios, xa que os copagos dos usuarios de prazas xestionadas nas modalidades de concesión ou concerto compensan o prezo da contratación das praza públicas.

Da revisión efectuada sobre a xestión do ingresos dos usuarios despréndese que non se produciron actuacións administrativas de constrinximento para executar o cobro das cotas impagadas e que a revisión do copago dos usuarios non se efectúa con carácter periódico, senón só naqueles casos nos que os residentes o soliciten.

**11.10.** Os centros a inspeccionar incrementáronse no período analizado mantendo a Inspección de Servizos Sociais a mesma estrutura interna e o mesmo número de efectivos. Por outra parte,

atribuíuse á Inspección o control do cumprimento dos contratos de concesión e concertos, cando este labor de supervisión corresponde ao responsable do contrato.

No informe sinálase que o centro non conta con persoal de terapia ocupacional a pesar de ter previstas actividades deste tipo, e ademais o propio prego de prescricións técnicas para a organización e xestión desta residencia sinala que debe incluírse na oferta a figura dun terapeuta ou monitor ocupacional a xornada completa. A documentación achegada non acredita que no centro preste servizos un terapeuta ocupacional.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** ás alegacións formuladas ao punto do apartado **7.6.3** do informe de fiscalización relativo á inexistencia de persoal de psicoloxía no cadro de persoal ofertado para a xestión da residencia de Monforte, que conta cun centro de día de Alzheimer, sendo obrigatorio en cumprimento da Orde do 18 de abril de 1996.

*Alégase que na oferta presentada faise referencia á existencia dun servizo de atención psicolóxica dirixido tanto ás persoas usuarias como a familiares coidadores, de 240 horas anuais. En canto ao centro de atención diúrna de Monforte de Lemos, achegan o sobre C da oferta da empresa adxudicataria, na que se inclúe no coeficiente de profesionais a psicólogos con 240 horas de atención.*

Aínda que, efectivamente, no anexo VII do sobre C se ofrecía un servizo de atención psicolóxica cunha duración de 240 horas anuais, non se puido constatar a súa realización, posto que nin no cadro de persoal da oferta nin nos de anos seguintes constaba o servizo dun profesional en psicoloxía. Tampouco constan contratos mercantís con ningún profesional para a prestación dese servizo.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** á alegación formulada ao apartado **8.11** do informe de fiscalización, relativo aos gastos de persoal das residencias de xestión directa.

*Alégase que nos centros dependentes da Consellería de Política Social préstase o servizo respectando as presenzas mínimas necesarias, aínda que nalgún caso puntual non se cubra algunha ausencia.*

Á alegación non rebate nin contradí o disposto no informe, no que se pon de manifesto que o servizo residencial prestouse con menos presenzas de persoal que as previstas nas carteleiras de quendas, confeccionadas para a prestación adecuada do servizo. No informe non se cuestionan as presenzas mínimas de persoal, senón que se mostra o resultado dun estudo efectuado en dez das dezanove residencias xestionadas directamente pola Consellería sobre a non cobertura de determinados postos de traballo por vacacións, incapacidades temporais ou permisos dos seus titulares.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** á alegación formulada ao apartado **8.12** do informe de fiscalización, relativo aos gastos de funcionamento das residencias de xestión directa.

*Na alegación faise unha extensa explicación das causas do descenso dos gastos de funcionamento a partir do ano 2012, sen achegar documentación adicional que lle sirva de sustento. Entre outros factores, indican a*

*incorrecta imputación de gastos aos orzamentos dos exercicios 2010, 2011 e 2012; o impacto da modificación da estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar nos programas de gasto, xa que a partir da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2013 os gastos polo mantemento dos centros de inclusión social (centros sociocomunitarios e casas do mar) contabilízanse no programa 313C correspondente á Dirección Xeral de Familia e Inclusión; medidas de eficiencia do gasto, como son os procedementos de contratación centralizada; suspensión temporal do servizo de comedor para os traballadores dos centros; e programas de seguimento do gasto. Tamén o IPC negativo do ano 2015 minorou o custo das prazas concertadas. Conclúen a explicación cun cadro no que se mostra a evolución do gasto real en centros de maiores desde o ano 2010 ao 2015, tanto de centros públicos xestionados directamente como do gasto en concertos e concesións.*

No parágrafo 8.12 do informe móstrase a evolución dos gastos de funcionamento das residencias xestionadas pola Xunta, mentres que na alegación póñense de manifesto as circunstancias que incidiron na evolución do gasto residencial, tanto dos centros xestionados pola Xunta como dos centros contratados. Así, non se diferencia a parte do gasto de funcionamento dos centros propios que foi imputado incorrectamente aos orzamentos anuais. Tampouco se ten en conta que os gastos de funcionamento dos centros sociocomunitarios localizados nas residencias impútanse aos programas orzamentarios para a atención á dependencia. Por outra parte, a repercusión no gasto polo IPC negativo no ano 2015 tan só afecta as obrigas derivadas da contratación de prazas. En canto ás medidas de eficiencia do gasto en centros e servizos, implementadas a partir do ano 2013, na alegación faise unha referencia xenérica sen concretar en que medida contribuíron á diminución dos gastos de funcionamento nos centros residenciais de maiores e dependentes xestionados pola Xunta.

O cadro que se incorpora á alegación, sobre a evolución do gasto real en centros de maiores, recolle uns importes por gastos de funcionamento nos centros públicos coincidentes cos importes que figuran no cadro 32 do informe de fiscalización nos anos 2010, 2011, 2014 e 2015. Nos anos 2012 e 2013 os importes son lixeiramente superiores na alegación, sen que se xunte documentación acreditativa destas diferenzas.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** á alegación formulada ao apartado **8.13** do informe de fiscalización, relativo á expedición de pagamentos a xustificar.

*Alegan que a xestión do gasto das residencias resulta viable no marco da Orde do 26 de febreiro de 1993, pola que se regula a expedición de pagamentos a xustificar.*

Como consecuencia da alegación, suprímese do punto 8.13 e da conclusión 11.13 a referencia a que a normativa reguladora dos pagos a xustificar non contempla a utilización deste sistema para a atención dos gastos con cargo ao subconcepto 228.

**Réplica** á alegación formulada ao punto do apartado **9.1** do informe de fiscalización relativo ás diferenzas de prezos entre as prazas en concesión da residencia da Coruña e a de Larouco.

*Alegan que as grandes diferenzas existentes entre os prezos das prazas públicas en concesión na residencia da Coruña e a de Larouco obedecen a que a Administración no caso da residencia da Coruña fixo entrega ao concesionario do inmoble e do equipamento, tal e como se desprende das especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas. Por outra parte, o prego de cláusulas administrativas da residencia de Larouco establecía como obrigas do adxudicatario da concesión as seguintes: redacción do proxecto básico e de execución e estudo de seguridade e saúde; execución das obras de acordo co proxecto supervisado pola Consellería; contratación do control de legalidade; e equipamento e amoblamento do centro.*

*A Secretaría Xeral da Consellería de Asuntos Sociais informou no ano 2002 que na fixación do prezo praza/día de licitación tivéronse en conta criterios de viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto, que vai parello á realización das obras de construción e equipamento. O importe aproximado das obras estimouse en 2.260.000 euros e o período de amortización do investimento fixouse en 15 anos.*

No informe recóllese o prezo medio anual por praza satisfeito a cada unha das residencias concesionarias do servizo residencial, resaltando os importes menores e maiores, que corresponden á residencia da Coruña e á residencia de Larouco, respectivamente. Non se analizou en que medida repercutiu no prezo da praza/día a realización de obras de construción ou reforma e o equipamento

dos centros residenciais polo adxudicatario. Por outra parte, coa alegación non se xunta documentación suficiente que permita avaliar o impacto do custo do investimento no prezo do contrato. A memoria xustificativa da Secretaría Xeral de Asuntos Sociais do ano 2002, pola que se solicita ao Consello da Xunta a modificación de porcentaxes e número de exercicios aos que se poden aplicar os gastos plurianuais, tan só establece un importe aproximado do custo do investimento que se repercute no prezo da praza/día con criterios de amortización por un período de 15 anos.

Sinalamos que a realización de obras e equipamento non só foi obxecto do contrato de concesión na residencia de Larouco, senón tamén nas concesións doutras residencias, como as de Laraxe, Quiroga, Ribeira ou Viana do Bolo. Os contratos con estas residencias incluíron nas súas cláusulas a obriga de realizar polo adxudicatario ao seu cargo determinadas obras e equipamentos.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** á alegación formulada ao punto do apartado **9.11** do informe de fiscalización relativo á non verificación das obrigas tributarias e coa seguridade social.

*Alegan que os servizos de contratación da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade solicitan ao contratista, con carácter anual e no momento de tramitación da prórroga, que acredite o cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social. Achégase un exemplo de documentación referida a certificacións de cumprimento de obrigas e seguridade social.*

Os documentos que se xuntan á alegación como exemplo son: un certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria, un certificado da Axencia Tributaria de Galicia, un certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social e unha declaración responsable da empresa. Todos estes documentos foron necesarios para poder tramitar a prórroga do contrato que se tomou como exemplo.

Porén, a achega destes documentos non xustifica nin rebate o disposto no informe. En efecto, no parágrafo 9.11 do informe, referido á execución do contrato, ponse de manifesto que non consta que a Administración efectuara unha supervisión da correcta prestación do servizo a través da figura

do responsable do contrato. Ademais, indícase que se realizou o pago das facturas sen comprobar que o contratista cumprira, no momento do pago, con tódalas obrigas de carácter social e tributarias en relación cos seus traballadores.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** á alegación formulada ao apartado **9.13** do informe de fiscalización, relativo á non aportación coa factura de toda a documentación necesaria para facer o pago.

*Alégase que se está a implementar unha nova funcionalidade, que se está probando no SIGAD, para a liquidación das nóminas de residentes con comprobación automática de datos. Respecto da documentación que resulta esixible, alegan que se impulsará, por parte da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, un criterio común para o rexeitamento das facturas que non se acompañen daquela.*

Na alegación non se rebate o disposto no informe, senón que se asumen as deficiencias referidas á ausencia de documentación que debe acompañar as facturas. Consideramos de xeito positivo que a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade adopte as medidas necesarias para corrixir estas deficiencias.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe.

**Réplica** á alegación formulada ao apartado **10.1** do informe de fiscalización, relativo aos investimentos reais nos centros residenciais.

*Alégase que os programas 312D e 312E non contemplan créditos para a construción de residencias nin para a reposición de infraestruturas e maquinaria. O Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúe estas competencias ao servizo de obras da Secretaría Xeral Técnica.*

A alegación confirma o disposto no informe. En consecuencia, non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** á alegación formulada á conclusión **11.8** do informe de fiscalización, relativa ao cálculo da contribución económica dos beneficiarios.

*Alégase que a integración do patrimonio no cálculo da capacidade económica modula esta e, en consecuencia, a aplicación dun tramo diferente da escala, o que determina unha distinta participación do obrigado.*

A alegación non rebate o disposto no informe. A contribución dos beneficiarios ao financiamento do servizo residencial, calculada conforme o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, toma como base a renda modificada á alza pola suma dunha porcentaxe do seu patrimonio neto segundo a idade. Ao importe que resulta aplícaselle unha porcentaxe que vai do 70% ao 90% segundo sexa de maior ou menor contía. A contía resultante deste cálculo está limitada de xeito que se garanta un mínimo vital a cada residente equivalente ao 24% dos seus ingresos líquidos e un 19% do IPREM. Naqueles supostos nos que sexa máis beneficioso para o usuario o cálculo do importe dos ingresos líquidos menos o mínimo vital aplícase este último importe, no que non se ten en conta o valor do patrimonio. Por isto, nun importante número de casos a contribución económica dos usuarios consiste no 76% dos seus ingresos líquidos.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

**Réplica** á alegación formulada á conclusión **11.9** do informe de fiscalización, referida á ausencia de actuacións administrativas de constrinximento para executar o cobro das cotas impagadas.

*Coa alegación xuntan un modelo de reclamación de débeda a un residente en período voluntario, coas pertinentes comunicacións.*

*Tamén achegan un formulario do procedemento a seguir para o cobro de débedas por estadías en residencias propias.*

Coas alegacións xúntanse dous documentos procedentes da Xefatura Territorial de Lugo. Un deles, de data 24 de abril de 2015, recolle información referida a dous intentos de notificación de liquidación de débeda polo importe non pagado en concepto de estadías no CAPD de Sarria, correspondentes aos meses de xullo a decembro do ano 2014. Este documento non se toma en consideración por tratarse dun centro residencial de discapacitados, que non forma parte do ámbito de fiscalización do informe.

O outro documento é unha notificación efectuada o 2 de abril de 2018 a un usuario da residencia de maiores das Gándaras (Lugo), na que a Xefatura Territorial de Lugo lle comunica o importe da débeda non prescrita en concepto de estadías, para que proceda ao seu pago en período voluntario. Tamén se lle comunica que de non facer o ingreso da débeda a Axencia Tributaria de Galicia iniciará os trámites para o seu cobro pola vía de constrinximento. Este documento non se toma en consideración aos efectos de modificación do informe por estar fóra do ámbito temporal da fiscalización, xa que o requirimento foi realizado en data posterior á remisión do informe de fiscalización á Consellería. En todo caso, considérase positivamente o inicio das actuacións administrativas dirixidas á execución do cobro.

O formulario do procedemento a seguir para o cobro de débedas por estadías en residenciais propias, que se explica na alegación, é unha mera descrición do procedemento previsto na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, adaptada á Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se introducen novos elementos organizativos.

En consecuencia, a alegación formulada non supón a modificación do informe de fiscalización.

# ANEXOS

# ANEXO 1. RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN FISCALIZADOS

| Rex. explot. concesión | Residencia para maiores | Nº expte. | Ofertas/ excluídas | Adxudicatario | Data contrato | Capacidade asis/vál. | Prazas adxud. | Ratio ofertada | Prezo licitac. | Prezo adxudic. | Prezo 05-14 | Prezo 02-17 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | RM CONCEPCIÓN ARENAL-A Coruña | CP 16/11 | 8 | MAPFRE QUAVITAE, S.A. | 15/09/2011 | 150 | 150 | 0,43 | 47,93 | 45,05 | 47,03 | 46,77 |
| A Coruña | RM Fund. JOSÉ OTERO-Santiago | PA 48/10 | 6/4 | GERIATROS SAU | 22/11/2010 | 150 | 150 | 0,46 | 47,93 | 47,89 | 51,30 | |
| A Coruña | RM LARAXE-A Coruña | CP 22/05 | 1 | GERIATROS SAU | 29/07/2005 | 172 | 172 | 0,38 | 44,00 | 43,80 | 50,73 | 50,49 |
| A Coruña | RM RIBEIRA | PA 1/02 | n/c | GERIATROS SAU | 26/06/2000<br>18/10/2000<br>04/05/2004<br>26/10/2006 | 106 | 86<br>+12<br>+8<br>106 | | 47,96<br>n/a<br>n/a<br>n/a | 46,28<br>46,28<br>46,28<br>50,85 | 54,93 | 54,69 |
| Lugo | RM QUIROGA | CP 07/05 | 1 | FUNDACIÓN VALDEGODOS | 29/07/2005 | 88 | 88 | 0,30 | 40,21 | 39,00 | 47,64 | 47,43 |
| Lugo | RM CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA | CP 21/05 | 1 | MAPFRE QUAVITAE, S.A. | 29/07/2005 | 172 | 172 | 0,42 | 44,00 | 43,78 | 49,61 | 49,36 |
| Lugo | Aptos. ANTAS DE ULLA | PA 102/14 | 1 | TRONCOSO CASARES, S.L. | 06/02/2015 | 16 | 16 | 0,30 | 45,00 | 43,35 | n/a | n/c |
| Ourense | RM BANDE | CP 17/06 | 3/1 | EUXA SERV. SOCIOSANITARIOS, S.L. | 03/05/2006 | 50 | 50 | 0,31 | 42,55 | 42,55 | 48,91 | |
| Ourense | CR VIANA DO BOLO | CP 6/05 | 1 | FUNDACIÓN VALDEGODOS | 29/07/2005 | 125 | 125 | 0,28 | 39,70 | 39,00 | 47,64 | 47,43 |
| Ourense | RM CARBALLIÑO | PA 87/14 | 12/2 | GERIATROS SAU | 04/05/2015 | 80 | 20 | 0,45 | 49,00 | 44,12 | n/a | n/c |
| Ourense | RM LAROUCO | PA 8/03 | 2 | GERIATROS SAU | 07/04/2003<br>15/07/2008 | 82 | 70<br>+12 | 0,38 | 51,00<br>n/a | 51,00<br>52,33 | 58,39 | n/c |
| Pontevedra | RM BEMBRIVE | PA 32/11 | 3 | GERIATROS SAU | 23/01/2012 | 150 | 150 | 0,43 | 49,42 | 44,48 | 45,66 | |
| | | | | | | | | | | | | |
| **Rex. explot. concerto** | **Residencia para maiores** | **Nº expte.** | **Ofertas/ excluídas** | **Adxudicatario** | **Data contrato** | **Capacidade asis/vál.** | **Prazas adxud.** | **Ratio ofertada** | **Prezo licitac.** | **Prezo adxudic.** | **Prezo 05-14** | **Prezo 02-17** |
| A Coruña | RM CARBALLO | PA 92/13 lote 3/6 | 1 | GERIATROS SAU | 01/02/2014 | 151 | 30 | 0,38 | 50,00 | 50,00 | 50,00 | n/c |
| A Coruña | RM VIMIANZO | PA 70/10 lote 1 | 1 | GERIATROS SAU | 05/11/2010 | 150 | 150 | | 49,32 | 49,32 | 52,84 | |
| A Coruña | CR SAN JOSÉ ARZÚA | Exp. 54/06 | 3 | FUNDACIÓN SAN ROSENDO | 09/10/2006 | 68 | 30 | 0,39 | | 40,00 | 47,11 | 46,89 |
| A Coruña | RM SANTIAGO | PN 11/05 | 1 | MAPFRE QUAVITAE, S.A. | 22/07/2005<br>29/07/2005<br>01/09/2009 | 152 | 61<br>+30<br>30 | | 44,00<br>n/a<br>n/a | 44,00<br>44,00<br>49,32 | 52,25<br>n/a<br>n/a | 52,01<br>n/a<br>n/a |
| A Coruña | RM SANTIAGO | PN 2/10 | 2 | MAPFRE QUAVITAE, S.A. | 19/04/2010 | 152 | 30 | 0,45 | 49,32 | 43,14 | 46,42 | n/a |
| A Coruña | RM SANTIAGO | PA 93/15 lote1/5 | 1 | QUAVITAE SERV. ASISTEN. SAU | 01/06/2016 | 152 | 30 | 0,45 | 50,00 | 48,13 | n/a | 48,13 |
| Lugo | RM MONFORTE DE LEMOS | PA 70/10 lote 2/2 | 1 | GERIATROS SAU | 05/11/2010 | 180 | 180 | 0,39 | 49,32 | 49,32 | 52,84 | 52,57 |
| Lugo | RM SANYRES LUGO | PN 2/2006 | 1 | SANIDAD Y RESIDENCIAS XXI,S.A. | 10/04/2006 | 164 | 66 | | 44,00 | 44,00 | 50,59 | |
| Lugo | RS A VEIGA-A Pobra de S. Xiao | PA 93/15 lote 2/5 | 2/1 | SERGE LUCENSE, S.A. | 01/06/2016 | 180 | 36 | 0,43 | 50,00 | 49,50 | n/a | 49,50 |
| Lugo | RM OUTEIRO DE REI | PA 40/10 lote 3/3 | 1 | HOTEL BEGOÑA, S.A. | 25/09/2010 | 192 | 12 | 0,41 | 47,93 | 47,93 | n/c | n/c |
| Ourense | RM O BOLO | Expt.31/05 | Invitación | FUNDACIÓN SAN ROSENDO | 01/03/2006 | 54 | 13 | 0,28 | 32,89 | 32,89 | 38,92 | 38,57 |
| Ourense | 2 RM en VILLAMARTÍN VALDEORRAS | Exp. 38/05 | 1 | FUNDACIÓN VALDEGODOS | 01/03/2006 | 273 | 72 | | 34,81 | 34,81 | 41,20 | n/c |
| Ourense | RM PEREIRO DE AGUIAR | Exp. 33/05 | Invitación | FUNDACIÓN SAN ROSENDO | 01/03/2006 | 180 | 96 | n/a | 32,89 | 32,89 | 38,92 | 38,57 |
| Ourense | RM NUESTRA SRA.ESPERANZA | Exp. 32/05 | Invitación | FUNDACIÓN SAN ROSENDO | 01/03/2006 | 176 | 58 | n/a | 32,89 | 32,89 | 38,92 | 38,57 |
| Ourense | RM (RM Santa Marta) | Exp. 32/05 | Invitación | FUNDACIÓN SAN ROSENDO | 01/03/2006 | 125 | 58 | | 32,89 | 32,89 | n/a | 38,57 |
| Ourense | CR LA SALETA (San Cristovo de Cea) | Exp. 54/06 | 3 | FUNDACIÓN SAN ROSENDO | 09/10/2006 | 53 | 11 | | | 40,00 | 38,92 | |
| Pontevedra | RM A CAÑIZA | Exp. 39/05 | Invitación | FUNDACIÓN SAN ROSENDO | 01/03/2006 | 32 | 7 | n/a | 32,89 | 32,89 | 38,92 | 38,57 |
| Pontevedra | CR VELLEZ RIBADUMIA | PN 7/05 | Invitación | GERIATROS SAU | 12/05/2005<br>27/06/2005<br>16/08/2009 | 152 | 61<br>+30<br>30 | | 44,00<br>n/a<br>n/a | 44,00<br>44,00<br>49,32 | 52,25<br>n/a<br>n/a | 52,01<br>n/a<br>n/a |
| Pontevedra | CR VELLEZ RIBADUMIA | PN 28/09 lote 1/4 | 1 | GERIATROS SAU | 19/04/2010 | 152 | 30 | 0,36 | 49,32 | 47,93 | 51,57 | |
| Pontevedra | CR VELLEZ RIBADUMIA | PA 08/14 | 1 | GERIATROS SAU | 28/04/2014 | 152 | 18 | 0,44 | 49,92 | 49,92 | 49,92 | 49,92 |
| Pontevedra | CR VELLEZ RIBADUMIA | PA 76/14 lote 7/7 | 5/1 | GERIATROS SAU | 29/12/2014 | 152 | 5 | 0,38 | 50,00 | 50,00 | n/a | 49,48 |
| Pontevedra | CR VELLEZ RIBADUMIA | PN 16/16 | Invitación | GERIATROS SAU | 01/06/2016 | 152 | 30 | 0,36 | 50,00 | 50,00 | n/a | 50,00 |
| Pontevedra | RM VILABOA | PA 8/14 | 7/2 | R. NUEVA VIDA, S.A. | 28/04/2014 | 151 | 5 | 0,37 | 50,00 | 46,80 | 46,80 | 46,32 |
| Pontevedra | RM POIO | PA 8/14 | 7/3 | INTERCENTROS BALLESOL, S.A. | 28/04/2014 | | 20 | 0,46 | 50,00 | 46,80 | 46,80 | 46,32 |

Fonte: Elaboración propia.
n/a: non aplicable
n/c :non consta

# ANEXO 2. AVALIACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL

| Parámetro a valorar | Xestión propia | Xestión externa | Concerto | Escalas de 1 a 10 / de 1 a 5 |
|---|---|---|---|---|
| Localización xeográfica do centro | 8,48 | 7,04 | 7,59 | 1: moi insatisfeito; 10: moi satisfeito |
| Trato aos usuarios polos profesionais | 8,11 | 7,19 | 8,05 | 1: nunca recibe bo trato; 10: sempre recibe trato amable e respectuoso |
| Profesionalidade do persoal do centro | 8,34 | 7,69 | 8,11 | 1: pouca profesionalidade; 10: moita profesionalidade |
| Facilidade comunicación cos profesionais | 4,18 | 3,83 | 4,04 | 1 moi mala; 5: moi ben |
| Información dos profesionais ás persoas usuarias | 7,64 | 6,24 | 7,04 | 1: case ningunha información; 10: moita información |
| Información profesionais aos familiares | 7,78 | 8,00 | 8,69 | 1: case ningunha información; 10: moita información |
| Atención dos profesionais ante queixas, reclamacións ou suxestións | 7,94 | 6,05 | 7,08 | 1: moi mala atención; 10: moi boa atención |
| Organización e funcionamento do centro | 7,91 | 6,92 | 7,61 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Seguridade, vixilancia e control de entradas e saídas do centro | 8,65 | 7,48 | 8,30 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Valoración da comida | 7,40 | 6,74 | 6,73 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Valoración da lavandería | 7,68 | 6,68 | 7,14 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Valoración da comodidade, amplitude e outros da habitación asignada | 7,68 | 6,68 | 8,35 | 1: moi mal; 10: moi ben |
| Valoración do mantemento e limpeza habitacións | 9,02 | 8,26 | 8,60 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Adecuación dos espazos comúns á comodidade dos residentes | 8,68 | 7,85 | 8,30 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Valoración dos familiares respecto ao mantemento e limpeza das zonas comúns | 8,79 | 7,67 | 8,53 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Vixilancia da saúde dos residentes | 8,30 | 7,35 | 8,08 | 1: moi mala; 10: moi boa |
| Coidado da hixiene persoal dos residentes | 4,23 | 4,00 | 4,22 | 1: moi mala; 5: moi ben |
| Rapidez na atención das necesidades dos residentes | 7,79 | 6,37 | 7,51 | 1: moi lenta; 10: moi rápida |
| Respecto pola intimidade dos residentes | 8,23 | 7,17 | 7,42 | 1: moi pouco respecto á intimidade; 10: moito respecto á intimidade |
| Programación actividades para os residentes | 8,01 | 6,89 | 7,27 | 1: case non se programan actividades; 10: prográmanse moitas actividades |
| Programación actividades para os familiares | 6,18 | 3,42 | 5,68 | 1: case non se programan actividades; 10: prográmanse moitas actividades |
| Relacións establecidas entre residentes e profesionais do centro | 8,47 | 7,20 | 8,06 | 1: case non existe relación; 10: existe moi boa relación |
| Relacións establecidas entre residentes cos demais usuarios do centro | 7,88 | 7,11 | 7,54 | 1: case non existe relación; 10: existe moi boa relación |
| Relacións establecidas entre residentes co exterior do centro (contacto con familiares e amigos) | 7,60 | 6,28 | 6,79 | 1: case non existe relación; 10: existe moi boa relación |

Fonte: Elaboración propia a partir do estudo sobre a "avaliación e mellora dos programas de atención á dependencia. Observatorio de vixilancia tecnolóxica, visión sector 2020".

# ANEXO 3. MOSTRA DE RESIDENCIAS SELECCIONADAS

| |
|---|
| **RESIDENCIAS XESTIONADAS POLA XUNTA DE GALICIA** |
| Residencia As Gándaras |
| Residencia da Estrada |
| Residencia de maiores de Oleiros |
| Residencia de maiores Porta do Camiño |
| Residencia de maiores de Volta do Castro |
| Centro residencial de atención a persoas dependentes de Vigo |
| Residencia O Carballiño |
| Residencia A Milagrosa |
| Residencia de Ferrol |
| Residencia Nosa Sra. dos Miragres |
| **RESIDENCIAS PROPIAS EN CONCESIÓN** |
| Residencia de maiores de Laraxe |
| Residencia de maiores de Ribeira |
| Residencia de maiores de Castro Ribeiras de Lea |
| Residencia de maiores Concepción Arenal |
| Residencia de maiores de Viana |
| Residencia de maiores de Quiroga |
| **CONCERTOS CON RESIDENCIAS PRIVADAS** |
| Residencia San José Arzúa |
| Residencia Nuestra Señora de la Esperanza |
| Residencia Os Gozos |
| Residencia de maiores de Nuestra Señora del Rosario |
| Residencia de maiores de Monforte de Lemos |
| Residencia de maiores de Ribadumia |
| Residencia de San Lázaro |
| Residencia de Pontevedra |
| Residencia Sanyres Lugo |

# RESIDENCIA AS GÁNDARAS

**Concello:** Lugo

**Tipoloxía:** Residencia mixta e centro de día (20 prazas)

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 218

**Grao de ocupación**: No ano 2014 non se rexistrou ocupación total debido á realización de obras en dúas plantas do centro (192 prazas ocupadas).

**Servizos complementarios:** podoloxía, perruquería, cafetería

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 12.706 euros

**Gastos de persoal 2014:** 3.660.312,73 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 1.757.816,63 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

# RESIDENCIA DA ESTRADA

**Concello**: A Estrada

**Tipoloxía:** Residencia de maiores autónomos e centro sociocomunitario

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 40 residentes autónomos

**Grao de ocupación**: 100%

**Servizos complementarios:** perruquería e cafetería no centro sociocomunitario

**Residentes en habitacións individuais/dobres**: 12/28

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 4.540,77 euros

**Gastos de persoal 2014:** 781.466,85 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 168.639,24 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

# RESIDENCIA DE MAIORES DE OLEIROS

**Concello**: Oleiros

**Tipoloxía:** Residencia asistida

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 284 prazas para persoas dependentes

**Grao de ocupación**: 100%

**Servizos complementarios:** radioloxía, podoloxía, perruquería, cafetería

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 26/258

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 3.939,31 euros

**Gastos de persoal 2014:** 7.733.071,99 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 878.309,87 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

# RESIDENCIA DE MAIORES PORTA DO CAMIÑO

**Concello**: Santiago de Compostela

**Tipoloxía:** Residencia e centro sociocomunitario

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 84 residentes autónomos

**Grao de ocupación**: Tres habitacións en mal estado non están aptas para ser ocupadas

**Servizos complementarios:** podoloxía, perruquería, hixiene bucodental, cafetería

**Residentes en habitacións individuais/dobres**: 2/82

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** non constan impagos

**Gastos de persoal 2014:** 1.669.792,08 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 392.969,87 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

## RESIDENCIA DE MAIORES DE VOLTA DO CASTRO

**Concello**: Santiago de Compostela

**Tipoloxía:** Residencia asistidos e centro día

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 150 prazas para persoas dependentes

**Grao de ocupación**: 100%

**Servizos complementarios:** podoloxía, perruquería, cafetería

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 54/96

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** non constan impagos

**Gastos de persoal 2014:** 4.428.143,96 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 763.529,34 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

## CENTRO RESIDENCIAL DE ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES DE VIGO

**Concello**: Vigo

**Tipoloxía:** Centro residencial socio-sanitario de atención integral a persoas dependentes

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 454 prazas para persoas dependentes

**Grao de ocupación**: 100%

**Servizos complementarios:** podoloxía, perruquería, cafetería

**Dependentes en habitacións individuais/dobres en Vigo I**: 0/306

**Dependentes en habitacións individuais/dobres en Vigo II:** 72/76

**Impagos dos residentes con prazas públicas 2010-2016**: 19.403,6 euros

**Gastos de persoal 2014:** 11.674.256,77 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 2.873.933,62 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

# RESIDENCIA O CARBALLIÑO

**Concello**: O Carballiño

**Tipoloxía:** Residencia de maiores autónomos

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 24 residentes autónomos

**Grao de ocupación**: 100%

**Servizos complementarios:** perruquería

**Residentes en habitacións individuais/dobres**: 0/24

**Servizos complementarios ofertados:** non constan

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** non constan impagos

**Gastos de persoal 2014:** 614.256,98 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 137.118,34 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

# RESIDENCIA A MILAGROSA

**Concello**: Lugo

**Tipoloxía:** Residencia de maiores autónomos

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 54 residentes autónomos

**Grao de ocupación**: 100%

**Servizos complementarios:** podoloxía, perruquería

**Residentes en habitacións individuais/dobres**: 18/36

**Servizos complementarios ofertados:** Non constan.

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** non constan impagados

**Gastos de persoal 2014:** 952.470,59 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 190.737,16

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

## RESIDENCIA DE FERROL

**Concello**: Ferrol

**Tipoloxía:** Residencia e centro sociocomunitario

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 191 (49 dependentes e 142 non dependentes)

**Grao de ocupación**: No ano 2014 non se rexistrou ocupación total debido á realización de obras no centro (143 prazas ao inicio do ano 2014 e 128 ao final 2014)

**Servizos complementarios:** podoloxía, perruquería, hixiene bucodental, cafetería

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 21/28

**Autónomos en habitacións individuais/dobres**: 60/82

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 5.308 euros

**Gastos de persoal 2014:** 3.352.029,56 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 660.310,69 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

## RESIDENCIA NOSA SRA. DOS MIRAGRES

**Concello**: Barbadás

**Tipoloxía:** Centro residencial mixto/autónomos e dependentes

**Forma de xestión**: PROPIA pola Xunta de Galicia

**Prazas autorizadas**: 129 residentes (112 dependentes e 17 autónomos)

**Grao de ocupación**: 100%

**Servizos complementarios ofertados:** podoloxía, perruquería

**Dependentes en habitacións individuais/dobres/múltiples**: 52/66/12

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** non constan impagados

**Gastos de persoal 2014:** 3.209.377,15 euros

**Gastos de funcionamento 2014:** 416.877,59 euros

**Convenio colectivo:** V Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia

# RESIDENCIA DE MAIORES DE LARAXE

**Concello**: Cabanas

**Tipoloxía:** Centro residencial asistida de persoas maiores e 25 prazas centro de día

**Forma de xestión**: Concesión

**Prazas concertadas de residentes**: 172 prazas, das que 165 son de asistidos e 7 de autónomos

**Empresa/fundación que xestiona**: Geriatros, S.A.U

**Prazas autorizadas**: 172

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 3/169

**Servizos complementarios ofertados**: podoloxía, perruquería

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 10.417,74 euros

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

# RESIDENCIA DE MAIORES DE RIBEIRA

**Concello**: Ribeira

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos

**Forma de xestión**: Concesión

**Prazas concertadas de residentes**: 106 prazas

**Empresa/fundación que xestiona**: GERIATROS

**Prazas autorizadas**: 106 (99 asistidos e 7 válidos)

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 18/88

**Servizos complementarios ofertados:** fisioterapia, perruquería, podoloxía

**Impagados dos residentes 2010-2016:** 6.726,60 euros

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

## RESIDENCIA DE MAIORES DE CASTRO RIBEIRAS DE LEA

**Concello**: Castro de Rei

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos

**Forma de xestión**: Concesión

**Prazas concertadas de residentes**: 172 prazas

**Empresa/fundación que xestiona**: SAR QUAVITAE, S.A.

**Prazas autorizadas**: 172

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**:172/0

**Servizos complementarios** : perruquería, podoloxía, acompañamento a consulta médica

**Impagados dos residentes 2010-2016:** 9.959,63 euros

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

## RESIDENCIA DE MAIORES CONCEPCIÓN ARENAL

**Concello**: A Coruña

**Tipoloxía:** Centro residencial de maiores en situación de dependencia

**Forma de xestión**: Concesión

**Prazas concesión**: 150 prazas de asistidos

**Empresa/Fundación que xestiona**: SAR QUAVITAE, S.A.

**Prazas autorizadas**: 150

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 70/80

**Servizos complementarios ofertados**: podoloxía e perruquería. A empresa oferta un servizo gratuíto ao ano de cada un destes servizos. Tamén se ofrece servizo de cafetería

Non se acredita que se preste de xeito gratuíto un servizo de perruquería e podoloxía ao ano

**Impagados dos residentes 2010-2016**: 2.725,13 euros

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

# RESIDENCIA DE MAIORES DE VIANA

**Concello**: Viana do Bolo

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos

**Forma de xestión:** Concesión

**Prazas concertadas de residentes:** 125

**Empresa/fundación que xestiona:** Fundación Valdegodos

**Prazas autorizadas:** 125

**Dependentes en habitacións individuais/ dobres:** 19/106

**Servizos complementarios ofertados:** perruquería, fisioterapia

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 4.285,24 euros

**Convenio regulador:** Os traballadores da fundación teñen o seu propio convenio aprobado por Resolución do 7 de marzo de 2011 e cunha vixencia inicial ata 31 de decembro de 2014, entendéndose prorrogado automaticamente por períodos anuais ata que non sexa substituído por outro

# RESIDENCIA DE MAIORES DE QUIROGA

**Concello**: Quiroga

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos

**Forma de xestión**: Concesión

**Prazas concertadas de residentes**: 88 prazas asistidos

**Empresa/fundación que xestiona**: Fundación Valdegodos

**Prazas autorizadas/ocupadas**: 88/85

**Dependentes en habitacións individuais/dobres/múltiples**: 75/10/3

**Servizos complementarios ofertados:** fisioterapia, perruquería, podoloxía

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 11.034,52 euros

**Convenio regulador**: Os traballadores da fundación teñen o seu propio convenio aprobado por Resolución do 7 de marzo de 2011 e cunha vixencia inicial ata 31 de decembro de 2014, entendéndose prorrogado automaticamente por períodos anuais ata que non sexa substituído por outro

## RESIDENCIA SAN JOSÉ ARZÚA

**Concello**: Arzúa

**Tipoloxía:** Centro residencial/apartamentos tutelados

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 30 de residentes asistidos

**Empresa/fundación que xestiona**: Fundación San Rosendo

**Prazas autorizadas**: 68 residenciais/34 apartamentos tutelados

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 0/68

**Servizos complementarios ofertados:** fisioterapia

**Impagados dos residentes con prazas públicas 2010-2016:** 6.430,49 euros

**Convenio regulador:** Convenio colectivo de ámbito autonómico da Fundación San Rosendo do 10 de marzo de 2011, renovado para o período 2016 a 2020 por Resolución de data 3 de maio de 2016 e publicado no DOG do 24 de maio do 2016

## RESIDENCIA NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA

**Concello**: Ourense

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos

**Forma de xestión**: concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 62 prazas (58 asistidos e 4 válidos)

**Empresa/fundación que xestiona**: Fundación San Rosendo

**Prazas autorizadas**: 176

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 4/172

**Servizos complementarios ofertados:** Non constan

**Impagados dos residentes 2010-2016:** por importe de 43.261 euros

**Convenio regulador:** Convenio colectivo de ámbito autonómico da Fundación San Rosendo do 10 de marzo de 2011, renovado para o período 2016 a 2020 por Resolución de data 3 de maio de 2016 e publicado no DOG do 24 de maio de 2016

# RESIDENCIA OS GOZOS

**Concello**: Pereiro de Aguiar

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 96 prazas asistidos

**Empresa/fundación que xestiona**: Fundación San Rosendo

**Prazas autorizadas**: 180 (96 dependencia e 84 persoas con autonomía)

**Residentes en habitacións individuais/dobres**: 0/180

**Servizos complementarios ofertados:** non constan

**Impagados dos residentes 2010-2017:** por importe de 51.307 euros

**Convenio regulador:** Convenio colectivo de ámbito autonómico da Fundación San Rosendo do 10 de marzo de 2011, renovado para o período 2016 a 2020 por Resolución de data 3 de maio de 2016 e publicado no DOG do 24 de maio do 2016

# RESIDENCIA DE MAIORES DE NUESTRA SEÑORA DEL ROSARIO

**Concello**: A Cañiza

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 7 asistidos

**Empresa/Fundación que xestiona**: Fundación San Rosendo

**Prazas autorizadas**: 32

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 2/30

**Servizos complementarios ofertados:** non constan

**Impagados dos residentes 2010-2017:** por importe de 13.007,42 euros

**Convenio regulador:** Convenio colectivo de ámbito autonómico da Fundación San Rosendo do 10 de marzo de 2011, renovado para o período 2016 a 2020 por Resolución de data 3 de maio de 2016 e publicado no DOG do 24 de maio do 2016

# RESIDENCIA DE MAIORES DE MONFORTE DE LEMOS

**Concello**: Monforte de Lemos

**Tipoloxía:** Centro residencial asistido de persoas maiores e Centro de día de alzheimer

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 180 prazas

**Empresa/fundación que xestiona**: Geriatros, S.A.U.

**Prazas autorizadas/ocupadas** : 180 prazas dependentes/177 e 10 centro de día de alzheimer/2

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 2/178

**Servizos complementarios ofertados**: podoloxía, perruquería

**Impagados dos residentes 2010-2017:** Un importe total de 15.286,60 euros, dos que unha débeda de 3.960,49 euros corresponde a catro usuarios que xa non se encontran no centro

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

# RESIDENCIA DE MAIORES DE RIBADUMIA

**Concello**: Ribadumia

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos e Centro de día

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 114 de residentes asistidos

**Empresa/fundación que xestiona**: Geriatros, S.A.U.

**Prazas autorizadas**: 152+ 9 enfermería

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 56/96

**Servizos complementarios ofertados:** podoloxía, perruquería

**Impagados dos residentes 2010-2016:** por importe de 40.316 euros

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

# RESIDENCIA DE SAN LÁZARO

**Concello**: Santiago de Compostela

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos e Centro de día

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 91 de residentes asistidos

**Empresa/fundación que xestiona**: SAR Quavitae

**Prazas autorizadas**: 156 residenciais +40 de centro de día

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 48/108

**Servizos complementarios ofertados:** perruquería

**Impagados dos residentes 2010-2016:** non consta

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

# RESIDENCIA DE PONTEVEDRA

**Concello**: Vilaboa

**Tipoloxía:** Centro residencial de asistidos e Centro de día

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 121 de residentes asistidos

**Empresa/fundación que xestiona**: Residencia Nueva Vida S.A.

**Prazas autorizadas**: 193

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 121/72

**Servizos complementarios ofertados:** podoloxía, perruquería

**Impagados dos residentes 2010-2016:** 31.651,24 euros

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

## RESIDENCIA SANYRES

**Concello**: Lugo

**Tipoloxía:** Centro residencial asistido de persoas maiores

**Forma de xestión**: Concerto

**Prazas concertadas de residentes**: 66 prazas de asistidos

**Empresa/fundación que xestiona**: SANYRES SUR, SL

**Prazas autorizadas**: 200, das que 164 son residenciais e 35 apartamentos. En decembro de 2012 cámbiase a tipoloxía de 18 apartamentos tutelados dobres, situados nas plantas terceira e cuarta do edificio residencial, a prazas residenciais, aumentando a capacidade das residenciais en 36 prazas, pasando a unha capacidade total de 200 prazas

**Dependentes en habitacións individuais/dobres**: 56/144

**Servizos complementarios ofertados**: podoloxía, perruquería

**Impagados dos residentes con prazas públicas:** non consta

**Convenio colectivo:** Convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de novembro de 2013)

Fonte: Elaboración propia e datos do RUEPSS

Consello de Contas de Galicia

Domingo Fontán nº 7
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 542 216
FAX: 981 542 210
E-mail: secret@ccontasgalicia.es
www.ccontasgalicia.es

MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,

CERTIFICO:

Que o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que tivo lugar o día 30 de maio de 2018, aprobou o **INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO EN ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES.**

E para que así conste, expido a presente certificación en Santiago de Compostela a 1 de xuño de 2018.

Visto e prace

O conselleiro maior

José Antonio Redondo López

Consello de Contas de Galicia
CONSELLEIRO MAIOR

Consello de Contas de Galicia
SECRETARIA XERAL